

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Presupostos do Estado
Galicia, Outra vez, fóra



Tempo de antroido

Caldas de Reis

¿Roubar a matarrasa?

Pontevedra

Mestres congregados

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021

MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Margarita Ledo Andión, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz, Xosé R. Vilamor.

ASESORES
Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultural).
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral).
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía).
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinso).
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología).
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Margarinos, X. Chao Rego (Igrexa).
Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina).
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca).
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía).
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo).
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo).

AXENCIAS
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid).
Carlos Porto (Lisboa).
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya).
Gregorio Gálvez (Euzkadí).
A. Ramos Espejo (Andalucía).
Equipo Andalan (Aragón).
Vicent Ventura (País Valenciá).
Equipo Cort (Balears).
Ramón Luis Chao (París).
F. Pérez-Barreiro (Londres).
Domingo Fernández (Buenos Aires).
Emilia Vázquez (Santiago de Chile).
Baldomero Cores (Puerto Rico).
Fernando Pereira (Montevideo).

DEPARTAMENTO GRAFICO
Manuel Yáñez (fotografía).
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis (dibuxo).
Mario L. Rico (cartografía).

DIAGRAMACION E CONFECCION
X. M. Gómez Vilasó
SUPERVISION LINGUISTICA
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:
Carlos Vázquez
PUBLICIDADE:
Xosé M. Rodríguez Iglesias.

IMPRIME:
La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial
Concepción Arenal, 9-13
A Coruña (Galicia)
Depósito Legal: C-649-1976

DISTRIBUE:
Sendeiro
Fontiña dos Concheiros, 86-88
Teléfono 597500

SANTIAGO DE COMPOSTELA
REDACCION E ADMINISTRACION:
Rúa do Hórreo, 94, entrecán D.
Apartado de Correos 448
Teléfono 596741 (981)
Santiago de Compostela.

*Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.
Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.*

E vindeo ver... que non está pra morrer

Estamos ás portas do Antroido. De segui-lo significado orixinal, esto quereda dicir que estamos ás portas do comenzo.

Sabido é que Antroido ou Entroido, amén de facer alusión ós tres días de festas do pobo que anteceden ó mércores de cinsa; amén dos murrieiros, botargas, cigarróns, charrúas, peliqueiros e demais mascaritas; amén dos enteros dos monicreques ou espantallos; amén de todo eso quere dicir *introito*, ou sexa: entrada, comenzo... novos tempos.

O porqué, os motivos polos que toda nova xeira leva precedido o seu antroido non o explican ben os antropólogos; pro, velahí o temos.

Hoxe estamos a vivir un antroido permanente, demasiado longo, pesado e, polo demais tráxico. E esto non sería nada se o seu remate coincidira, como de nantes pasaba, con ese mércores de cinsa que enriba temos xa. Non é así desgraciadamente. O antroido ó que nos estamos a referir ha durar máis tempo: ha chegar, como pouco, até que rematen os comicios da primavera reformista.

Pro, estarán vostedes a preguntar: ¿qué entenderán os de TEIMA por Antroido? Pois nin máis nin menos que o que sempre se entendeu por antroido: poñer unha máscara na faciana, troca-lo traxe común ou —e a esto nos referimos— *vira-la chaqueta* pra semellar ser outra clase de persoa.

¿Cántos de vostedes non se sorprenderon máis dunha vez, nestes tempos que corren, ó escoitar ou ler declaracións de coñecidos personaxes da política, por moito tempo «presentes en su afán», que se non souberamos de quen viña poderíamos pensar que fora a democracia o leite que mamaron e a escola que recibiron os seus autores? ¿Cántos de vostedes non se maravillaron ó escoitar a eses «próceres», noutrora de

Editorial

«camisa nueva», sorrir de esguello porque de novo lles vai «sonreír la primavera»?

Pra esta xente tan coñecida sobor da que teremos que ocupámonos no futuro inmediato, pra esta xente, «gallegos» de nacemento e cidadáns de Madrid ou caciques de vila; pra estes lobicáns as «banderas victoriosas» (eurodólares de hoxe) consíguense doadamente cunha operación histórica e desgraciadamente coñecida: VIRANDO A CHAQUETA.

Os tempos que se abren —pra eles de Pascua, pra nós de Coresma— son, e non é paradoxa, tempos de Antroido. Se nos fiamos nas máscaras, teremos de pensar que os que agora falan de que Galicia estivo esquecida e ignorada fixeron acto de contricción. Pro, ¿dende cándo houbo contricción sen penitencia? Non, señores non. Vira-la chaqueta non significa recoñecer os erros con honradez, significa querer vendernos un produto en mas condicións; e eso, por estas terras, chámase estafa.

O pobo deste noso vello país xa ten a esperiencia no lombo dos comportamentos dos virachaquetas. Moitos soubérono no camposanto; moitos á sombra; moitos máis, lonxe da terra; e o resto, no silencio. Mais as catro décadas de ricaz e magoante esperiencia semella que non abundaron, porque o silencio rematou, pro, pra dar paso ó peor dos Antroidos: o do gato por lebre, o da mentira, o engaño e a falsedade. E aga un milagre, este ano non poderemos anunciarlo antroido con aquel canto de *¡E vindeo ver! ¡E vindeo ver! O vello antroido, que está teso e doído ó pé do carballo, sentado nun tallo sen ter que facer. ¡Vindeo ver que xa está pra morrer!*

O NOSO PAÍS

- 4 Sete Días.
- 8 Os Eidos. Política, Igrexa, sexualidade.
- 10 Informe: antroido. Nin amos, nin leis, nin traballo.
- 15 «Galegos no secuestro de Villaescusa», segundo a extrema dereita portuguesa.
- 16 Caldas de Reis: máis problemas cos montes.
- 18 Sobor da cooficialidade.
- 19 Nova sección: «A nosa lingua».
- 20 **pobos ibéricos**
Aragón: o travase do Ebro.
Catalunya: os partidos diante das eleccións



RESTO DO MUNDO

- 23 O.T.A.S.: os intereses do Pentágono en Africa.
- 26 ECONOMIA: presupostos xerais do Estado: Galicia, outra vez, fóra.
E as habituais seccións de Fia-deiro, Vieiros, Cultura e Cartas á Dirección.

Portada de VILASO

Esquerdas galegas:

Detencións a esgalla

Logo dos asasinatos de dous policías armados e dun garda civil en Madrid, os derradeiros días do pasado mes de xaneiro fanse caracterizar por unha verdadeira morea de detencións en todo o Estado español. O venres, 28, escomenzaba a redada, afectando sensíbelmente ós militantes de partidos situados na extrema esquerda e, en especial, nos grupos nacionalistas.

Tratábase, fundamentalmente, de homes da Unión do Pobo Galego (UPG), Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), Organización Revolucionaria de Traballadores (ORT), Liga Comunista Revolucionaria (LCR), Partido do Traballo (PT), Movemento Comunista Galego (MCG), Partido Comunista de Unificación (PCU), Partido Comunista Galego (PCG)... aínda que, segundo as manifestacións feitas á axencia Europa Press por fontes competentes «... a orde concreta cursada polo Ministerio da Gobernación é viviar e deter a tódolos extremistas, calquera que sexa o seu signo, pra contrala-las súas actividades».

Todo isto víña, en suma, acompañado pola automática suspensión dos artigos 15 e 18 do «Fue-ro de los Españoles» e máilas detencións conlevaban un común denominador: os detidos, na súa totalidade practicamente, logo de pasar polas respectivas comisaría-ras eran presentados ó xuez, quen decretaba deseguida a liber-tade. O control ficaba feito.

VENRES, 28:
catro da tarde

Do Partido do Traballo foron detidos, en Lugo, Fernando Fernán-dez Pallín e máis Xoan da Torre (do movemento obreiro lucense, Sindicato Obreiro do Metal). En Ferrol, nas factorías Astano, Miguel López e Ramón Agra. Na Coruña, tamén do PT, dous mo-zos da Xoven Guardia.

Do Partido Comunista Galego, se ben non detidos —como de-ciamos prós demáis— pola sus-pensión dos artigos 15 e 18, o seu encarceramento debíase ó feito de andaren a pegar nas pa-redes das rúas cartéis propagan-dísticos sobor da celebración do Oitavo Cabodano da constitución do PCG. Foron, en Ferrol, os se-guintes: Eduardo Dopico, Xesús

Díaz, Xosé María Cardoso, Xosé Cagiao, Xosé Martínez, Aquilano Carballeira e Manuel González. En Lugo, Manolo Parga e Dolores Monreal.

De sectores dependentes da AN-PG e da UPG (Sindicato Obreiro Galego, Comisións Labregas (Fouce), etcétera), foron deti-dos, en Monforte de Lemos: Ma-nuel María Fernández Teixeira, escritor; Saleta Goy García —muller do anterior— e Antón Arias Curto, que sufriron un espe-cial e minucioso rexistro das súas respectivas casas, de improviso. En Lugo, os detidos foron Pedro Luaces, Xosé M. Díaz García, Car-los Varela, Elena Mosquera, Mi-guel Anxo González, Ventosiños e Lois Diéguez, novelista. Xunto destes, tamén en Lugo, outras tres persoas foron tamén obxeto de detención se ben, por razóns de seguridade, preferiron non da-los seus nomes a esta Revista.

Hastra aquí, o groso das dete-nicións. Era venres, 28, cando comenzaban as catro da tarde na provincia lucense.

«DISCRIMINAR
OS NACIONALISTAS»

O día seguinte, sábado, as pri-meiras postas en liberdade fan ser xa un feito. Nembargantes, al-gúns, non saírían deica o domín-g, logo de estensos interrogato-rios e máis rexistros domiciliarios. Rexistros que, en todo caso, nalgunha ocasión obtiveron resulta-dos máis ben irregulares: tal é o caso do señor Pavón, en Monfor-te, que non chegóu nin a entrar na comisaría da localidade logo de que a policía non lle atopara nada sospeitoso no domicilio.

«Trátase —dixeron a TEIMA al-gúns dos detidos en Lugo— dun-ha manobra clara de discrimina-ción dos movementos nacionalis-tas e, en Galicia, concretamente, na provincia de Lugo. Dende hai tempo insístese enriba de nós pola nosa posición, dende a loita pola amnistía total deica á opo-sición ó establecemento das celu-losas, centráis nucleares...»

Pola súa banda, sectores do nacionalismo galego prósimos á Asamblea Nacion-Popular Galega engaden: «Con esto trátase de illar ós movementos nacionalistas e ós partidos obreiros e populares de cara ás próximas eleccións. Todo elo coa intención de escore-

cer, diante da opinión pública, os sucesos terroristas protagoniza-dos por bandas da extrema derei-ta. Tense, certamente, moito inter-és en relacionar estes acontece-mentos coas presións nacionalis-tas do Estado español. A proba delo é que non hai un soio mili-tante da extrema dereita detido aínda. Hai que deixar ben claro —suliñaron— que nós non temos nada que ver neso e que, pola contra, interésanos propicia-lo proceso democrático e sen invo-lucións políticas de ningún xeito».

Do PCU (a quen poidera pertenece-lo tamén detido Xosé Luís Vergara, do Sindicato Obrei-ro da Construcción de Ferrol) e máis da ORT, LCR e outros, a pe-sares dos intentos de TEIMA por establecer contactos con eles nos últimos momentos denantes do peche desta edición, non se sabe máis que, efectivamente, tamén entre deles houbo dete-nicións. Todo o cal débese, segura-mente, á tensión provocada polo intenso control policiaco que dá lugar á agudización de todo tipo de precaucións.

Do MCG foron detidos Xesús María Fontenla e máis Emilio Ro-dríguez Calvo, ámbolos dous das CC.OO. da Coruña, pertencendo o segundo ó secretariado. Do mes-mo xeito, parece tamén estar de-tido —cando rematamos estas liñas— Xosé María Montserrat Blasco, do Comité Central do MCG: O señor Blasco, a pesares dos intentos da familia pra localizo-lo nas dependencias da DSG en Madrid e nas comisaría-ras de Ou-rense e Vigo, escomenzaba a ser considerado xa como vítima dun secuestro. Fontes oficiáis non de-ron, deica agora, sináis ó respec-to. Sen embargo, TEIMA soubo —de fontes de especial creto— que existen grandes probabilidad-es de que, en realidade, se atope nas dependencias da cárcere co-ruñesa. Outros seis militantes do mesmo partido foron tamén deti-dos e posteriormente postos en li-berdade.

En fin, nas últimas horas eran detidas distintas persoas destaca-das pola súa pertencencia a grupos da ultra-dereita. Na Coruña, pra quedar en liberdade pouco des-póis, pasaba pola Xefatura Super-ior de Policía Vázquez Bestard (alias «Beibo») membro do fascis-ta Frente Revolucionario Nacional Sindicalista (FRENS).

Asamblea
Democrática
de Arousa:

Autoesclusións
e sorpresas

«O PCG non pode senón aclarar que está moi sorprendido diante da nota aparecida na que a Asamblea Democrática Arousán acúsa-o de autoescluírse do proceso consti-tuínte que se está a levar a cabo», dixeron a TEIMA fontes inmediatas ó Partido Comunista de Galicia na-que-la bisbarra.

A ADA, nada en xaneiro do 76, e na que participan grupos de traba-lladores, mariñeiros, estudantes, grupos asamblearios, Comisións Obreiras, Comisións Campesiñas, Partido Socialista Popular Galego, Partido Comunista Galego, Move-mento Comunista Galego, Partido Socialista Galego e Independentes, acordara —nunha recente coordi-nadora e diante da necesidade de encetar un proceso contituínte— proseguir no camiño de consolida-ción dunha asamblea de participa-ción aberta, unitaria e democrática.

As cousas deste xeito, «despóis de encetado o devandito proceso constituínte —pódese ler na no-ta— e xa participando nel a LCR, grupos de profesionáis, de traballa-dores de Portonovo, Cambados e O Grove, o PCG plantexóu que non aceptaría a participación dos gru-pos que denantes non pertencía á ADA, poñendo este punto como condición prá súa permanencia na asamblea». Segundo mesmo comu-nicado, a proposta do PCG «foi re-xeitada pola totalidade da coordi-nadora ampliada excepto ún que non se chegou a definir... O resulta-do deste proceso foi a autoesclu-sión do PCG».

O PCG, no momento de redactar estas liñas, suliñando a súa sorpre-sa dixo a TEIMA que «está a punto de se celebrar unha xuntanza encol do asunto e sairá unha resposta. A reunión estará composta por distin-tos grupos se ben, neste intre, que-dan algunhas posicións pendentes de aclaración».

SETE DIAS

Laxe:

Veciños contra municipais

Fartos, según tódolos indicios, de que os representantes da España oficial non resolveran os seus problemas, os veciños de Laxe puxeron hai menos dun mes os alicerces do que moi ben poidera ser un futuro axuntamento democrático. O pasado 22 de xaneiro, en efecto, foi elegida —segundo informa Waldo Blanco, o noso corresponsal bergantiñán— a Xunta Directiva da asociación de veciños que tenta ocuparse dos problemas da vila. Problemas que foron postos de evidencia nesta primeira xuntanza constitutiva. Pra empezar, dende que dimitiu o anterior alcalde, Xosé Luís Castro —home novo, galeguísta, e membro da directiva recién formada— a Corporación non fixo, ó decir dos veciños, absolutamente ren. O estado da vila, segundo as mesmas fontes, ven ser unha pura anarquía onde ninguén compre as súas funcións públicas, non hai o máis mínimo control dos traballos que se están efectuando na traída de augas, e moita xente está construíndo sen o preceptivo permiso municipal. Por outra banda, as rúas están levantadas pola obra de augas e hai numerosos socavóns que fan perigoso o tránsito de noite dada a ausencia de luz en moitos lugares.

Diante de todo isto, a Xunta Directiva da asociación agora constituída pide a dimisión da actual Corporación Municipal e a elección democrática duns novos concellerios que atendan ós intereses da comunidade.

Aclaracións municipais

Por un deses erros difíceis de explicar e imposíbeis de xustificar, na páxina trece do anterior número de TEIMA, convertiamos ó señor Otero Rey —posíbel candidato electoral da dereita— en alcalde de Pontevedra. Culpa nosa. O alcalde de Pontevedra sigue sendo o señor Queizán Taboada, segundo tódolos indicios.

Disculpas ós dous por unha mededura de pata da que sómo-los primeiros en laiármonos.

P. C. U.:

Por un frente democrático e nacional galego

«Estamos por unha alianza en base a un programa económico, político, e social, que dea solucións concretas e asegure as fórmulas de democracia directa, que loite por unha central sindical única galega, ou sexa un programa de transformacións socioeconómicas; estamos por unha alianza pra antes, durante e despois das eleccións, e que intente facer das eleccións unha ampla campaña de mobilizacións popular, de politización e de

por en pé moitos obxetivos que están sen conquistar. Esta alianza, por definila, por poñerlle un nome, sería: **Frente Democrático e Nacional Galego**». Representantes do Partido Comunista de Unificación resumiron así pra TEIMA a postura desta forza política, no aspecto das alianzas, de cara ás próximas eleccións, postura que non poido aparecer na enquisa que esta revista publicou no número 8.

Polo demáis, o PCU denuncia as negociacións que por parte da oposición se están a levar co Goberno Suárez porque «non están correspondendo ó marco político que o noso pobo necesita». «O problema dunhas eleccións totalmente libres —decían tamén— aínda sigue en pé; aínda as condicións mínimas da democracia política pódense conquistar denantes das eleccións convocadas polo Goberno».

Salcedo:

Autopista a palazos

A parroquia de Salcedo volvéu a sufrir outro castigo na loita que moitos dos seus veciños teñen con «Autopistas do Atlántico», debido ó paso polas súas millores terras da autopista. Sobre este tema, TEIMA publicará dentro deste mesmo mes un amplo reportaxe. Agora, reseñamos unicamente os últimos feitos ocorridos no barrio de Ruibal os días 2 e 3 de febreiro.

Uns setenta afectados polas espropiações concentráronse na mañá do día dous diante das súas leiras pra impedir que tres pas lles arrasaran. Estes propietarios, que non se opoñen ó paso da autopista, esixen polo menos o precio xusto polas moi productivas terras do val. Segundo eles, «Autopistas» non quere falar de xustiprecio; sóio lles preocupa que as máquinas sigan pra adiante. Como os veciños non as deixaron pasar, os responsabeis das «Autopistas» chamaron a Garda Civil, que tratou de que os veciños cedesen. A orde era que as máquinas entrasen nas veigas, e os afectados mantiveron o seu non namentres non lles fora ofrecido por escrito un precio xusto. As forzas do orde presionaron chegando a producirse situacións ó borde da violencia. Contan os veciños que a un rapaz que quixo tirar unhas fotos, tentaron de sacarlle a cámara; a outro quitárono do punto máis conflictivo agarrando

do por un lugar non moi cómodo. Outra muller que fora derribada no tráfico, recibiu unha leve ferida perto dun ollo. Máis tarde, e despois de que os veciños seguiran na súa postura, as paleadoras chegaron a poñerse en movemento coa xente diante. Aurora Lubián amarróuse a unha e sufríu un ataque de nervios; a Berta Badía repañárona, rompéndolle o impermeábel; a María Montes chegaron a levantala en peso coa terra, e tirala máis adiante. Tivo que ser recoñecida polo forense. Este non lle atopou nada, pro o palista foi denunciado no Xuzgado.

Pola noite, retiraron as pas. Pro volveron na mañá do día tres, día de San Brais e festa na zona. Tamén volvéu a Garda Civil, con efectivos que sumaban os trinta números. As posturas dunha e outra banda mantiñanse, e os axentes da autoridade optaron por emplearse con contundencia e deter a tres persoas, co cal o frente veciñal rachou e as pas da autopista poideron traballar desfacendo unhas leiras que inda non son dela. Nembargantes, os veciños detidos non chegaron ó xuez.

Na mañá do día catro, as pas retiráronse da zona. Só quedou unha enterrada na lama, o que interpretan os veciños, respecto dos feitos dos días anteriores, coma unha simple proba de forza

Día 2: contra o terrorismo fascista

«Ante esta situación convocamos a todo o pobo, pró mércoles, día dous de febreiro, a unha acción decidida e responsábel pola eliminación do terrorismo fascista, pola amnistía total e polas liberdades democráticas e nacionais galegas, chamándoo a espresa-la súa condena e protesta en contra de tódolos asesinatos». A situación á que se refería a oposición galega firmante do comunicado é ben coñecida de todos: «atopámonos fronte a unha escalada de terrorismo fascista da que a última mostra deica agora son as recentes mortes de membros das forzas de orde público, e esta escalada constituíu un intento de impedi-la chegada da democracia ós pobos do Estado español. A pesares desta clara evidencia, durante estes días estáse a produci-la detención de militantes de forzas políticas e sindicais da oposición galega (ANPG, CC.OO., MCG,ORT, PCG, PCU, PTE, SOG, UPG...) que suscita confusión entre o pobo, encubriendo o carácter fascista dos atentados».

O propio intre non era precisamente favorábel —entre a confusión e a represión— pra que a loita fora masiva. Tratábase, e así o dixeron a TEIMA distintos representantes de forzas políticas galegas, dunha toma de posición, dunha xeira simbólica no senso de facer lembrar cáis son as condicións pra chegar a unha verdadeira situación democrática... No devandito comunicado houbo unha diferenza de matiz: forzas nacionalistas non suscribiron un párrafo no que se afirmaba o apoio ó Goberno no caso en que este tomara medidas contra a Internacional Fascista.

Octavillas, cartéis, assembleas, paros e minutos de silencio en centros de traballo, nos institutos e na universidade de Santiago, onde o paro foi total pola tarde, na Universidade Laboral da Coruña; colocáronse en varias cidades bandeiras galegas con crespóns negros; os comunicados de asociacións culturais, de veciños, de forzas sindicais, de assembleas de estudantes, etc., seguiron chegando ás mesas dos medios informativos... Un feito a snalar: foi unha xornada decidida polas forzas políticas de Galicia e con ámbito galego. Unha xornada onde, ademáis, a reivindicación das liberdades nacionais estivo en primeiro plano.

SETE DIAS



26 cregos contra un arcebispo

Non houbo aínda resposta oficial —non parece probábel que apareza polo menos por escrito— á carta que vinteeses cregos da Coruña e bisbarra dirixiron ó arcebispo de Santiago, monseñor Suquía Góicochea, e que a prensa recolléu íntegramente. O seu contido xa o conocen os lectores. Vai dende a denuncia da ausencia de «respostas positivas coherentes» hastra a «ausencia total da Xerarquia da Diocese do seo da problemática das clases populares e de sectores máis marxidados», pasando pola reorganización e creación de novas parroquias «sen contar cos implicados», a marxinação ou liquidación de moitas «iniciativas pastorais e evanxelizadoras que adoptaron unha liña de promoción de grupos, movementos e persoas» e a falta da palabra do arcebispo diante de sucesos graves como as folgas da construción e dos pintores, os problemas dos mariscadores, espropiaación dos labregos de As Encrobas, legalización das asociacións de veciños, etc.

Os vinteeses cregos firmantes falan sen voltas, do fracaso da acción arcebispal, rematando un escrito indudábelmente duro que debéu disgustar non pouco ó que eles chaman «burocracia diocesana». A sospeita foi confirmada a TEIMA en medios achegados ó arcebispo, ausente por aqueles días de Santiago. «A verdade é que a carta produciu, dixeron, máis malestar ca outra cousa». E engadiron con certo aire de resignación: «cecáis haxa que aturar moitas terboadas destas nos días que estamos a vivir».

Pola súa parte, o bispo auxiliar da archidiocese compostelán, monseñor Rouco Varela, recentemente consagrado, xustificaba a esta revista a súa imposibilidade de opinar sobor do feito «polas relacións de confianza co arcebispo». Apuntaba tamén o dato, secundario segundo el, de que «levo pouco tempo aquí e non conozo ben as circunstancias nas que a carta se produce. Podó decir, sen embargo que polos datos e pola maneira de presentalos, a carta é moi dura».

Non é nin moito menos o primeiro enfrentamento ou roce do arce-

bispo con sectores do clero da diocese que el dirixe. As diverxencias non deixaron de aparecer coincidindo coa celebración do Concilio Pastoral de Galicia e o sentido do Ano Santo Compostelano, por citar dous exemplos case inmediatos. En todos estes casos, quedaban ben claras as diferencias de enfoque e compromiso na acción evanxelizadora da Igrexa. Non é casualidade, ademáis, que estas duras críticas

viñeran e sigan vindo de cregos que están en contacto cos sectores humildes ou máis necesitados, dos que viven realmente os problemas da base dende a base mesma.

A carta dos vinteeses da Coruña non é tampouco unha excepción. Os mesmos cregos firmantes advirten que son todos «do que podería chamarse o terceiro mundo coruñés». Homes dos barrios de San Amaro, Agra do Orzán, Labañou,

As Flores, Palavea, do Apostolado do Mar, ún adicado ós gitanos, etc.; varios deles ademáis, traballando de obreiros falan xa á marxe do testó dunha liña de actuación que reclame do arcebispo, ó que achacan a súa autocalificación de «home de centro», reflexión.

Os cregos coruñeses veñen a acusar ó arcebispo de «non estar con eles». Xa se verá por onde salta agora o rebote da pedra.

Entre o I Congreso provincial del Profesorado de EGB dos «sindicalistas» e o congreso paralelo da «oposición», os mestres de Pontevedra viviron os derradeiros días de xaneiro ben animados. Guillermo Campos conta cómo foron as cousas.

Pontevedra

Mestres congregados

Cento dazaseis representantes de 1.600 mestres (dun total, na provincia, de 2.800) asistiron en Vigo ó «I Congreso provincial del Profesorado de EGB». Catro eran as ponencias presentadas, sendo tres delas aprobadas e rexeitándose, polos seus moitos erros, a ponencia sobor dos «objetivos del Movimiento de Maestros».

Tras analiza-la situación actual do movemento sindicalista na provincia, os asistentes ó «I Congreso» deixaron claro que o acceso ó corpo do Profesorado de EXB ten que ser sóio pra mestres titulados e denunciaron as discriminacións retributivas dos mestres.

Prós organizadores, a terceira ponencia «Estructura organizativa del Movimiento de Maestros: criterios y bases de participación» considerábase o punto-chave da xuntanza. Movementos de Maestros defínense como organización presindical de carácter assembleario e autorganizada prá defensa dos intereses profesionáis. Dise aberta a canto profesor galego de EXB queira entrar nela, tentará de ser unha organización democrática, unitaria, de base representativa, independente e de clase. Fins seus serán establecer unha táboa reivindicativa e a organización sindical do profesorado até conseguir unha central única galega, federada cos Sindicatos de profesores de EXB do estado.

Como órganos de poder, ó «Congreso Gallego del Movimiento de Maestros» terá a «Asamblea Gallega» de representantes de centros e como órgano de xestión, o Comité Gallego. Estos dous órganos estrutúranse en

tres nivéis, o provincial, o comarcal e o de centro.

Asamblea Popular Galega, Colexio de Arquitectos de Galicia, Federación do Ensino de Pontevedra, «Grupo Nova Escola» e «Comisiones de Enseñantes» de Madrid remitiron comunicados de apoio plantexando a necesidade de que o Congreso servira pra conquistar un sóio sindicato pra tódolos traballadores do ensino de Galicia.

POSICION DA UTEG

A Unión de traballadores do Ensino de Galicia foi rotunda diante deste Congreso: rexeitándose de cabo a rabo por antidemocrático.

Segundo estes mestres, este non é o I Congreso dos ensinantes de Galicia, senón o primeiro congreso dos profesores sindicallistas.

Os puntos polos que rexeitábase esta xuntanza eran: Marxinação dos mestres de centros non estatáis a non marxinação feita cos mestres estatáis, que as comisións de estudio se nomearan a dedo, que o voto fora limitado ós compromisarios. As denuncias máis fortes referíanse a tentativa de facer, cos profesores de EXB, un sindicato de clase, unitario e federal. UTEG di que non existe a clase dos mestres e, moito menos, a clase dos mestres de EXB. Engaden que o sindicato unitario defínese porque os órganos de decisión repártense proporcionalmente, entre as forzas políticas, segundo número de afiliados. Rematan decindo que o resultado da federación dun sindicato de ensino con outros sindicatos de ensi-

no é un sindicato español de ensino.

Respecto destas acusacións, as fontes do Movemento consultadas din que foron tódolos mestres, na assemblea do cine Gónviz quen decidiu a necesidade de facer un Congreso provincial. Din tamén que os membros das comisións saíron dos mestres que asistiron ás sucesivas convocatorias que se facían pra prepara-lo congreso. Afirmán que nas comisións de estudio tódolos asistentes tiñan dereito de voz e voto, e que, nos plenos, os compromisarios que votaban foron elexidos polos seus compañeiros. Os sindicallistas din que, non habendo moita diferenza entre as posicións políticas dos dous grupos, a rivalidade máis parece obedecer a razóns persoáis de busca-lo protagonismo político. Rematan decindo que a UTEG nou consultó a base cando fixo os seus estatutos, feito comprobábel sabendo canta xente asistiu a súa elaboración e cantos son os mestres que pertencen á UTEG.

Nas mesas redondas que, como congreso paralelo, desarrollóu a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia, foron presentadas as ponencias e as conclusións que a organización levaría ó Congreso se fose democrático. Segundo esto, denúnciase a situación da E.X.B. en Galicia que dá unha porcentaxe do 22% de nenos atendidos (Catalunya, 52%; Euzkadi, 42%); deféndese unha central única de traballadores do ensino e pídesse a normalización do idioma galego, sinalando que «a solución a este problema non se dará mentres non haxa un cámbio profundo na estrutura da nosa sociedade».

Santiago

Duradeiro boicot ó comedor universitario

Por 80 pesetas sen bonos e 70 levando unha tarxeta válida pra todo o mes, podía xantarse no comedor universitario de Santiago. Agora sigue podéndose, pro menos, porque dende que empezou o curso os estudantes que alí ían decidiron un boicot e deixaron de ir. No comedor, ubicado xunto ás facultades de ciencias e farmacia servíanse en réxime de autoservicio unhas 400 comidas —ceas, non— diarias, aínda que ten capacidade pra un total de 1.200. Segundo poido comprobar esta revista, os usuarios non tiñan queixas da comida alí servida e tampouco os precios serviron de espoleta. ¿Onde está entón a causa do boicot? Nada menos que nun propósito de autoxestión, no desexo de que unha comisión de estudantes controlara precios e comidas.

Prós usuarios non é admisíbel que a universidade alquile o servizo e se desentenda del, deixándolle man libre a un particular que ten realmente moi poucos gastos xa que non paga por exemplo nin luz nin auga nin renda algunha polas instalacións. Polo demáis só se lles paga o traballo a dúas cocifeiras xa que outros tres rapaces facilitan os seus servizos a cambio da comida. «Non queremos que gañe diñeiro aquí un particular, dixeron a TEIMA dous membros da comisión do comedor, e se os precios foran máis baixos, plantexariámo-las mesmas reivindicacións».

Dende hai catro meses un piquete informativo explica a situación a tódolos que se achegan a esa zona do campus á hora de xantar. Cada vez menos xente. Outros informadores espuxeron xa por dúas veces o problema ó Rector que non fixo caso da reclamación. A política seguida hastra agora foi a de dar largas a un problema que non está, nin con moito, asumido polos estudantes. «A verdade é que os grupos políticos, dixeron os comisionados, desentendéronse do asunto».

Así as cousas, non é difícil predecir que nas próximas semáns non haberá grandes variacións e o comedor, aínda que aberto, seguirá estando de máis. Outras preocupacións distraen a atención dos grupos políticos, de maneira que a comisión empeñada na reforma do comedor traballa case en solitario.

Mentres, tascas e restaurantes novos e vellos reciben cada día e cada noite á clientela estudiantil disposta a pagar precios moito máis altos cós do comedor universitario, pese a todo. Non parece preocupar especialmente a carestía da vida nunha das cidades máis caras de Galicia e o do comedor é un asunto pouco menos que esquecido.

Os da comisión saben que o tempo xoga en contra deles. Por eso plantexaron a necesidade de posturas máis radicais, aínda que non explicaron de qué se trataba. Os piquetes siguen informando e persuadindo.

Escarabote: Trolas americanas

As xentes de Escarabote, pobo antre Boiro e A Puebla do Caramiñal, de pronto, sentíronse proteixidas por algo así coma un novo, cativo e familiar «plan Marshall» de corte americano e acento da localidade. Foran as máis ledas as últimas semáns do 76 e o 77 presentábase, por primeira vez, como un ano verdadeiramente novo: corra o champán na vila co aquilo da noite vella e nacía en xaneiro a posibilidade dun peto de nova planta. No ceo, a esgalla, a musiquiña dos «dólares USA».

Pouco durou a troula: non rematara xaneiro e a historia soaba a trola, a boria «yankee» e a maravilla. Escarabote quedaba na ría e, logo do Atlántico, durmían salarios de sono que non chegarían (de oitenta a cento cinco mil pesetas) e buques que soaban a pantasmada. O «Seven Star» e o «New York King» nunca chegarían prós de Escarabote. Os veciños cantaban «...¿ónde vas moreno?» e dun home, O Candocho, nada de nada dende que fuxira.

Había pouco máis de sesenta días dende que Xosé Fernández Lojo, alias O Candocho, empezara a falar de colocar á xente de Escarabote en barcos americanos. Soldos de película, traballo bo, ó final fixera falla unha oficina: O Candocho establecéuse nunha taberna da vila namentres, alí mesmo, dúas rapazas escomezaron de secretarias. «Diante de tantos cartos —recolleu TEIMA— acabou por se apuntar tododiós. Hastra perto de trescentas persoas que viñeron a polo posto de traballo, mesmo algún do Ferrol».

Tratábase de xente prós barcos devanditos, o «Seven Star» e máilo

«New York King» dos Estados Unidos, prós que se atopaban dous empregos de contra maestre e outros dous de capitán. O resto, personal de mariñeira.

O Candocho veciño de Escarabote que andivera embarcado, traballaba con presa. Sen esixir cartos como fianza nin doutro xeito, planeara o traxecto: De Escarabote a Santiago pra, en Labacolla, colle-lo avión de Madrid. Dalí, Nueva York era a seguinte etapa prá maioría. Outros collerían rumbo a Nueva Zelanda. «Xa en Madrid —decía O Candocho— se lles dará a cada ún unha comida liviá e dez mil pesetas pra cubri-los gastos elementáis agardando polo avión de Nueva York». Outros, pola súa banda, pedirán xa cartos en préstamo pra outras cousas: pasaporte, roupa, matelas...

Chegou, pois, o día D : xoves, vinteseite de xaneiro. Nembargantes, a última hora, O Candocho aprazaba a saída pró venres, vinteito, o mesmo día no que chegaban, en autobuses, perto de cen persoas ó aeroporto santiagués. Alí, Xosé Fernández Lojo rebulía: «O Candocho estaba como vervioso, viña daquí pra alá e chamaba por teléfono. Estaba como nervioso e, nun momento, chegou onda nós —poido saber esta Revista— pra decir algo así como que o engañaran. Pouco despois desapareceu e non voltamos a saber máis del. O Candocho piróuse...»

A mesma policía do aeroporto, intrígada pola presenza da xente en grupos, acercouse ós de Escarabote. Logo, os veciños íanse decatar da verdade: «Eiquí non se espera ningún «charter», ningún vuelo especial. Non hai nada en tal senso», dixéronlles. Escomezaba a canción do Candocho (dime ónde vas moreno, dime ónde vas salado...) e a musiquiña colgáballe alas ós dólares da maravilla namentres en Escarabote os parroquiáns ficaban alumeados: «Do Candocho nunca máis se soubo», era o remate.

Dinamiteiros en Xove

Namentres as gorxas da bisbarra medraban protestando pola prohibición gubernativa da manifestación que, o pasado trinta de xaneiro, estaba convocada pra materializa-las posicións en contra da instalación da Central Nuclear en Regodela —por exemplo as voces da Agrupación Cultural «Sementeira», de Viveiro, onde naceran hai anos as primeiras tomas de contacto crítico cos veciños afectados—, namentres todo elo medra-

ba, pois, van os veciños de Xove e entéranse doutra nova: Perto do lugar exacto da futura instalación nuclear, de acordo coas recentísimas peticións de interesados, vaíse instalando un xigantesco polvorín de dinamita e outros explosivos.

O polvorín, segundo os que solicitan a súa instalación pra «esplota-lo» comercialmente, viría a funcionar coma un almacén de dinamita e outros explosivos industriáis. Tería, en principio, capacidade pra cinco mil kilogramos de material distribuídos en cinco sesións a modo doutros tantos polvoríns. Pola proximidade dos caseríos, todo parece indicar que a zona converteríase, no futuro, nunha terra altamente perigosa de non esistirlas maiores precaucións. Todo elo cando a Nuclear está a punto de lles caer enriba ós afectados da bisbarra e cando, como insisten en «Sementeira», aínda non se solucionou mínimamente o problema dos residuos radiactivos.

Alfonso, deica logo

Váisenos o Alfonso. Despois dun ano de traballo ininterrompido, de milleiros e milleiros de kilómetros recorridos pra poñer a andar esta revista, de meses e meses de traballo cáseque en solitario, o primeiro xerente de TEIMA deixa a empresa. Obrigacións familiares —Alfonso ten a súa casa en Pontevedra— empúrrano a tomar unha decisión que el viña pospoñendo constantemente pra non deixar orfo de infraestructuras a este semanario en intres claves.



Agora, estabilizada xa a marcha de TEIMA, Alfonso cre chegado o momento de decir adéus. Adéus que, pra tódolos que tivemos a sorte de traballar con el durante este tempo, é sinxelamente un deica logo. Porque Alfonso non vai esquecer esta revista en moito tempo, nin os que a facemos cada semá esqueceremo-lo seu laborar arréu.

Deica logo, Alfonso.

SETE DIAS

Política

Cen interrogacións:

¿Un frente electoral do nacionalismo galego?

«A nós gustaríanos que, cara ás eleccións, se chegara a formar un *frente galego de esquerdas nacionalistas* que tivese coma obxectivo unha alternativa galega nesta coxuntura. , foi a resposta que poido recoller TEIMA nun intento de chegar a un relato da actual situación entre as forzas políticas galeguistas. «Mais, hoxe por hoxe, certos indicios permiten pensar que, cecáís, tal *frente galego* non sexa realidade.

A situación no seo das forzas nacionalistas galegas chegara, nos últimos tempos a especiáis intrínsecas de gravidade. Todo indicaba a urxencia de reformulacións no Consello das Forzas Políticas Galegas (CFPG) cando a escisión: dunha banda quedaban o Partido Socialista Galego (PSG), o Movemento Comunista Galego (MCG) e o Partido Carlista Galego (PCaG), coma nova estruturación da devandita organización unitaria. Da outra, fóra e autoescluídos, a Unión do Pobo Galego (UPG) e o Partido Galego Social-Demócrata (PGSD), ámbolos dous xunto da *Asamblea Nacional-Popular Galega* (AN-PG): Máis perto da primeira «sección» quedaba a *Asamblea Popular Galega* (APG). Tal era a situación en Galicia das forzas de *disciplina nacional* logo daquel luns, quince de novembro, en que rachara o CFPG. A unidade, unha vez máis, poñíase en cuestión fortemente.

«No momento da escisión do Consello —dixeron a TEIMA distintos políticos nacionalistas— chegouse, sen dúbida, a unha clarificación pro agora, de novo, diante das novas circunstancias, todo ten que ser xa reformulado». «Neste momento —engadían as mesmas fontes— as forzas sucursalistas están abandonando os principais dereitos e reivindicacións do pobo galego. Por non falar, nas súas negociacións no Estado español, nin se fala nos últimos días do Estatuto de autonomía».

«No proceso da reforma —suliñaban logo— trátase de liquidar, sinxelamente, o problema das nacionalidades. Tal parece que todo o mundo está máis preocupado polas eleccións en sí ca por outras cousas moito máis importantes pró pobo galego: a cuestión, pois, quedaba plantexada. Dela, nacía unha posibilidade ¿trátase, xa urxentemente, de encetar as conversas cara á creación dun frente, dunha *alianza das forzas nacionalistas* diante das eleccións xerais do maio que ven? ¿En quen radicaría o núcleo dese frente?

As respostas eran ben tímidas aínda cando TEIMA preguntou: «Podería caber, perfectamente, un frente electoral galego e das esquerdas no que figuraría, podería figurar coma «pivot» cecáís o PSG. Levaría, tal vez, o apoio asambleario da APG —dixeron fontes deste organismo—, e a súa importancia radicaría na consecución dun número de deputados que, sen dúbida, fortalecerían a idea de pobo galego, a idea de nación cara a un futuro federal».

«En potencia, hai en Galicia un importante electorado socialista e ese electorado podería respaldar unha alianza galega máis ampla. Neste senso —argumentaron representantes do MCG— o PSG é un importante elemento pra unha alianza *potencial*. O Partido Socialista Galego actuaría, cecáís, coma unha importante lima de friccións». «Deste xeito —engadían as mesmas fontes— seríamos partidarios de que, as forzas que no seu día formaron un Consello máis amplo do que hoxe por hoxe é, asumiran esta alternativa de alianza electoral pro non dun xeito pechado... Nembargantes, isto, agora mesmo é difícil de prever: Algúns —suliñaban por se referir á UPG e á AN-PG— tal parece que somentes queren chegar a alianzas estratéxicas e non nun consenso do que falamos».

Todo elo, segundo as mesmas fontes, cun importante suliñado: «O PSG podería chegar a actuar, como partido aglutinante fronte dunhas eleccións que o son todo menos galegas, pro sempre que non asumira posicións de protagonismo co ánimo de «sacar a tallada» en beneficio propio». Neste senso, o mesmo PSG era preciso despóis de sorprenden un pouco: «Non se pode levar adiante ningunha valoración que nos propoña a nós, ó PSG, como eixo dunha alternativa, sen dúbida de ningún tipo. Polo demáis, todo isto é, pra nós, unha incógnita total». Era, en fin, unha incógnita pra todos. Con selo de urxencia.

Igrexa

Os abogados da

(I)

XOSE CHAO REGO

Nos dous últimos números de TEIMA (cando esto escribo, e refírome ó 4 e o 5), impresionóume a entrevista que lle fai Carme Castroviejo, da Asociación Galega da Muller, a Emilia Díaz, de Vilaxoán que, —como dixeran antano os fariseus a Xesús—, foi sorprendida en flagrante adulterio e non somentes se lle aplicóu a lei penal que está vixente (ó parecer por ben pouco tempo, ¡jogallá!), senón que algún espontáneo baixóu ó «ruedo» a zouparlle pola súa conta. Se a lei vai cambear, será gracias a xestións coma esta entrevista e manifestacións públicas, e ós folgos que amosan mulleres coma Emilia pra arrincárlle-la careta a certas situacións dunha sociedade farisaica. ¿Qué xuício nos merece este feito? ¡E quen somos nós pra xulgar dentro unha sociedade que adulteróu todo, dende a mesma mensaxe evanxélica hastra o pan noso de cada día!

A FACENDA DO SEÑOR

As nosas leis sobor do tema son, —xa se dixo dabondo— discriminadoras. E eso en razón dunha cultura determinada na que asentóu, e aínda nacéu, a relixión cristiá. No fondo está o medo que o home lle ten á súa relación coa muller, razón pola que tenciona porlle pechos pra que a súa incontrolábel forza lle poida pertencer ó home. O machismo é un sinal de febleza e non de forza.

Nefeuto, coidaban os orientais que a muller posúa unha forza sagra, máxica: o don mensual do sangue era dato eterno desa forza, porque o sangue era entre eles algo divino, portador da mesma vida. A unha muller en tais condicións non se lle podía achega-lo home, e non por motivos hixiénicos (aqueles beduínos non se facían moitos noxos), senon rituais e máxicos: polo mesmo que non se podía verquer nin bebe-lo sangue, nin siquera manipular, aga do sacerdote, pra que Deus (representado no altar) xantara a vida da vítima. Emporeso, asistía o medo de que esa forza sagra poi-

dera ser «nefasta», segundo aquela mentalidade na que o «fasto» e o «nefasto» eran categorías irracionais, pro vitáis.

Polo demáis, e este é o segundo dato, a muller é a máxima forza dunha sociedade clánica, porque o clan e máis forte canto máis fillos ten. Carecendo de coñecementos xinecolóxicos, da esterilidade era somentes responsable a dona; e o seu marido había non só de despreciala, senón tamén temela, por nefasta.

Por esa idea máxico-tabú, e tamén pola natural produtividade de materia prima (os fillos) pró clan, a muller sigue pertencendo ó clan cando casa; o home é quen ten que «abandona-lo» seu pai e máila súa nai pra xunirse á súa muller e seren así unha soia carne». O clan sempre ten medo que as forzas máxicas da muller se volten contra el se sae e se mestura. Razón pola que existe un «control da natalidade» noutro senso ben distinto do noso: que estea ben asegurada a incontrolábel pureza do sangue. O choio dos cornos non era aínda un asunto medieval de honor de cabaleiro, senón unha cuestión eminentemente práctico-máxica. ¡Qué cámbeco trouxo a farmaco-pea nas «mores» ou costumes e na valoración moral dos usuarios!

Co tempo (precisamente cando se redacta o capítulo 2 do Xénesis), xa a muller pasóu de propiedade do clan a formar parte da facenda do seu home (como se dixeramos, «señora de Rodríguez»). Os mandamentos da Lei de Moisés consideran á muller como a primeira *cousa* do seu marido. O décimo mandamento orixinalmente decía: non desexarás a casa do próximo. A Biblia hoxe dice así: «... os bens» e esplicita: «a muller, o esclavo, a esclava, o boi, o asno e ren que del sexa». O mandamento sétimo decía: Non cometerás adulterio, pro dentro do contesto que xa temos dito: da muller como *obxeto fecundo*. In-

OSEIDOS

adúltera

cluso había unha lei de que, se un home morría sen ter fillos, o seu irmán tiña que fecunda-la súa cuñada («levín») pra que seguira adiante a facenda do señor e a viuda non fora desprezada. Por ese motivo, Onán foi condenado á morte, porque non cumpríu coa lei do levirato, e non certamente porque fixera o coito interrompido.

DESFAZERSE DA MULLER

Mesturouse en Israel co devantado, un feito novo: cando chegou do deserto a Canaán, atopáuse cos ritos e mitos cananeos da fecundidade que ameazaban coa perda da fe no deus do deserto, lahvé. ¿Non sería millor, agora que xa non eran pastores senón labregos, deixa-lo deus-pastor do deserto, especialista en camiñar e guiar cara os pasteiros, e trocalo por eses deuses que vivían en matrimonio (a parella Baal-Astarté) e fecundaban dese xeito a vexetación e máis animais? Había as prostitutas sagras (sacerdotisas ou hieródulas) que cumprían co mester de provocar, mediante a maxia simpática, a fecundidade. Tal prostitución non era un vicio (tamén había a prostitución da rúa), senón un rito máxico: prós israelitas, unha apostasía. O relato do Xénese sobor da orixe da humanidade está feito dende esa concepción: a serpe, símbolo da fecundidade, probablemente fálico (non do demo, como se adoita crer) acada que a primeira parella se afaste de Deus. Dende entón, endexamáis se sabe na Biblia, —cando de fornicación ou adulterio se fala—, se se está a condena-lo delito sexual ou o relixioso de apostasía, ou polo menos case sempre resulta moi difícil distingui-las «gravidades». ¿Non tiña prevaricado o sabio Salomón? Ademais de cortellos pra catro mil cabalos, tiña setecentas mulleres e trescentas concubinas; pro algunhas eran estranxeiras e eso creaba un problema relixioso: como raíñas, tiñan dereito a introduci-lo culto ós seus deuses no templo.

Sesualidade

Contracepción e métodos contraceptivos

DR. CIPRIANO L. JIMENEZ

A disociación ou diferenza entre o «amor-placer» (a sesualidade vivida humanamente) e a «reproducción-biolóxica», tan longamente esperada pola humanidade, é hoxe un feito incontestábel.

Xustamente a «contracepción», o gran desenrolo dos diferentes métodos contraceptivos (os reguladores dos nacementos, ou o evitar ter máis fillos), sobor de todo os chamados mecánicos —dispositivos intrauterinos ou esteriletos— asumidos principalmente pola muller (o condón ou preservativo sería utilizado polo home), e os hormonais —píldora— asumido somentes pola muller, contribuíron extraordinariamente a esta disociación placer-reproducción.

Os homes e mulleres entenden, por primeira vez na historia da humanidade ver disociada e diferenciada a vida sexual da vida reproductiva. O que saliente este concepto paréceme fundamental pra comprensión da contracepción.

¿Pro en qué consiste a contracepción? Consiste na utilización dun conxunto de métodos, que lle permiten á parella evitar ter fillos en tanto non o desexen. Deste xeito, a contracepción é sempre reversíbel, pois do que trata é de previr un embarazo. A diferenza coa «esterilización», de carácter irreversible, e do «aborto» (do que falaremos noutra ocasión) é, pois, evidente.

A aceptación da contracepción, sobor de todo no noso medio, refléxase moitas veces con estas palabras: «... non me fale deso... o meu home díxome que produce cáncer... etc, etc». A aceptación, pois, da contracepción, está fortemente cargada de emocionalidade, e a súa utilización (refírome ós métodos contraceptivos) vai depender:

1) Do nivel cultural das xentes. Por exemplo, a medida que o nivel de formación escolar aumenta, é máis importante o consumo de píldoras, disminuindo a utilización do *coitus interruptus* (tan extraordinariamente empregado no país galego).

2) Da personalidade da muller e máis da significación que a parella lle dea ós diferentes métodos.

3) Da situación socio-económica, principalmente da muller e da parella.

A contracepción é considerada hoxe coma unha necesidade de hixiene mental e sexual, e trata de evitar por outra banda o traumatismo psicolóxico do «aborto». Neste senso, a sociedade ten que saber que a grande maioría de abortos, principalmente na xente nova (pola idea completamente falsa de imaxinar que non corren ningún risco) que teñen que ir facer ós países europeos —Gran Bretaña principalmente— é a consecuencia dunha falla total e absurda de información sexual: humana, fonda e práctica.

MÉTODOS ANTI-«BABY»

O rol do médico, dos mestres da familia, non se situa cara a unha auténtica educación sexual de sentenciar moral ou relixiosamente a contracepción, senón a de informar e informar o máis ampla e intelixiblemente posíbel ós seus enfermos, ós seus alumnos e máis ós seus fillos.

Un fillo non desexado ou inesperado, sabemos que psicolóxicamente e na maioría dos casos, e mal aceptado, mal querido e polo tanto sinalado prós resto da súa vida.

Volvendo ós diferentes métodos contraceptivos, imos tentar de clasificalos pra falar deles en detalle nun próximo artigo.

Cando a contracepción ten que

ser asumida somentes polo home, atopámonos con dúas posibilidades:

1) *Coitus interruptus* ou retirada.

2) Preservativos ou condóns. Contracepción asumida pola parella, home e muller conxuntamente:

1) Método de Ogino.

2) Método de temperatura.

Contracepción asumida somentes pola muller:

1) Diafragma ou preservativo feminino.

2) Píldora.

3) Dispositivo intrauterino ou esterilete.

Outra maneira de clasificalos métodos contraceptivos é a seguinte: a) métodos naturais, que non esixen ningún instrumento especial, serían os xa nomeados Ogino, método da temperatura e *coitus interruptus* ou retirada. B) métodos mecánicos (utilización de obturadores masculinos e femininos). Por exemplo, condóns prós homes, diafragma ou preservativo feminino, dispositivos intrauterinos ou esteriletos e capotes cervicais. C) métodos hormonais: píldora.

Agora ben, pra que un método contraceptivo sexa válido deberá reuni-las seguintes condicións: 1) ten de ser eficaz; 2) o máis inofensivo posíbel, tanto pró home como pró muller, e máis á súa descendencia; 3) que sexa reversible, que tanto o home coma a muller poidan prescindir del, sempre e cando o desexen; e 4) que sexa psicolóxicamente ben aceptado por ámbolos dous, home e muller.

No próximo número de TEIMA falaremos das ventaxas e inconvenientes dos diferentes métodos contraceptivos, da maneira que máis doado resulte, coidamos, comprende-lo problema.

O Antroido é unha festa moi movida, chea de corido tan atraguento a feitizante que ninguén se resiste a participar dela. Nas casas non queda naide, non sendo os que estiveran de loito, que, se cadraba, tamén ían botar unha canibela ó aire. E esto era o que cadraba as máis das veces. Galicia enteira brincaba nestes días, que non había aldea, vila ou cidade que non fixese as súas antroidadas.

Os días de Antroido son de tole-ría, enchentas e troula, canto máis millor. Tódalas usanzas e costumes dormen no forno, con bo lume e ben pechadiñas pra que non tenten saír, e a xente aproveita pra facer trasnadas que noutro tempo non podería. O caso é que nestes días ninguén garda respetos nin distan-cias; non hai vellos nin mozos, ca-sadas ou solteiras, homes nin mu-lleres, que, pró Santo Antroido, to-dos son o mesmo. Non sóio é a mocidade quen vai de troula que, por ahí o din, son mulleres e vellos quen máis proveito saca destas fes-tas.

A única imposición é a de saber rir cando con ún se metan. Encabu-xarse ou revolverse, de palabra ou de man, contra do que os defectos de cada quen vai mostrando é sinal ben grande de ser un mal criado, pouco cristián e pouco home. As antroidadas, anque por dentro que-de ún doente, hai que saber levalas aben, calar moi caladiño e, se é po-síbel, poñer cara de risa.

Todo o Santo Antroido é unha pura carnavalesca teatral. Ninguén queda sen disfrazarse, que trapos vellos e de cores hainos na casa de tododiós, e calquera pau fai unha flauta ou calquera lata un tamboril. As máscaras son mimos e cando os mimos se xuntan representan canta farsalles pasa polos miolos. Cos cornos ben afiados polos padecementos pasados, con ben pouco respeto, danlle cantas turradas po-den a todo aquilo que está por en-riba da colectividade e que sóio aparece pra traer disgustos. A xen-te di de broma o que son pode decir en serio de canto oficio, cargo pú-blico ou procesión lle ven quita-los cartos; de canta guerra e xusticia lle leva os fillos lonxe; de canto go-berno e cura nona deixa vivir tran-quila.

Esta festa de entrada na prima-vera está toda chea de símbolos, de ceremonias rituais: é un rito disfra-zarse; é un rito saír ás prazas e face-las de todos; é un rito comer moito, pro que sexa cocho e, se pode se-la cachuca e máilo rabo, a festa será redonda; tamén é un rito que as larpeiradas non sexan máis que torradas, orellas de frade e fi-lloas, vincha, petotes e bica. O rito básico, o símbolo definitorio, des-

A festa é o dereito ritual primitivo que a xusticia popular impón pra proclama-la urxencia de ser ceibe e feliz, negándose a que, a vida sexa tódolos días a mesma podremia. A festa é un berro bestial de vida e máilo estralo co que as sociedades primitivas saudaban á natureza. Moitísimo tempo despóis, o cristianismo trocaría o carácter primitivo da festa. Así, as fogueiras ou cacharelas de San Xoan non son máis có rito da fecundidade co que as primeiras sociedades recibían o vran. Así, o baile colectivo da aldea, ante a chegada dos fríos e das neves, é hoxe a festa do Nadal. Así, a apoteósica turrada coa que a xente bulrúbase do inverno e entraba na primavera (antroido ven da verba latina «introitus», entrada) terá o seu remate na Coresma. Prós pobos primitivos, o antroido foi sempre unha festa dura e brava: entre se-la primeira saída colectiva tras o inverno e a propia forza simbólica da primavera, aquilo era imparábel. Por enriba, a forte represión coa que a relixión rodeaba o antroido, convencéu á xente de que, xa que os días eran poucos, non merecían ser respetadas nin as normas da boa crianza, nin as mesmas leis ni, ¡sería o colmo!, a relixión.

Santo Antroido

Nin amos, nin leis, nin

ANTÓN L. MARIÑO



(ARQUIVO G.E.G.)
CIGARRÓN DE LAZA (OURENSE)

tas festas é representa-lo Santo Antroido nun ooneco de palla: ben vestidiño, dásele un paseo triunfal polas prazas ou polas corredeiras, hasta que, por fin, recibe xuicio, sa-crificio e sepultura.

A PAUS COS PODEROSOS

Dáse por certo que as autorida-des arrabeian por ter que disimular ante faltrucadas que de boa gana castigarían. Pra estes homes, o peor non é facer como se non viran o que ben á vista está, senón ter que rir cando a xente imita os de-fectos que deles saben polos moitos anos que os levan aturando. E a xente sempre quere facer estas far-sas diante das casas das autorida-des.

Prós curas, estes son tempos doentes. Non sóio ven esnaquizar canta lección de catecismo deron, e que, por enriba, sorte terán se non

atopan tres ou catro mazcaradas relixiosas. Tanto poden ver un «co-lega» cunha barriga tan grande que precisa de criado e máis un carriño pra levala; coma unha muller, disfrazada de frade, que, cada pouco, queda tesa e sen fala hasta que alguén lle da un peso. E pode ser, aínda, que vexan cousas peores: din que, pola banda de Pontevedra, houbo tempos nos que, pra remata-la festa, matábase nunha igrexa un cabuxiño e, alí mesmo, comíano ben mollado de viño, música e bai-le.

A FARSA DOS QUINTOS

Por permitir mallar no lombo de canto oficio de lambón había pola terra adiante, a farsa do «alístamen-to de quintos» fíxose — axiña — moi popular por toda Galicia. Nunha banda, estaban os quintos e máilas súas «nais», homes disfrazados, que

levaban sempre tarteiras ou tixolas, cando non ían fiando na roca ou co sarrillo e marañas pra devanar. Noutra banda estaban alcalde e sarxento, médico e xuez, secretario, escribientes e aguacís.

Sempre pasaba o mesmo: os mozos pequenos, probes e mal ves-tidos, estarrica que te estarricaras, sempre daban a talla; os mozos grandes, ben cebados e millor ves-tidos, eran dados inuties por estreitos de peito ou por non da-la talla, xa que os funcionarios medíanos sentados ou de rodillas. Vendo es-to, as «nais» non paraban de laiar, despotricando porque ós seus fillos, criados con tanto agarimo, levába-nos pra defende-las prebendas dos que gobernan, que, despóis de roubarlles-los fillos, aínda terían a santa cara de vir cobra-los trabucos. Entre choros, berros a ameazas de suicidio, as mulleres mormu-raban do médico e dos funciona-

rios, pois ben se vía que os fillos das que non tiñan cartos ían pra adiante, mentres os fillos dos señores quedaban rindo polo baixiño. As mulleres, na súa doencia, laiábanse de xa non ser tan boas mozas como tiñan sido, que daquela ben se saberían facer entender polo médico ou o mesmo sarxento.

Nesta farsa do alistamento, sempre había un quinto que facía venganza de canto aldraxe fixeran os poderosos: declarábase inútil por ter un brazo do que non podía termar e que non paraba de arrear labazadas ós funcionarios; tamén poidera ser que fora floxo de vexiga e non deixara de mexar a canto home o quixera recoñecer.

traballo

DO TRABALLO E DO SESO

Pouco de popular terían as antroidadas se deixaran de mete-los dentes nunha das institucións máis odiadas pola xente: o traballo. Probo do home que traballara nos tres días gordos do Santo Antroido (certo é que, en algures, daban unha mígalla de licenza pró luns). Este ardoroso traballador tiña que pagar a quen o sorprendera canta comida e canto viño poidera tragar. No caso que o descuberto non quixese virse ás boas, os mozos paseábano por tódolos camiños hasta avergonzalo ben avergonzado, por non acepta-la lei imposta polo pobo prá defensa das súas tradicións.

Sería un erro de moito peso pensar que o Santo Antroido xorde da necesidade popular de despoticar contra dos poderosos. Outra cousa é que, aproveitando o relaxo da festa, o pobo ande a pedradas cos defectos dos amos. A FESTA é un puro alarido vital que xorde do impulso das persoas por liberar e gratifica-las súas necesidades máis

primarias: enchentes e outros escesos, coma se di, falan de caís son estas necesidades.

Algo desto saben pola parte de Pontevedra cando din «tódolos fillos de detrás da silveira veñen nacemento ós nove meses do entroido». Homes hai que se disfrazan de «zapateiros» por, facendo que arranxan os zapatos das mulleres, ver se poden subi-la man polas pernas. Outros homes, non se sabe cómo o fan, sempre veñen caír onde hai corros de mulleres e, apalpa que te apalparás, van deixando as mulleres máis bravas por ver se paran nalgunha máis mansa. No val de Monterréi, Ourense, grupos de solteiras e casadas saen ós camiños e, aínda, ás mesmas prazas, pra facela «proba do home»: como atopen rapás, mozo ou vello non paran de folgar nel todo o que o home dea sí.

ORIXE HISTORICO

Ante a chegada da primavera, gregos, romanos, celtas e xermanos, facían procesións en homenaxe dos seus deuses festivos. Nestas procesións, había mázcaras que facían danzas promiscuas e berraban cancións satíricas e obscenas. Esta festa anterga de saúde á primavera é a orixe do Santo Antroido, mais, tal como hoxe o conocemos, ven empapado de características medievaís, que foi cando o cristianismo rematou de envolver-lo círculo vital e cultural da nosa terra.

As mázcaras teñen unha orixe relixiosa, de culto ós mortos: nos carnavaís primitivos invocábase o nome dos mortos e, pra millor gaña-la súa confianza, recurríase a darlle forma de home ó espírito do morto: a cara cuberta cunha mázcara e un vestido branco (cor da morte). Desaparecido o culto ós mortos das primeiras sociedades, os pobos seguiron empregando mázcaras pola gran cobertura que dan e as súas posibilidades festivas.

Do costume de queima-lo Santo Antroido no último día da festa dise que ten a súa orixe máis achegada nas saturnias dos romanos o (costume que eles trouxeron do Exipto): trinta días antes da festa de Saturno, os soldados escollían o máis fermoso dos seus compañeiros e nomeábano rei con totáis poderes sobor deles. O escollido, chegado o día de Saturno, tiñase que inmolar no altar do dios, que era a quen representaba.

De tódolos xeitos, parece que a orixe máis segura da queima do boneco de palla é un rito de fecundidade, propio das sociedades agrarias: o lume e o fume, nas crencias populares, servían pra libra-los

campos dos maleficios. Así, o boneco do Santo Antroido sería a representación do inverno queimado pra simboliza-los abondosos froitos que a primaveira daría.

HOXE

Nos nosos días, fóra dalgúns sitios de Ourense e Pontevedra por onde ten increíbel forza, o Santo Antroido é pouco máis ca unha festa de sociedades tradicionais, casinos. Pouco máis hai ca unha queimada e disfraces de postín. Fanse tamén un par de fotografías pra gardalas na casa, ou, se hai sorte, publica-las na prensa.

Comer hastra estoupar

O tempo do Santo Antroido é tempo das máis grandes e afamadas farturas, coma nunca se verán no resto do ano. Cómese, sobor de todo, porco, carne que nas sete semás da Coresma, nin diola poderá probar. Xantares e ceas duran hastra máis non querer, que sóio chega cando xa non se pode máis. Na mesma sempre ha de quedar unha tallada de bon parecer que, rasca-rasca, a alguén lle entrara. As veces, parecerá que xa ninguén pode con máis larpeiradas, pro, anaco pra ún-anaco pra outro, todo desaparecerá dos pratos.

E ben certo que a xente preferirá estoupar de tanto roer antes que deixar unha soia miga a perderse.

RITO DO PORCO

Ningunha casa, por pouco que poida, deixará de comer cocho hastra esbourar. Se a economía é cativa e vese que da mata do San Martiño non vai quedar resto tralo Santo Antroido, cébase en poucos meses un achegote.

Come-la cacheira e máilo rabo do porco é o rito básico de calquera mesa. A cacheira ha ter as dúas orellas, polo menos unha non pode fallar, porque é de lei que os homes da casa, entre todos eles, rillen a orella.

Botelo: é o estómago do achegote, enchido da millor carne que haxa na casa, raxo, case sempre, e moitas clases de especias, todas moi ben misturadiñas.

Pedro Pérez: e a parte meirande do intestino cego. Este chourizo máis grande pódese cheo de carne ou feito de carne e cebola (ceboleiro). Nalgúns sitios chámanlle paiota.

Víncha: e a vixiga do cocho que, inflada e posta a madurar á calor da lareira, prepárase con leite, ovos e manteiga. Cócese nunha pota ben ancha, xa que hai que ter moito tino pra que non rache.

LARPEIRADAS

Petotes: son bolos cocidos, de forma de ovo, feitos de fariña de millo e un pouco de centeo, todo ben amasadiño. Cómense sempre acompañados de torresmos.

Bica: Larpeirada que cada casa tiña que ter preparada pra recibir, coma as tradicións mandan, ós cigarróns que entraran na casa. E o pan de mesa sen formentar, feito con fariña de millo e unha miga de centeo, e cocido nunha pedra especial, a pedra do bolo.

Filloas: feitas de sangue, leite e auga con ovo, e unha pasta moi finiña que, logo de frita enrrosábase pra comelas. O filloeiro debe ser engrasado, antes, cun anaco de touciño.

Orellas de frade: Prepara-lo pras orellas que hai que amasar, estirar e bater amoadado hastra que faga unhas vínchas de aire, é un traballo moi delicado. Antes de fretila, conven deixa-lo amoadado descansar un pouco. Fanse con fariña, ovos, anís e leite morno pra que o sal misture ben.

Flores: con fariña, leite, sal e ovos, faise unha pasta moi solta, na que se mollan as formas de lata antes de botalos a fretir. O molde, ás veces, ten, en lugar de flores, as iniciáis do nome e apelidos dos da casa.



ARQUIVO G.E.G.



Sexa pola troula, sexa pola en- chenta, xa nos días antes do Santo Antroido nótase na xente a impacencia pola festa. Os mozos fan escoitar, dende moi lonxe, o seu corno e os rapaces baten nos bidóns valeiros pra anunciar que xa están ben pertiños os millores días do ano.

Dazasete días de trapaliada e farra

canto poido e logo deixou tirado na praza.

XOVES DE COMPADRES E COMADRES

Algúns etnólogos din que as loitas que nestes días levan os homes contra das mulleres semellan un simbolismo da anterga disputa matriarcado-patriarcado. Pra outros investigadores, o fundamental está no feito mesmo de lume que se lles planta ós bonecos, xa que este é un rito de fecundidade.

razos co que os homes tiñan que ir con paraugas, inda que fose ben de sol. A venganza dos mozos era tirar ovos chocos, que deixaban un cheiro doente, contra das rapazas que se termaban moito de saír ó balcón con boa roupa. Pro non todo eran liortas, que galanterías tamén as había: ovos valeiros enchíanse de colonia ou papéis de coloríns; tamén tiraban os homes doces e caramelos. Polos doces que non collían as mozas, os rapaces iban á rapañota, ás veces, os homes tirábanos mal adrede, sobor de todo

Dazasete son os días que dura a troula: escomenza dous domingos antes da semá de Antroido e remata no Mércoles de Cinsa. Os días de máis farra son Domingo Faraleiro (neste ano, seis de febreiro), Xoves de Compadres (dez de febreiro), Domingo Corredoiro, (trece de febreiro), Xoves de Comadres (dazasete de febreiro), Domingo (20), Luns (21) e Martes (22) de Antroido e Mércoles de Cinsa (23 de febreiro). Pola parte de Pontevedra, aínda teñen un día máis de festa: Domingo de Piñata, que é o domingo primeiro da Coresma.

DOMINGO FARALEIRO

Tamén chamado «borrallento» ou das «trapalladas» (Untes-Ourense), venlle o nome dos farelos que se empregan nas bromas deste día. Os mozos levan saquetas cheas de farelos, borralla ou cinsa que, ás presas, lles botan ás mulleres polo pelo e pola roupa, se van ben vestidiñas. E costume que fai moita gracia a de tentar meterllos farelos ou a cinsa, que tamén se pode, na boca das rapazas.

Os estudantes trouxeron a variante do burro. Recortábase a figura dun burro nun pano e manchado de tiza, tirábase ó lombo das persoas pra deixa-la figura dibuxada na roupa. Os rapaces máis valentes atrevíanse a prende-lo burro cun alfinete nos traxes da xente.

Máis adiante, os tempos modernos traerían a moda das serpentina e dos papeliños de cores, moda que nas aldeas acolleron moi ben. Cos papeliños xogaban a tiralos como se fora farelo e tamén tentaban de metérllelos na boca ás mulleres.

Dende este primeiro día de festa a xente xa non parará de emporcallarse úns ós outros, de roubarse potes e arados, de buscar formigas roxas que picaban que facían adoeecer a sandiola, de erguérlle-las saias ás mulleres ou de invitar a comer doces cheos de picante, cando non de escrementos, moi ben disimuladiños.

As bromas xa non hai xeito de paralas e hastra máis dún pode quedar sen dedos ó botarlle man a un peso que un ferreiro quentóu



DIAS DE TROULA NO VAL DE MONTERREI

Sexa cal sexa a orixe, o importante do caso e que as pelexas por arrebatarse os «compadres» e as «comadres» dan pé a loitas nas que os corpos teñen pouco tiño de ver enriba de quen caen ou debaixo de quen paran.

En xeral, parece que primeiro son as mulleres (xoves de compadres) as que fan bonecos de palla, vestidiños de home, que pasean na punta dun pau, sendo os homes quen pelexa con elas pra que non poidan queimalos. No xoves de comadres, as mulleres son as que se tiran enriba dos homes pra evitar que os bonecos, imitando mozas, acaben no lume.

DOMINGO CORREDOIRO

O emprego de farelos, borralla ou papeliños de moitas cores, engádesse, dende hoxe, o costume da auga e dos ovos. As mozas dende os balcóns botaban auga a calde-

cando pasaban señores e señoras de moita importancia, coa intención de que quedasen atrapados entre as disputas dos nenos.

Costume típica do Domingo Corredoiro —chámase así porque neste día coménzase a corre-lo Antroido— e o *xogo das olas*: homes e mulleres en roda tiran duns á outros as olas, e faise gran risa de quen deixa caer no chan o pote de barro de ir pola auga á fonte.

SANTO ANTROIDO

Domingo, luns e martes da semá de Antroido seguía a xente a gastarse bromas e emporcallándose. Era tamén propio destes días sallos mozos polas casas recollendo cartos pra música e comida pra facer unha boa merenda. Pola parte de Monterroso, os homes recollían comida pra dállela ós diminuídos, físicos ou mentáis, e ningunha casa podía dar do que xa levaban..

No Martes de Carnaval ten lugar a queima do Santo Antroido que ven se-lo centro simbólico da festa, sexa por ser lembranza do sacrificio do rei das saturnalias romanas, sexa como rito de fertilidade. O monifate de palla que, dende os primeiros días da festa, colgaba dunha arbre da praza, baixábase e, dacabalo dun burro ou dunha ovela, paseábano con gran rebumbio, facendo a xente música cos apeiros da labranza e da cocíña. Logo do paseo viña o xuicio e, por non quere-lo monifate deixar de beber, troular e comer carne inda que viñera a Coresma, condenábano ó lume: poñíanlle un cigarro na boca cun petardo que, ó estralar, prendía no Santo Antroido. Nos rescoldos do lume a xente preparaba a merenda.

Estando nesta papanza, sempre aparecía o frade do sermón. Montado nun burro, co lombo prá cabeza do animal, dende un balcón ou de pé dun carro, o relixioso botaba un discurso tan doente que non deixaba home ou muller da comunidade sen darlle o seu repaso. Tamén arremetía o frade contra das modas e novos costumes. O sermón remataba coa bendición: cun hisopo feito cunha escoba que metía nun balde, o monxe mollaba a tódolos feligreses.

Este día a festa remataba axiña, xa que, por se-lo derradeiro día da festa, era de obriga ir cedo pra casa e, alí, dar boa nota de canto cocho e larpeirada quedaba.

MERCORES DE CINSA

Cousa importada pola nosa terra foi o «enterro da sardiña», que tiña lugar no primeiro día da Coresma. Este era costume de vilas e cidades, que nas aldeas o señor cura xa non deixaba pasar unha.

A xente acudía o lugar sinalado polo bando envoltos en sabas brancas e levando velas de sebo. A procesión era pola noite e era completa de todo: había estandartes feitos con follas de bacalláu e colgados dunha cana; había cregos cantando responsos; o sancristán levaba hisopo que mollaba en auga de fregar; o cadaleito levávanos os agarrantes; as choroas ían detrás da caixa; os de dó, vestidos de señores, e os acompañantes remataban o cortexo fúnebre. Por fin, o cada-leito era queimado, anque nas vilas mariñeiras era costume tiralo ó mar.

(ARQUIVO G.E.G.)

Ca entrada na festa das máscaras, o corido e espectacularidade do Santo Antroido subía hasta máis non poder. As máscaras, auténtico centro da farra, son as donas de todas as plazas e teñen dereitos que ninguén pode violar: son intocables e hai que levar a ben as súas faltrucadas. Por si fora pouco, os paisanos teñen a obriga de recibilas na casa e obsequialas. As máscaras entran na farra o domingo de Antroido e non pasarán de quenta-lo lume das tolerías hastra o mesmo segundo en que o boneco de Santo Antroido é queimado e supultado.

Máscaras pra vivir sen medo e tolear a gusto

CIGARRONS

E unha das máscaras máis afeadas. Dise que co cigarrón os homes de Laza criticaban os cobradores de trabucos do conde de Montreirei, que moito mallaban na xente que non podía paga-los tributos.

O cigarrón leva gorro napoleónico, por diante adornado con pinturas nas que nunca fallo o sou e a lúa; por detrás, o gorro vai cuberto cunha pelica de carneiro, lembranza das vestimentas de bestas usadas polos homes primitivos nas súas danzas rituais. O rostro vai cuberto por unha careta de madeira, tallada e policromada. Como vestimenta leva camisa branca, cravata encarnada, chaquetilla de toureiro e pano de muller polos hombros; calzón corto de seda, trezado de lá por diante e liso por detrás, medias á federica e zapatos finos. Na cintura leva unha faixa de seda e, por riba, un cinto de coiro do que van penduradas cinco ou seis chocas das vacas, das máis grandes que poida.

O cigarrón non fala, brinca e baila, facendo soar as chocas. Na man leva unha vexiga de porco coa que malla na xente canto lle deixan. E sagrado e ninguén lle pode tocar, pro non está libre de que a xente chamelle mil e quinientas barrabasadas, sempre que non diga o nome do disfrazado, que ter que permanecer secreto. Na casa na que entrasen tenenlle que da-la bica. Cando se xuntan dous cigarrons adicanse a coller homes presos que levanos a cantina onde beben a conta del canto lles peta. O cigarrón é orixinario de Laza (Ourense) de donde pasou a toda Galicia, chamandolle «murrreiro» por Monforte de Lemos, «charrúa» por Allariz, e «choqueiros» por Pontevedra.

XENERAIS

Os «xenerais» eran, das máscaras serias, as máis vistosas e rechamantes, e mandaban en todas as comparsas. Vestían de militares, gorros de plumas, cheos de bandas de seda e cantas medallas atopaban, e iban dacabalo. Levaban exploradores, abandeirados i escudra de gñastadores.

O encontro ca banda doutra parroquia e a disputa verbal na que se metían os xefes era a xustificación de todo este exercito. Un xeneral trataba de meter medo no corpo do rival ameazandolo con colga-lo da torre do castillo, si metía os pes en dominios que non eran os seus. U outro xeneral tecía en entrar pola forza, xa que non podía ser de grado. Así pasaban o tempo: falando un das súas valentías e u outro de que en ningunha guerra das que estiver tiñao visto. Por fin, aquilo remataba e facíase un trato: o exercito invasor podería entrar no territorio con tres condicións: pagar tributo, non forza-las mozas i entregar cen doncellas virxenes. Estas condicións aceptábanse anque sinalábase a dificultade de atopar tantas mulleres nas condicións que se pedían.

PARRANDA

A «parranda» era unha das máscaras serias: nela iban cantos cantasen un chisco ou tocasen calquer instrumento. Cada ano levaban unha canción que viña sempre de fora, traída por algún mozo a volta da mili ou un estudante.

Moi pertiño da «parranda» iban «madamito» e «madamita», mozo e moza, vestidos de señoritos, con traxes de seda negra e moitas cadeas de ouro. Iban do ganchete e bailaban en agarradiño as muiñeiras. Eran sempre a parexa de millo-

res bailadores e teñen o seu orixen en Cotobade.

MASCARAS DOS OFICIOS

Os disfraces máis farrallentos eran os dos «oficios», que non paraban de facer bulra de canta profesión había. Iban vestidos os homes de mulleres e as mulleres de homes, cheos de borralla, e non tiñan unha peza de ropa que non levase un mendo. Os disfraces máis comúns eran o do «boalleiro» ou «cinseiro», feito un total estropicio e cunha saqueta chea de porcalladas. Había tamén «paiasos», «xitanos» con burro e «xitanas» botando a boaventuranza. Estaban os «maragatos», falando exaserasamente castelán e cuíos dentes brancos imitaban os paisanos cun anaco de cebola. «Cegos» había que levaban violín, cartel posto ó revés e criado que sempre andaba matinando de meter o probe vello polos sitios máis piores. Os «zapateiros» levaban un cesto alongado cheo de anacos de corcho e facían o seu traballo erguendo os pes dos homes como se foran a ferrar unha besta. O «perito» tiña un lápiz de varias cuartas co que tomaba notas nun libriño de papel de fumar. O «médico», cunha lavativa moi grande, tomaba o pulso, miraba a lingo, apalpaba por onde o deixasen e daba recetas cun burro pintado.

Comparsa: do mesmo xeito que as máscaras serias tiñan a súa banda de música, ben ordenadiña e peñadiña, tamén as máscaras farrallentas tiñan a súa banda, que era a «comparsa»: persoas vestidas do máis tirado, levaban instrumentos de potas vellas, olas furadas, cornos, sachos. Seu director era o «demo» e canto movemento raro facía tiñao que repeti-la «comparsa».

A máscara da caixa era a que menos gracia lle facía a xente: achegábase ás portas e, sacudindo os carnos que tivese dentro, dalí non se iba hastra que lle botaran algo.

Felo, tamén conocido por «Meco», é propio de Verín e Laza. Hasta o ano 74, en Verín, pechábase un home nunha gaiola, sempre que houbese acordo económico. Todo o pobo tiraballe cinsa, fariña ou talco. Chegouse a cuspirle e tirarlle cousas podres. En xeral, quenes aceptaban pechase na gaiola eran os borrachos ou o tonto.

En Laza, o «felo» vai nun carro do país que, en troques de levar funqueiros, tiña fachós de palla pra alumar. Vai tirado o carro por homes e un deles vai perto do «Meco», facéndolle beber viño branco e chourizos dunha vacenilla que colgaba por enriba da cabeza do «felo».

Pola parte de Allariz, sempre hai alguén que ten o atrevemento de disfrazarse de **demo**, pro esta é unha máscara maldita: eisiste a crencia de que si un home morre levando esta figura vai de cabeza o inferno.

MASCARAS DE ANIMAIS

Na sociedade rural galega, as monerías que se facían a conta dos animais eran moitísimas. Costume moi estendida e a de vesti-los burros de persoas e leva-los a pasear polos barrios veciños. Disfraz moi corrente era o de vestirse de «oso», que podía ir da man dun «xitano» ou parecer soio nas plazas, segundo faise por Centro-Europa. Anterga é a costume de xunguirse dous homes a un carro e poñerse aralo campo da festa.

Destes xogos con animais é o da «Morena», disfraz exclusivo dun barrio da Cima da Vila, en Laza, un dos máis conseguidos. E a cabeza dunha vaca, feita en pau, cuberta ca pelica dun carneiro negro, ollos e lingo de trapo roxo e cornos de vaca. Debaixo dun cobertor vai un home que non se canse de escornar na xente. Esta «morena» é de dereito dos vellos, que soio eles poden toca-la ou mandar nela: era dos vellos e os vellos tiñana que leva-la o cortello.

URCO

De 1876 a 1905, da man de Andrés Muruais, un dos homes máis cachondos que na vida pariu Pontevedra, escomenzaron a facerse carnavales no honor do Urco, monstro marino, que, nunha barca, subía polo Lerez. Levaba consigo os seus amigos: papamosca, bufón e escribano. No barrio da Moureria (putas e mariñeiros) o rei Teucro, fundador de Pontevedra, con todo a pobo detrás, agardaba o Urco. Feito o recibemento o estranxeiro, recorriase Pontevedra con gran farra: catro bandas (leiteiras, estudantes, labregos e mariñeiros) estropetían a ver quen facía máis estropicio. Así chegaban a pata da Ferreiraí donde, trala toma do castiello, iban a un templo onde mataban un cabuxo. Aquí, entre viño e baile, daquelo non había sandiola que poidera terminar.

- As caretas pra facela portada foron aportadas polo médico compostelán doctor L.G.A.
- Na redacción do informe foron importantes os testimonios recollidos en Ourense, Pontevedra e Ferrol, por Xosé Platero, Guillermo Campos e Xosé R. Vilamor.
- Bibliografía:
Historia de Galicia (capítulo do Entroido, por Xaquín Lourenzo)
Aventuras de Alberto Quiñoi, de García Barros. Editorial Pombal.
Etnografía galega, de Taboada Chivite. Galaxia.
Galicia insólita, de Antonio Fraguas. Librigal.
 Enciclopedia Gallega, verba *Antroido*, de A.F.F.

Lugo: o Metal

Unha folga con moito ferro

Tra-la folga do Metal en Lugo —da que TEIMA informou noutro número— empresarios e traballadores deron a o seu particular punto de vista encol de que fora o primeiro conflito colectivo de importancia naquelas terras. Os empresarios, logo dunha xuntanza que mantiveron na mañá do vintédous de xaneiro emitiron un comunicado —en correcto castelán— no que se mesturaban acusacións concretas e consideracións xerais. A resposta dos obreiros —en bó galego— produxose algúns días despois. Dende Lugo, *Xulio Xiz* remítenos ambaladas dúas notas, que reproducimos íntegramente.

EMPRESARIOS: POLITICA, POLITICA...

«Logo dunha reunión na mañá do vintédous, a Asamblea de Empresarios do Metal de Lugo cre conveniente informar á opinión pública sobor dalgúns aspectos da recente folga de traballadores deste sector, xa que este tipo de conflitos estase convertindo nun xarampón laboral contra do que non parece haber vacina; o que non é de estreñar se as folgas, agora tan abundantes, están básicamente motivadas por cuestións políticas antes que laborais, como crémoo ocorreu coa que afectou ós nosos talleres non hai moitos días.

Neste tipo de folgas é inútil discutir, tentar dialogar, porque non só ten a razón quen máis berra senón que os empresarios, tanto ou máis cós propios traballadores, pecamos de inxenuidade.

Aceptamos un diálogo coa creencia de que con el íbanse tratar reivindicacións laborais, pro de seguida se nota que entre a parte social non existe a armonía de intereses necesaria pra todo tipo de reivindicación. Xorde o caos —que é en realidade o que se busca— dentro do que os traballadores honrados están tan despidados coma os empresarios que, á hora da verdade, non sabemos qué se está discutindo. O único que sabemos é que os talleres permanecen pechados co conseguinte perxuício pra nosoutros e o público en xeral, e que axitadores profesionais, autotitulándose representantes dos traballadores, levan a estes a aceptar solucións en moitos casos contrarias ós seus intereses. Naturalmente, como o que menos importa a ese grupo de axitadores é alcanzar algún acordo serio, a dis-

cusión do convenio comenzou xa con problemas de dimisión por parte dos representantes sociáis. E decir, que plantexado o conflito por parte do traballo, o seguinte diálogo convírtese en monólogo. Superado este problema, e rematado o concerto de «solo de empresarios», que non conducía a nada, iniciáronse as deliberacións cós representantes «legáis», tanto sociáis coma económicos, e con elas a folga.

Era de supor que tan axiña coma se chegase a un acordo e se firmase o convenio, cesaría a folga. Inxenuidade empresarial porque aquela non era laboral, senón política; e eisí, cando o sábado de madrugada se chega ó acordo, a folga persiste deica martes, cando a meirande parte dos traballadores se reintegraron ó traballo.

O convenio colectivo significa unha sensíbel millora con relación ó anterior, supoñendo un 39 por cento aproximadamente de aumento prás escalas máis baixas, polo que debe considerarse un dos millores do sector. A Asamblea (de Empresarios) e consciente —xa o era denantes do paro polo que este sempre lle pareceu innecesario— do dereito que asiste ó traballador a defende-los seus propios intereses laborais e mesmo políticos e sociáis, si ben pra estes a vía adecuada non é a empresarial. As reivindicacións han de plantexarse diferenciando perfectamente as que son estritamente laborais e as que afectan á relación traballador-empresario, que poden pactar libremente dentro dos límites dunha lexislación laboral, da que a promulgación non incumbe a ningún dos dous, e aquelas outras ás que o empresario é alleo, pro ás que está sometido tamén polo feito de ser empresario e vivir en sociedade. Compre, ó noso xuício, que a parte social exercite ese dereito pra ben da industria e do comercio. Máis tamén é necesario que se medite como se vai exercitar, por mor de evitar situacións conflictivas sen denantes agota-las posibilidades de diálogo, a fórmula máis racional pra entendérmonos e á que sempre estaremos abertos».

TRABALLADORES: QUEREN DIALOGO

A tantas e tan graves acusacións responderon os traballadores cun breve pro contundente escrito:

«A Asamblea de Empresarios del Metal publica unha nota dirixida á opinión pública, que contén unha serie ininterrumpida de inesactitudes e que o único que pretende é desacreditar ós traballadores e á xusta loita que mantivemos por millora-lo noso convenio. Nesa nota afirma que é inútil intentar dialogar cos traballadores cando nin tan siquiera probaron a facelo, a pesares de que os traballadores agardaron durante dez días a que os empresarios acedera a tratar con nós a través da comisión elixida na Asamblea. ¿Ou crén os empresarios que dialogar cos traballadores é firmaren o convenio correndo e ás nosas espaldas e informarennos da súa firma por medio da policía?

Chaman «axitadores profesionais» os representantes que nós eliximos na asamblea e que en todo momento estiveron ó frente na defensa dos nosos intereses, e acúsanos de levarnos a aceptar solucións contrarias ós nosos intereses, cando a solución nola impuxeron eles firmando o convenio ás nosas costas.

Os empresarios tratan de confundirnos xogando cos términos «folga política» e «folga laboral». Ahí teñen as nosas reivindicacións, todas elas de carácter económico e social, que se paren a velas. E se a nosa loita se politizou ó reivindicar-lo dereito a reunirmonos libremente en Asambleas, foi precisamente a causa da política empresarial de pechárno-los locais de Sindicatos e mandarno-la policía, non permitiéndonos reunirmonos en Asamblea pra decidir libremente por nós mesmos se aceptabamos ou non un acordo tomado sen contar con nós.

Agora queren convencernos de que o que foron manobras pra aborta-la nosa loita e dividirnos, foi *inxenuidade empresarial*. Señores empresarios: seguramente teremos moito que dialogar, pro, entérense de que no diálogo ten que haber dúas partes: a súa e máila nosa».

Tamén os cartos...

375.000 millóns de pesetas emigradas

«A cento cincuenta mil millóns de pesetas ascende o total do aforro galego que a finais de 1976 non estaba adicado ó desenrolo de Galicia, senón doutras zonas», afirmouse nunha das ponencias presentadas no seminario sobor da problemática de Galicia que tivo lugar no Ateneo de Ourense os días 29 e 30 de xaneiro. O devandito seminario serve de preparación ó congreso do Partido Socialista Obrero Español (P.S.O.E.) en Galicia, que terá lugar os días 25, 26 e 27 de febreiro. Nesta ponencia afirmouse que, segundo cálculos técnicos, pódense evaluar nuns 375.000 millóns de pesetas en valor de hoxe o total de aforro que foi sacado de Galicia desde 1955, e que adicados todos estes cartos ó desenrolo do noso país permitirían crear uns 187.000 (cento ochenta e sete mil) postos de traballo, que chegarían pra manter a unhas 750.000 (setecentas cincuenta mil) persoas, reducindo substancialmente a emigración.

Outra das ponencias estudou tamén a pesca de baixura e as explotacións mexiloneiras. A industria do mexilón comprende 3.247 bateas, cunha inversión global de 2.700 millóns de pesetas, adicándose unhas dazaseis mil familias a tempo completo a esta actividade.

Como liñas pra unha renovación da pesca de baixura propúxose o fomento das cooperativas de pesca e fábricas conserveiras, racionalizando a comercialización ó suprimir unha parte dos intermediarios e montando frigoríficos pra almacena-la pesca, amén de economatos de aparellos pesqueiros nas cofradías.

A dereita portuguesa acusa:

«Galegos nos secuestros de Oriol e Villaescusa»

V.F.

Son tres, polo menos, os partidos políticos galegos implicados nas acusacións do semanario portugués «A rúa», que no seu número do derradeiro 27 de xaneiro daba sete nomes de autores ou cómplices dos secuestros do señor Oriol e máilo xeneral Villaescusa. Antre eses sete estaban o de Margarita Ledo e máis Xoan Carlos Fernández, vencellados á UPG, que celebraron unha roda de prensa pra explicaren a súa situación e denunciar as mañas do periódico, voceiro dos intereses da extrema-dereita portuguesa.

Os tres partidos son da esquerda: Unión do Pobo Galego (UPG), Partido Socialista Galego (PSG) e un terceiro cujos componentes queren que se cale cando menos polo de agora. «O feito de que un semanario minoritario da extrema-dereita portuguesa publique a fotografía dun dos nosos militantes non é máis que unha provocación sen fundamento ningún á que non paga a pena responder», dixo a TEIMA un portavoz do mesmo. Pola súa banda, o militante do PSG pediu tamén que caláramos o seu nome. Margarita Ledo e Xoan Carlos Fernández nomearon abogados que nestes intres están a facer xestións con colegas seus de Oporto pra ver de pedir responsabilidades á dirección de «A rúa».

AS «FONTES FIDEDIGNAS»

A pregunta sigue sendo a mesma. ¿Quén proporcionou as foto-

grafías e detalles informativos ó semanario dereitista portugués? As acusacións (con nomes e apelidos) son moi graves. Asegún «A rúa» os señores Oriol e Villaescusa, que foran secuestrados por grupos «separatistas e de extrema-esquerda» españoles (son as súas propias palabras) apoiados mesmo polo Partido Comunista Portugués, estaban agachados na finca de Torre Bela ou na quinta do Carrascal, no Alentejo, zoas ocupadas pola Reforma Agraria portuguesa. A información sae, con fotografías dos supostos autores, na primeira páxina.

A maña, de calquer xeito, é moi clara e doada de entender. O semanario aproveita as súas «fontes fidedignas» pra atacar ó Partido Comunista de Cunhal coma cómplice, á Reforma Agraria que ocupou as terras dos grandes latifundistas (sobre todo no Alentejo) cujos intereses defende o semanario, a toda a esquerda do seu país e mesmo ó goberno de Mario Soares, que define coma «governo minoritario» sin policía de seguridade interior e cheo de debilidades. De resultados

todo ven a «xustificar» posicións dereitistas en España, represión do «terrorismo da extrema-esquerda», as tesis máis conservadoras do noso intre político, etc. Hai intereses comúns a determinados sectores.

A pregunta sigue sendo a mesma. ¿De onde saíron as fotos e os nomes? TEIMA comprobou que os acusados, nalgún intre, viviron en Portugal, algúns deles coma esiliados. O vencello de «A rúa» coa extrema-dereita portuguesa e, polo mesmo, coas forzas anteriores ó 25 de abril, supónlles o acceso a material informativo (anque sexa oficialmente) que nun intre manexou ou empregou a PIDE pró seu traballo policial. Non é casual que as fotografías (polo menos as de Margarita e Xoan Carlos) sexan de pasaportes de hai sete anos e mesmo outras (a do militante do partido que non nomeamos) aínda moito máis vella. A cousa ven moi de atrás.

UNHA MAÑA DO P.C.P.

E posíbel (no intre de escribir

esta crónica) mesmo unha resposta oficial do Partido Comunista de Cunhal que directamente aparece vencellado a feitos tan graves coma a morte dos abogados laborlistas de Madrid, o aseninato dos axentes de orden público e os anteditos secuestros. Asegún «A rúa» todo isto non é máis que unha gran maña na que o PC portugués sigue instrucións de Moscú, que non está de acordo coa liña «eurocomunista» de Carrillo, e pacta con grupos á esquerda do PCE pra atrancaren o desenvolvemento democrático.

Margarita Ledo dende o derradeiro mes de novembro, que volveu a Galicia acolléndose ó indulto, ten tódolos seus papeis en regra e vive na Coruña. Xoan Carlos Fernández, no intre de se producir o secuestro do xeneral Villaescusa, estaba detido en Tui, resultado da serie de detencións á xente de esquerda nas derradeiras semás. O home do PSG presentouse ó día seguinte de ter coñecemento do que publicaba o semanario portugués no cuartelillo da garda civil pra clarear os feitos. UPG, pola súa banda, coma fixeron outros partidos de esquerda, denunciou públicamente ó GRAPO como «terrorismo feixista» co que a organización nacionalista galega non ten absolutamente nada que ver (de todo isto faláron xa os xornais). Siguen adiante os trámites dos abogados. Pro no fondo a táctica parece moi semellante á que provocou a detención de Anxel Guisande en Vigo, logo de saír a súa fotografía (proporcionada pola Dirección Xeral de Seguridade) en tódolos medios informativos españois como responsable dun dos secuestros. Cando estes se producían o señor Guisande estaba traballando en Vigo.

«Pra nós está moi claro —decían os membros da UPG nunha roda de prensa— que os feitos terroristas dos derradeiros tempos son obra de extrema-dereita e sirven, fundamentalmente, ós seus intereses. Agora ben, tódalas detencións do goberno foron dirixidas a grupos de esquerda. Aínda non coñecemos a ninguén da dereita que fora detido». A cuestión de fondo sigue sendo a mesma, ¿quén proporcionou as fotografías e informes ó semanario? ¿cál é esa «fonte fidedigna»? Eso aínda non se sabe. Ou non hai probas.

A 1 de febreiro, en Saiar, perto de Caldas de Reis. Os veciños —son unhas trescentas familias na parroquia— impediron que se levara adiante a tala dun monte, que foi sempre de propiedade comunal, anque, como pasou en toda Galicia, o axuntamento se apropiara del nos anos corenta. Pro hai algo máis: «Mira home, aquí fixeron de nós un pandeiro».

Saiar-Caldas:

¿Roubar a matarrasa?



«FIXERON DE NOS UN PANDEIRO»

«Cortan a matarrasa, sen respetar nin un piñeiro; nin siquiera trouxeron un inxenheiro ou un périto forestal pra ordena-la tala. Menos mal que os paramos a tempo, porque chegaron con varias máquinas e cortaban a todo tren». Non é unha broma: é a riqueza de máis de mil hectáreas de monte pola que están loitando os labregos de Saiar. «Temos un documento do ano mil quinientos oitenta e tantos no que se dí que o monte foi mercado polos veciños. Incluso aparece a cifra: novecentos e pico maravedís».

CANDO ERAN OS DONOS

«O monte estaba dividido en parcelas e cada veciño tiña a súa. Cada vez que chegaba unha nova familia facíase un reparto». Os máis vellos decíannos que antes de que o axuntamento se fixera dono e señor do monte, eran moí abundan-

tes os rebaños de ovellas e as parcelas eran dunha gran axuda pra vivir un pouco millor. «Logo prohibiron tamén o pastoreo e tivemos que desfacer nos do gando».

Repetíuse a historia: o pobo víuse desposeído do pouco que tiña, tivo que andar ás agachadas pró esquilme, sen poder utiliza-la riqueza de arredor, o seu medio, pra solucionar-las moitas necesidades... Agora falan con seguridade: «Estes pinos son nosos e non imos deixar que os leven».

A GRAN TALA

Poñendo como xustificación unha «limpia», nos primeiros meses de 1972 fíxose unha gran tala, tamén a matarrasa. As arbres vendidas polo axuntamento foron valoradas entón en perto de dez millóns de pesetas. Concretamente, na acta notarial feita por iniciativa dos



«NON IMOS DEIXAR MARCHA-LOS PIÑEIROS»

veciños decía: «Con relación a las talas que desde hace unos ocho meses vienen efectuándose en los montes de la parroquia de Sayar, talas y montes que se recogen en las fotografías incorporadas a ese acta, declaramos que a nuestro juicio, previa tasación y valoración que hemos hecho, el valor de los árboles talados asciende a la cifra de unos nueve millones seiscientos cincuenta mil pesetas».

As protestas dos veciños pra impedi-la tala non serviron de nada. Tampouco serviron de nada as preguntas que se fixeron logo: ninguén sabe pra onde van os cartos, ninguén sabe en que se utilizaron. Naquela data era alcalde de Caldas o mesmo que o é hoxe, e a quen se lle ten ouvido: «Saiar non terá nada namentres eu sexa alcalde». Efectivamente, a parroquia non ten nada e o pouco que ten o conqueiron os veciños co seu traballo e aportacións: as pistas están intransitables, hai nenos que teñen que andar moitos kilómetros tódolos días pra poder ir á escola, nin tan siquiera deron permiso pra facer un teleclub prá mocidade... «Cando alguén suxeriu ó alcalde que fixera algo polas parroquias, el dixo que estaban facendo un cementerio en Caldas; pro o noso tivémolo que pagar nós, cos nosos cartos, como tivemos que pagar tódolos outros

servicios: sóio de Extensión Agraria recibimos algunha axuda».

PLEITOS PRO POBO

A petición cursada por vía administrativa pra que devolvan o monte foi denegada, como ven sendo norma en Pontevedra. Os veciños recorreron á vía xudicial e o xuez decretou a intervención dos montes a traveso dun administrador que foi nomeado de mutuo acordo. «Despóis, non comprendemos por qué, quitárono. De tódolos xeitos, confiábamos en que non se atreverían a facer unha nova tala mentres o monte estivese en pleito. Puxemos cartéis nas arbres avisando da situación. Pro debéu ser polo baixo precio —o axuntamento vendéunos na metade do seu valor— polo que algúns compradores se arriscaron. Nós non lle témo-la culpa...»

En Saiar queren o monte pra amañar algún dos moitos problemas que ten a parroquia. Non van deixar que ninguén lles leve o que é de seu... A situación na que se ven envoltos é a mesma que están sufrindo moitos labregos de Galicia. Antes fixemos unha pregunta particular: ¿ónde están os cartos da tala de 1972? Hai outra xeral no aer: ¿por qué non se devolven dunha vez os montes comunais ós labregos galegos?



ROUBAR A MATARRASA



EDITORIAL GALAXIA, SA

- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

A CULTURA GALEGA EN LIBROS

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

CARETAS DE BARRO



VILASO

As caretas de barro do Entroido

L. G. A.

A bisbarra de Outeiro de Rei, perto de Lugo, foi terra de bós oleiros. E si voltamos cincuenta anos, por entón, aqueles oleiros facían caretas de barro pra as comparsas do Entroido.

Agora, por un miragre da supervivencia, un vello oleiro voltou a facer caretas, coa mesma técnica que nos tempos anterros se fabricaban. No derradeiro vrán, nos andeles do taboleiro no obradoiro de Manoel do María había dispostas pra a cocción un par de ducias de caretas, de moitas facianas, algunha coroadada, e tamén co seu propio nome.

Pra acadar a molduración dunha careta, Manoel escomenza por facer unha esmagoadada masa de barro e, antes de que quede enxoiada, o mesmo oleiro leva a masa sobre da sua faciana, en tanto que coas suas máns vaille dando as formas da careta. E inda tén que agardar un anaquiño co barro apegado a faciana, para que endureza a masa.

A muller do oleiro préstase obrigada a facer de molde das caretas para que teñan aire de muller, que no Entroido vanlles ir mellor aos homes. Non é traballo doado convencéla a que se preste.

Na bisbarra de Outeiro de Rei iban as máscaras de barro pra as «comparsas» dos «Fareleiros», que recorren as aldeas nos días do Entroido. Sean homes ou mulleres, ou mesturados, dous ou catro, disfrazanse coa careta de barro, un sombreiro de cartón, e roupa cambeada, para ver si os descubrían. Era costume na Entroidada un troque de sexo na roupa. E cada ún dos Fareleiros levaba unha saqueta de mustil con cinza.

A comparsa da Entroidada percorre os camiños, de casa en casa, ao mando dunha persoa descuberta para que os veciños abriaran as portas sabendo que eran da propia aldea. E á fin de facer máis algueirada levaban cornetas feitas de barro polos mesmos oleiros, cunhas formas que nos derradeiros anos imitaban as trompetas que usan os músicos da tropa.

A comparsa chamaba de porta en porta e era obrigado non pechar a entrada da casa, quizáis nun sentimento comunitario da Entroidada. E aí dos que deixaran de ofrecer o que fose: de manzáns, ou naranxas, ou chourizos, calquera cousa, para facer despois a festa dos mozos en xuntanza. Os cobizosos, os Fareleiros botábanlle por riba cinza, pódese crer que os cubrían de cinza.

Cando non daban, había que roubar o que fose, porque naqueles días roubar non era aldraxe. «Nunha destas, un fareleiro veu chourizos nun pote. Tirou e aquilo non paraba... Quixo romper, pero non rompía... E roubou unha tira enteira de chourizos».

Mais agora a Comparsa dos Fareleiros queda atrás, e as caretas, o traxe, a cinza e as buguinas ou cornetas, fóronse esquecendo e xa non teñen o seu sentido primixenio.

As máscaras, coa sua imaxe despersoalizada, cumpren, naquel Entroido de ogano, un rito antergo, e o seu poder de posesión das casas da aldea dá a devandita o seu sentido comunitario. O fareleiro encaretado tén a oportunidade da sua vida para espallar unha personalidade deica tal intre reprimida. Poderíamos admitir na Entroidada a consideración dun rito de iniciación das individualidades, dende un certo xeito. En tanto que para a colectividade aporta unha intensificación das interrelacións, de sobranceira importancia no comportamento social, que decorre, mesmamente, no remate da invernada.

E neste mesmo senso, de perderse a Entroidada, as nosas comunidades ruráis están prestas a esquecer os seus antigos deuses e as suas antigas crenzas, mesmamente xunguidas á economía agrícola, e que deica agora sobreviviron dende lonxanos tempos da prehistoria.



COMPARSAS DE FARELEIROS

VILASO

Sobor da cooficialidade

RAFAEL CHACON

O número 6 de TEIMA saíu ó público cunha portada onde campaba o título «O galego ¿lingua oficial? e en páxinas interiores falábase de cooficialidade amáis de recoller un pequeno abano de opinións encol da mesma. Pra inetelectuáis de tanta soña coma Carballo Calero ou Piñeiro, pra bispos coma monseñor Araúxo, pra alcaldes coma o de Vigo, a cooficialidade é algo hoxendía imprescindible. En verbas de Piñeiro «é o primeiro paso político». Cicáis. De momento nada que obxetar. Pro ¿qué é a cooficialidade?

Antes de contestar gustárame reproducir-lo párrafo que encabeza o informe que en TEIMA fai A. Vençe: «Se a calquera galego lle contaran hai un ano que a cooficialidade do seu idioma e a do castelán era inminente, habería noventa e nove posibilidades sobor de cen de que respondese cunha gargallada ou cun aceno de escepticismo». Parece que hoxe o escepticismo non é tan grande e que casi ninguén botaría unha gargallada. E posíbel que en Galicia non a boten pro tamén é moi posíbel que en Madrid a estean a botar agora ou que a boten des-

rocambolescas xa que todos sabemos que o galego é aínda hoxe unha lingua a pesares e en contra do tal Estado.

Supoñamos que agora, e aínda sen contestar á pregunta pola cooficialidade, concédennola. Aparecería unha lei, ou decreto ou o que sexa, no millor dos casos similar ó seguinte:

«Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego; pero en las relaciones oficiales de la Región con autoridades de otras regiones y con el Estado, se usará siempre el castellano».

Logo, cicáis virían unha serie de apartados máis ou menos longos que especificarían con quen, en qué situacións, de qué, etc., etc., se debería usa-lo galego ou o caste-

cho a usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de las provincias o regiones. Salvo lo que se disponga en las leyes especiales, a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional».

Que é o artículo 4 da Constitución da República do 9 de decembro de 1931 (Lembremos que o estado propugnado pola segunda República española era un estado «integral» e que na súa constitución nada hai que faga referencia a un posíbel federalismo. De ahí que fale de «regiones e provincias» e non de outra cousa).

Con todo, penso que entre a solución dada polos estatutos de autonomía do 32 en Catalunya e o do 36 en Galicia difiren sustancialmente da solución proposta polo estatuto catalán nonnato do 31 (Estatut de Nuria). A diferenza está na base xurídica de cada ún deles. En xeral e en abstracto pódense distinguir dúas posíbeis bases xurídicas con respecto ó problema da cooficialidade. Son as seguintes:

1.—A solución PERSOAL.

Básase no estricto dereito que cada persoa ten de fala-la lingua que lle pete con independencia do territorio no que estea. Un exemplo claro: Canadá, onde son cooficiáis o inglés e máilo francés en todo o territorio do estado.

Dentro do Estado español isto significaría que mentres un castelán ten dereito e facilidades pra ter escola en castelán en Galicia, dificilmente un galego, anque teña dereito, poderá ter escola en galego, por exemplo en Burgos. A finalidade desta solución e bilingüizar todo o territorio estatal co que se favorecería en última instancia á lingua máis poderosa (a dos máis poderosos) en número e recursos (neste caso o castelán).

2.—Solución TERRITORIAL.

Básase no dereito que toda colectividade ten de fala-la súa lingua dentro do seu propio territorio. Un exemplo, aínda que con reservas (moitas): as solucións dadas nos países do Leste ou en Suiza, onde a territorialidade idiomática é estricta, de tal xeito que en cada cantón é oficial unha lingua só, aínda que haxa falantes de outra lingua allea. Esta solución territorial apunta polo tanto a un Estado de tipo federal. No noso caso, o catalán, o euskera ou o galego serían linguas nacionais e oficiáis dentro dos seus propios territorios, quedando o castelán como posíbel lingua de relación pra comunicación con comunidades máis amplias.

Pregunta: ¿Qué se fai coas xentes que sóo falan castelán en Catalunya ou en Galicia? Antes de responder hai que dicir que estas colectividades son minorías tanto en Galicia coma en Catalunya, minorías que a nivel de todo o Estado son maioría. Polo tanto esas minorías castelán-parlantes dentro doutras nacionalidades acolleráanse ó dereito que toda minoría ten de fala-la súa propia lingua. E nada máis. A finalidade da solución territorial sería a integración das devanditas minorías na maioría nacional.

Ben, unha vez que quedan definidos, aínda que moi superficialmente, os dous posíbeis modelos en que se podería basar unha posíbel cooficialidade ¿dentro de cál deles incluírémolas solucións dadas polo estatuto do 36? Obviamente en ningún. O estatuto de autonomía do 36 aporta unha solución mista.

En verbas de Ninyoles: «A solución lingüística mista... implica a posibilidade de exercer-lo dereito a determinados servísios públicos na propia lingua dentro dunhas áreas definidas culturalmente como heteroxéneas». E dicir: serían cooficiáis o galego e o castelán dentro de Galicia pro non o serían en Castela, que permanecería monolingüe ó mesmo có Estado.

Esto impediría, polo tanto, a integración cultural de Galicia xa que a devandita solución mista tende a non cambiar nada e a mante-lo «statu quo» lingüístico precedente. Como solución, é unha variante da solución personal, basada no mesmo dereito persoal pro agora non se trata de bilingüizar todo o territorio do Estado senón de bilingüizar (aínda máis) os territorios das nacións sometidas a un estado multinacional.

Pra rematar, eu preguntaría: ¿Oficialidade? ¿Cooficialidade? Supoño, e respondendo «políticamente», que habería que considera-la oficialidade coma unha meta e que cicáis nestes momentos presentes a cooficialidade podería se-lo vieiro cara a ela. Polo tanto, cooficialidade, de momento SI; pro ¿cál delas? ¿a solución persoal? ¿a solución territorial? ¿a solución mista? Por outra banda, o que nunca debe de ser a cooficialidade é unha tapadeira pra tranquiliza-las malas conciencia con respecto ó galego. O demais, o non ser concretos, é pura demagogia lingüo-políticoelectoralista. Senón que llo pregunten ó Partido Galego Independiente (?).



OFICIALIDADE NOS VALADOS

póis de «concedérennos» a tan carexada cooficialidade. Tentáremos de explicarnos.

Previo a defini-lo qué é a cooficialidade e distinguir entre o qué é lingua oficial e o qué é lingua nacional. A xente parece confundilas, como tamén e obrigadamente, confunde estado con nación. Dun xeito peregrino e gracias ó último decreto encol das linguas vernáculos (¿o castelán non é vernáculo?) o galego pasa a ser considerado como lingua nacional. Pro nacional do Estado español e non nacional de Galicia, xa que se fora nacional de Galicia indudábelmente sería tamén oficial. Pola súa banda, o castelán é lingua nacional e ademáis oficial en todo o territorio estatal. O galego é pois unha lingua nacional do Estado que non é oficial xustamente na súa propia nación (obviamente, Galicia). As ficcións xurídicas do Estado español son amáis de curiosas,

lán. Esto era o que decía o estatuto do 36 en Galicia e máilo estatuto do 32 en Catalunya. Tamén o di o señor Santiago Alvarez nun libríño recente escrito nun novo dialecto romance parecido ó galego, cousa non moi infrecuente no noso país. Nembargantes o texto da lei podería ser tamén doutro xeito. Por exemplo:

«La lengua catalana sera l'oficial a Catalunya, pero en les relacions amb el Govern de la Republica sera oficial la llengua castellana». Que é o texto do artículo 5 do estatut de Catalunya do 31 (o que non saíu).

De tódalos xeitos, estas posicións estatutarias e autonómicas da 2.^a República viñan «respaldadas» por outros artigos a nivel de estado tal coma:

«El castellano es el idioma oficial de la República. Todo español tiene la obligación de saberlo y el dere-

Baixo o título de «A nosa lingua», Charo Alvarez e Francisco F. Rei, supervisores lingüísticos deste semanario, inician hoxe unha sección adicada á problemática que plantexa o uso diario do galego. Calquera suxerencia por parte dos nosos lectores —calquera consulta— será acollida co meirante interés.

A nosa lingua

Do «bo» e do «mal» galego

Os galegos temos de intentar falar e escribir nunha lingua cada vez millor, cada vez máis enxebre; pro sen confundírmola enxebreza cos *ambentes, zoas, somas, estroituras* e tantas outras palabras que non son galego nin portugués nin castelán, senón invencións sobre verbas, cultas a mor parte delas, ás que se lles aplica unhas leis fonéticas que hai séculos deixaron de ter rendemento.

Temos de desterrar da fala e máis da escrita construcións do tipo *¿me das fogo?, dixo que viñeraste, habíamo dito, ¿quénas viñeron?, comíame un biscoito* e tantas outras que decote poden lerse nunha nota enviada a un periódico, nun panfleto, mesmo en libros publicados, e sobre todo, nunha grande parte de novos falantes galegos que deica hai pouco tiñan o castelán coma lingua de emprego cotián.

Moitos dos que da noite prá mañá empezaron a falar en galego, pola causa que sexa, deben de pensar que, polo feito de seren galegos e/ou viviren en Galicia, non lles fair falla aprendelo, que o galego xa sae de seu. De ahí que aparezan frases coma as devanditas, que non son galego nin castelán.

¿ULO O BO GALEGO?

Se algún deses quixera face-lo esforzo de enterarse do que é e máis do que non é galego, aconselliámoslle que acudira ós nos nosos escritores, ós de onte e máis ós de hoxe, sen esquencer nunca que temos unha grande literatura de nantes do noso Rexurdimento; e sobre todo, que escoite falar á xente que mantivo viva a lingua durante tantos séculos. Haberá quen diga que a lingua dos nosos escritores non é sempre tan boa coma sería de desexar; que os falantes de

toda a vida están moi castelanizados, e, polo tanto, que deles non se pode aprender bo galego, como non sexa indo ós lugares das montañas de tal ou cal sitio, o máis lonxe posíbel de ún.

Coidamos que a forza de ler bo e mal galego ún aprende a xebrar ben o po da palla; que tan bo galego fala un home da Ría de Arousa coma ún dos Oscos asturiáns, da Terra Chaluense ou do Val de Verín, sen que

ún sexa máis enxebre có outro. Hai que intentar acabar coa idea que o «bo jallejo» ou «galego verdade» é o que se fala aló na parte de Galicia posta a onde ún vive; todo esto non nos parece máis ca un intento de acudir de riba unha lousa que hai a quen lle pesa demáis. Por outra banda, se algo cremos evidente, é o feito de que a castellanización lingüística dos auténticos falantes galegos é puramente léxica, xa que a estrutura fonolóxica, morfosintáctica e semántica, no esencial, aínda se mantén inalterada; pro a alteración desta estrutura a máilo consiguiente derrube da lingua será o que traerán estes novos falantes sen o menor interés por adeprenderen o galego.

FALEMOS BO GALEGO

Que non se nos interprete mal. Non queremos facer recuar a quen máis cedo ou máis tarde acode á chamada dunha xente, dunha terra, dun país; dámoslle a máis leda benvida á galeguidade. FALANDO, ANQUE SEXA MAL, TAMEN SE APRENDE, E MOITO. Coidamos que tódolos esforzos de quen está a aprende-la nosa lingua deben de te-lo apoio e máila loubanza de todos. Somentes queremos pedir ós galegos que non se deixen engulir polos perigos que atacan á lingua que outros defenderon ó longo de tantos séculos. NON ABONDA FALAR GALEGO: COMPRE FALAR E MAIS ESCRIBIR BO GALEGO, UN GALEGO CADA VEZ MILLOR.

Pra axudar a conseguir esto, TEI-MA deixará aberta dende agora «A NOSA LINGUA». Non pretendemos dar unha gramática nin un método de aprendizaxe, que calquera pode atopar nunha librería, nin sentar cátedra dende eiquí. Somentes tentaremos de dar uns consellos prácticos que aclaren problemas lingüísticos de todo tipo, pra evita-la repetición constante dos mesmos erros. Mais antes desto trataremos algúns temas xerais como poidan ser «a geada», «a diglosia», «a relación de galego co portugués», etc. E por suposto, aceptamos dende agora mesmo tódalas propostas que se nos queiran facer, tanto suxerindo problemas coma solucións ou críticas, esperando que sexamos tódolos lectores de TEI-MA quen faga «A NOSA LINGUA».

CHARO ALVAREZ
e F. FERNANDEZ REI



Et de que quero seer trovador,
se eu por ren poso haber seu amor
dou a o demo os outros amores.
Rosa das rosas et Fror das frores.

Das Cantigas de Alfonso X.

o galego: lingua de reises e poetas

O proxecto do trasvase das augas do río Ebro con destino a Catalunya puxo unha vez máis en evidencia o modelo de crecemento vixente nos últimos anos no Estado español. O tema preocupa lóxicamente ós aragoneses, segundo pode comprobarse nesta crónica remitida por XESUS BLANCO LIDON dende Zaragoza

Aragón

O Ebro, un río que queren levarse os cataláns

**pobos
ibéricos**

Empezado a partires do Plan de Estabilización, o proceso de desenrolo español supuxo, entre outras cousas, un fenómeno de polarización especia ó redor dos grandes centros urbáns e conxuntamente unha grande descapitalización e despoboación de moitas zonas, caso da Catalunya interior e case todo Aragón, deixando aparte Zaragoza. Eran ideas apuntadas conxuntamente pola revista catalá «C.A.U.» e mailo quincenario aragonés «Andalán» a propósito dun traballo sobor do trasvase do Ebro, tema outra vez de actualidade polas declaracións do presidente da Diputación de Barcelona, Samaranch e a posibilidade de que o réxime actual distinga a Catalunya cun Estatuto de Autonomía e uns beneficios que porán á burguesía

non contundente pro sí axeitada resposta, polo menos tendo en conta a situación política que agora vive o pobo aragonés, fundamentalmente nos sectores da oposición democrática que non parecen dispostos a admitir demagoxias coma a deste representante do gran capital.

Polo que fai referencia ó proxecto, o Ministerio de Obras Públicas non mostró aínda interés en cuestións que deben considerarse previas, caso da investigación sobor do aproveitamento das augas do mar e das posibilidades do subsuelo da zona indicada. Cunha obra coma a do trasvase plantéxase de maneira definitiva un desequilibrio rexional que sóio beneficiará ó capitalismo, perxudicando os intereses dos pobos catalán e aragonés que, por diferentes causas, verán dete-

se este proxecto de trasvase levárase a cabo.

Por outra parte un proxecto destas dimensións debe avaliar tamén unha serie de cuestións, agora esquecidas ou desestimadas: tódalas que se refiren ós costes sociais do proxecto. Pra Aragón é inadmisibel que se intente levar a cabo unha obra destas dimensións sen que se levaran a cabo hastra agora as obras de regadío programadas hai moitos anos e outras de grande importancia coma a do canal da marxe dereita do río Ebro.

ORDE DE PRIORIDADES

Todo parece indicar que na solución de asuntos coma este non deberán admitirse nin señores coma o

presidente da Diputación barcelonesa nin situacións coma as que recentemente se deron (visita dun Presidente de Gobernon posición de privilexio de certa burguesía catalá, intervención de organismos centralistas coma as diputacións provinciais, etc.). Haberá que atopar as solucións máis favorabéis nunha situación de democracia real, que hoxe non parece entenderse á marxe dos organismos que as nacións e rexións do Estado reclaman con insistencia.

Sóio entón poderá cuestionarse un tema coma o do trasvase das augas do río Ebro, someténdoo ademáis a un orde de prioridades cos problemas que Aragón poida ter plantexados.



PREOCUPACIONES NO MEDIO RURAL
Os regadíos aínda non chegaron

catalá en condicións óptimas pra calquera negociación.

A AUGA COMO PROBLEMA

O señor Samaranch recordaba recentemente que tanto á capital coma a importantes poboacións de Catalunya esperáballes un futuro máis ca incerto a medio prazo por mor do abastecemento de auga. Recoñecía que o momento non era favorábel pra unha serie de proxectos, pro que sen embargo había outros que non admitían demora, entre eles o trasvase das augas do Ebro. E recordaba que se por algunha circunstancia non se levaba a cabo, eso suporía un grave quebranto non somentes pra economía catalá, senón pra de todo o Estado. Estas afirmacións tiveron unha

rioradas as súas propias formas de vida.

O POBO PERDE

En Aragón boa parte da xente que emigra, faino dende zonas que agora mesmo deberían ter unha auténtica infraestrutura de regadío. Súmese a eso a falta de servizo a tódolos nivéis, xunto cunha serie de penalidades doutro tipo. Todo forzou en definitiva a concentración en Zaragoza da metade da poboación rexional con tendencia, probablemente a unha agudización.

Mentres, en Barcelona sufríuse un desequilibrado incremento de poboación que provocou serios desaxustes de infraestrutura e unha forte especulación do chan urbano problemas que se verían agravados

Desestabilizar

ARTURO RUIBAL

Seis sílabas namáis. E abonda. Ten unha orixe bíblica na famosa cobra que alterou a que era idílica situación. Sóio no século XX adquire carácter científico, de computadora, podendo calcular previamente o desenrolo do proceso nos seus menores detalles. Hai un exemplo tópico: O Chile de Allende que a omnipresente CIA fixo voltar ó bon camiño. Fai falla un Pinochet que sirva de mascarón de proa, pro endexamáis escaseou esta especie no planeta.

A desestabilización pódese producir pouco a pouco pra ir preparando o camiño; é o caso de Italia, onde o progresivo avance do Partido Comunista fixo funcionar os sináis de alerta. O día que Berlinguer e máilos seus ganen as eleccións, os acontecementos precipitaráanse: fuxida sincronizada de divisas, co seu rastro de descapitalización e paro, atentados, folgas... E a man salvadora virá novamente a impoñe-lo orde.

Pro hai un caso máis efectivo: desestabilizar sobor da marcha, empuxar ó que tente poñerse en pé. Pode ser hoxe un crime, mañá un secuestro, calquera acción que poña o ambiente tenso e provoque reaccións contrarias, que serán aproveitadas pra asentar un novo golpe. E a técnica do bouseador que golpea á contra e

espera a entrada do rival pra machacalo máis. Non se plantexa o problema polo lado da ética ou da razón, senón polos resultados. E neste terreo funcionan por igual os GRAPO ca un Jorge Cesarski, coñecido fascista arxentino con longo historial. Matar a Arturo Ruiz con dous tiros nunha rúa provocaría máis disturbios e posiblemente novas mortes. De todo eso houbo. Secuestrar a Oriol, por moi esquerdistas que sexan as razóns espostas nas mensaxes, sóio pode provocar represión. E se non se provoca, golpearáse no corazón mesmo do perigo, secuestrando a un tenente xeral. ¿Consecuencias? Malestar, no Exército e... De tódolos xeitos, a democracia formal que aquí se pretende, queda ferida, gravemente tocada. Mortes e secuestros, secuestros e mortes, mal camiño que sóio pode levarnos a unha Dictadura. ¿Convén esto ós GRAPO? Porque ós fascistas, sí. Claro que existe tamén a solución revolucionaria, tan cantada, pro moito temo que —se en verdade esperan lograla cos seus métodos— os GRAPO mediron mal as forzas.

E moi difícil frena-la violencia destes días, mentres o fascismo siga armado. O tempo dirá, se é que aínda dispomos del.

Mentres o horizonte do Estado se tingue de cores desagradabeis, tamén é certo que os traballos de cara ás eleccións non para. Contactos, corrementos de forzas, pactos, todo eso forma parte da mecánica electoralista. E unha actividade forte neste senso estase a dar en Catalunya, con moitas contradicións, ás veces tan difícilmente evitabeis coma explicabeis. O noso corresponsal en Barcelona, XABIER COSTA CLAVELL, informa.

Catalunya

Panorama preocupante cara ás eleccións

Dúas das previsións que TEIMA facía nunha crónica de Catalunya publicada no número seis, fixéronse xa realidade. Unha delas referíase ás diferencias existentes no seo do PSC (C), a causa do soterrado enfrontamento entre as correntes especificamente catalás e máis chamadas españolistas. Este enfrontamento produciu hai pouco tempo a dimisión de Joan Ramón Colominas Companys, antigo dirixente do Front Nacional de Catalunya, e de Jordi Gil, membro do Consell. Estas dimisións levaron con elas a varios militantes que abandonaron o PSC (C) e que tentan formar unha nova forza de «esquerra nacional», proclive a se integrar con outros bloques catalanistas, entre os que se nomean o PSAN, o PSAN provisional e máis o FNC. Este novo grupo político parece ser que proxecta formar unha plataforma especificamente catalanista cara ás eleccións.

UN PACTO MAIS

A outra previsión era a da posibilidade dun pacto entre Jordi Pujol —Convergencia Democrática de Catalunya— e máis Trias Fargas —Esquerra Democrática de Catalunya— tamén con vistas ás eleccións que se avexían. Pois ben, o pacto xa se consumiu. Os dous partidos van elaborar un mesmo programa e unha mesma lista de candidatos. Comentando o feito, Trias Fargas declarou que «ou se demostra que Catalunya é nacionalista e aquí e agora, ou perdemos cincuenta anos da nosa historia». Pola súa banda, Jordi Pujol afir-

mou: «o noso partido non se declara social demócrata nin está en ningunha internacional, anque coidamos que o tipo de sociedade que convén a Catalunya debería ser semellante ó que predomina nas democracias europeas avanzadas». O pacto ven ratificar, dentro do espectro político catalán, unha alternativa de centro-esquerda.

CDC. As dúas formacións, realmente antagónicas, —diga o que diga Jordi Pujol, CDC é un partido con claras veleidades socialdemócratas— están agora a partir un piñón, coma quen dí. ¿Qué é o que hai en realidade detrás deste contubernio?. ¿Qué buscan os «lobos ferozes» do PSUC ó facerlle a corte a «caperucita Pujol»? Os respectivos



O DESAPARECIDO PALLACH
Unha figura importante

EN FRENTE DE TARRADELLAS

Por certo que nestes intres estase a producir un curioso fenómeno no mundo político catalán, polo que atañe ás relacións sorprendentemente moi cordiais, pouco menos que versallescas, entre o PSUC e a

programas, non, por suposto. A coincidencia catalanista de fondo, tampouco. ¿Qué é pois que xunque circunstancialmente ó PSUC coa CDC?. Non pode ser outra cousa cá discordancia dos dous partidos coas teses de Tarradellas polo que se refire ás negociacións co Goberno Suárez. Agora ben, ¿cánto vai durar esta «alianza» de come-

nencia?. O que dure a necesidade de facerlle frente ó Presidente da Generalitat no esilio. Porque está claro que nin os vellos raposos do PSUC engañan a «caperucita Pujol» nin este «novo raposo» da política catalá se deixa enganar por ningún.

PSUC E PSOE, POR LIBRE

En relación coas próximas eleccións, tanto o PSUC coma o PSOE, teñen decidido ir os comicios sen xungirse a ningún outro grupo político. O PSUC sitúase tamén neste eido fronte a Tarradellas, que propón unha alianza de tódolos partidos cataláns pra conseguir unha maioría especificamente catalanista nas cortes constituíntes.

A postura do PSOE é semellante. A Federación Socialista de Catalunya irá en solitario ás eleccións. Non hai moito que rexeitou a proposta que lle fixo o PSC (C) de ir a unha única candidatura socialista. Josep María Triginer, secretario xeral do PSOE catalá, afirmou que «a única posibilidade de acordo pra formar unha candidatura unitaria sería se isto leváse tras de si un acordo político máis amplo, e non simplemente limitado á coxuntura electoral».

MOITA DESUNION

Esta desunión da esquerda marxista en Catalunya, este anxeio de confronta-las súas propias forzas coas dos demais partidos, mesmo os de esquerdas, pode constituír, nas próximas eleccións, un factor que contribúa decisivamente ó trunfo das dereitas e á perda dunha ocasión clave de democratiza-lo país. Namentras, o Partido do Traballo de Catalunya propón un «Frente electoral democrático» e —tras a morte de Pallach, que pode ter coma resultado a desfeita do seu partido— o PSC (C) téndelle tímidamente unha man ó PSC (R). O horizonte electoral non se presenta moi «halagüeño» que diga-mos prós partidos democráticos —os especificamente cataláns e os que non o son tanto— que parecen teimosamente xogar co lume en Catalunya. Un lume no que a dereita recalcitrante pode queima-las ilusións democráticas pra un longo período.

Un plan de metas concretas



Din que o máis importante sempre queda por decir, e eso pásalle á Reforma-Agraria proposta por Ramón Tamames no seu recente libro, ¿a dónde vas España?, do que reproducimos a continuación os puntos máis significativos:

«Nunha perspectiva de futuro non poden aceptarse máis plantexamentos estrictamente tecnocráticos. Compre deixar ceibe a voz do campo pra que os seus anxeos poidan se-la base da planificación económica.

O sector agrario está a necesitar dun impulso, dun alento, que saia do puramente economicista, dalgo que poña en pé ós labregos en favor dunha causa clara e positiva.

Estabelecer unha política efectiva de concentración de explotacións, que non require grandes inversións pra algo que en definitiva non é outra cousa ca suprimir valados e lindeiros. Esa concentración pode facerse en grande parte ó traveso da política de precios.

Así pois, hai que plantexar cá vai se-la dimensión media por explotación: en regadío 200 Has. e en secano, 1.000 Has. cifras absolutamente conservadoras, co que os 2,4 millóns de explotacións agrarias españolas de hoxe poderían pasar en dez anos a 14.500 en secano en 17.500 en regadío; é dicir, un total de 32.000.

O número de persoas sería de vinte por explotación tanto en secano coma en regadío. O total de agricultores quedaría en 640.000 e en 840.000 considerando gandeiría e máis sector forestal. Podería decirse que é unha utopía pasar de 3.425.000 a 840.000 traballadores no sector agrario, pro se efectivamente aplicasemos índices norteamericanos (ou dos millores koljoses e sovjoses soviéticos) as cifras serían aínda moito máis baixas. Unha grande parte destes agricultores, en función da súa avellentada pirámide de poboación pasarían directamente á xubilación ou a posicións de retiro máis ou menos atenuado (polo menos millón e medio). Os máis, aprosimadamente un millón, pasarían á industria e servicios.

FUTURAS FORMAS DE PROPIEDAD E XESTION AGRARIAS

A. Areas de propiedade compartida polo capital e máilo traballo: nas zonas latifundistas serían «Corporacións Agrarias de Desenvolvemento Integral» (CORDAI), explotacións en forma de sociedades anónimas nas que a metade do capital social correspondería ó capital real, e a outra metade ós traballadores. Pra que fosen viabeis economicamente terían de contar cunha grande dimensión, 500 millóns de pts. como volume anual de facturación.

B. Areas de propiedade cooperativa: corresponderían ás zonas mi-

nifundistas onde as fases a seguir serían:

1.— Promoción da concentración parcelaria coas milloras complementarias.

2.— Obrigatoriedade de que non resultasen explotacións menores de 1.000 Has. en secano e 200 en regadío.

3.— Fomento da agricultura de grupo pra viabilizalo espresado e chegar a explotacións aínda meirandes.

4.— Creación de cooperativas de produción a nivel municipal, que a longo prazo suportan unha correspondencia entre cooperativa (como entidade de produción) e axuntamento (como ente político).

C. Areas de propiedade social: a longo prazo a totalidade das áreas forestais.

Nos últimos anos a concepción da absorción da agricultura no modo de produción capitalista, parece pasar, como consagran informes tan coñecidos coma o de Mansholt ou o de Vedel, pola substitución dun número limitado de grandes explotacións e a misericordiosa eliminación das restantes. Tema tan polémico, coído que deica agora non fora tratado de xeito tan simplista coma nesta Reforma Agraria proposta por Tamames.

Reducindo os criterios de viabilidade económica á superficie; as di-

ferencias climáticas, orográficas, agrolóxicas e sociáis á existencia ou non de regadío; e utilizando os millores índices de países ben distintos como referencias, chégase inevitábelmente a calquera absurdo. A Reforma Agraria convírtese nun sombreiro de copa do que ledamente van saíndo unha poboación rural reducida en 2,4 millóns, as explotacións en 2,3 millóns, pensións pra 1,5 millóns de xubilados e un millón de postos de traballo (se é posíbel que sexan tres, por aquilo dos emigrantes), e coa varña máxica da política de precios, outeiros enchendo vagoadas, camiños, drenaxes e restantes millores, feitos.

Fixa-las dimensións sen especifica-la actividade ten pouco sentido. Prestabelecer superficie e persoal equivale configurar este-reotipos tan acaídos coma os uniformes do servico militar.

A agricultura supón a ocupación de espacio, e máis alá dunha certa dimensión, os problemas de desprazamento, transporte e control son serios. O custo da seitura por unidade de superficie é moito máis baixa nun campo de 5 Has. ca nun de 0,5 Has.; pro antre ún de 5 de outro de 50 Has., a gañancia é limitada, e non é seguro que antre unha de 50 e outra de 500 Has. chegue a existir.

Enténdase ben que non nego a existencia de economías de escada, senón que o xigantismo sexa algo indispensable.

E.O. Heady e S.T. Souka teñen relacionado mediante a programación liñal o nivel de benestar das comunidades ruráis co tamaño das explotacións nos U.S.A. e chegan a proba-las ventaxas das explotacións medianas que xenerannivéis e renda e de emprego maiores cás das grandes, a costa dun modesto e soportábel incremento de precios.

Noutro senso o estudio de Yukong Huang sobor dunha mostra de 53 países conclúe que non existe talla óptima única pra tódolos países, e ademáis que ésta varía continuamente en resposta á dinámica das condicións.

Por outra banda nesa consolidación democrática, marco político da reforma, na que o noso futuro homologarase ó pasado dos outros, convén evita-las mitificacións. O período 1949-1968, caracterizado pola intensificación da mecanización, introducción de novas tecnoloxías, tamaño crecente das explotacións e redución do seu número, despoboamento e inviabilidade das comunidades ruráis, nos U.S.A., supuxo segundo T.P.Llanos e Q.Paris, unha merma do 39% na participación do Traballo na Renda Total xenerada, utilícense termos neoclásicos ou marxistas. A tendencia ó xigantismo reduciu o nivel de emprego a menos da metade no devandito período e de feito a maior velocidade có conseguinte incremento de salarios.

Falar de explotacións cun volume anual de facturación de 500 millóns de ptas. é inaudito. Voltando ó caso dos U.S.A., no ano 1969 só un 2% das empresas agrícolas superou os 100.000 dólares (uns 7 millóns de ptas.) como cifra anual de vendas.

O cadro I pode servir de referencia a quen queira rir un pouco, calculando as dimensións necesarias pra acadar-las cifras de Tamames. Por outra banda, o capital necesario nessas ideáis CORDAI, é de supor que atinguiría cifras tan altas que a participación dos 20 traballadores no 50% só sería posíbel con algún outro truco de prestidixitación.

Esta Reforma Agraria, libre de economicismos tecnocráticos, causa nidia e positiva que porá en pé ós labregos, é un burdo remedo do que baixo o réxime franquista chamábase modestamente reforma de estruturas e só, nun gabinete climatizado de Madrid e coñecendo o campo polas conservas, podía ser concebida.

Cifras valeiras e referencias míticas que ignoran a natureza da agricultura como proceso biolóxico no que o home limitase a proporcionar as condicións pra súa boa realización e vixia-lo seu desenvolvemento.

Concentración capitalista nos latifundios e corporativización da miseria a conta dos miserabeis, xigantismo económico e reforma de asilo, benestar rural e despoboamento, xunta-los probes sen amolar ós ricos, liberalismo e centralismo democrático, amalgama non lograda namentres os campos non se arenos despachos.

CADRO I

Actividade	Rendemento	Precio	Producto Bruto unitario
TRIGO	16,17 QM/Ha.	954 ptas/QM	15932 ptas/Ha.
CEBADA	20,63	784	16174
CENDEO	13,33	848	11304
MILLO	39,81	761	7762
LEITE	2476 lit/vaca	12,76 ptas/lit	31594 ptas/vaca

fonte: Ministerio de Agricultura 1975

O continente africano é unha peza dende sempre importante na estratexia política internacional. Rexión pouco conocida, case desconocida, diríase que se presta máis ca outras ós encubrimentos dos manexos dos poderes das «multinacionais» ben representados e defendidos polas grandes potencias. O caso é que dende a perspectiva de Washington esa gran peza formaría parte dun dameiro que inclúe nada menos ca unha nova alianza militar, a OTAS. Este traballo de X. PALMEIRO trata de aborda-los novos comportamentos, derivados dunha nova alianza, defensivo-ofensiva

O. T. A. S.

O continente africano como obxectivo do Pentágono

É curioso cómo se fala moi pouco do proxecto OTAS (Organización do Tratado do Atlántico Sur), nomeado por primeira vez aló polo ano 1973. Xa é unha realidade como peza de recambio pra facer frente por exemplo ós cambios no continente africano e, por qué non, pra impedir outros que non entren nos cálculos iniciáis. A «OTAS» é todo un intento de trazar unha liña militar defensiva — e agresiva sempre que sexa necesario — dende o Océano Índico hastra as costas da América do Sur. Nese espazo a liña barrería a Angola, Moçambique, Madagascar, Rhodesia, Sudáfrica e outros países do continente negro. Os obxetivos tamén están claros. Dun lado impedi-la «penetración marxista» e do outro, garantiza-la supervivencia e fortalecemento dos «valores occidentales y cristianos». Os intereses das chamadas con non pouco eufemismo «multinacionais» quedarían tamén garantizados e fortalecidos.

TODO PREVISTO

A peza de recambio estaba lista dende que os movementos de liberación nacional no continente africano apretaron o acelerador nos enfrontamentos coas metrópolis. Unha parte da estratexia estaba recollida no libro do logo xeral golpista portugués, Antonio de Spínola, «Portugal e o futuro». Chegados ó punto límite no terreo militar, había que buscar saídas, camiños novos pra que as cousas non se torceran sen remedio. Logo, a victoria de Agostinho Neto en Angola e a radicalización dos enfrontamentos en Rhodesia obrigarón á definitiva posta en práctica da estratexia xa preparada. Era a idea do ex-secretario de Estado norteamericano, Henri Kissinger, de que os Estados Unidos non podían permiti-la superioridade militar de ningunha outra nación, «conditio sine qua

non» pra unha «diplomacia» que se precie. Efectivamente, USA intensificóu a súa actividade militar e diplomática ou viceversa no continente negro. En Angola apoióu e sigue apoiando a Holden Roberto, dirixente do Frente Nacional de Liberación de Angola (FNLA) e, ó parecer, membro da CIA dende o ano 1962. Non faltaron tampouco as fortes entregas monetarias ós réximes racistas conducidos polas minorías de raza branca.

COARTADAS NEOCOLONIALES

O «xogo» non fixo máis ca empear coa incorporación, ademais, doutros plantexamentos, axeitados á nova situación. A administración norteamericana, á vista dos acontecementos empezou a mostrarse interesada no que se deu en chamar a solución do «problema das maiorías» en Rhodesia e Namibia. O plan de Kissinger, aínda non descartado polos dominadores, nin moito menos, abarcaba a constitución dun goberno de maioría negra en Rhodesia nun prazo de dous anos, a cambio dunha seire de garantías pra minoría branca e compensacións próas colonialistas em-



IAN SMIT APUNTA DENDE RHODESIA
O neocolonialismo cómprelle novos rostros

peñados en emigrar a outros países. Sacrificábase, pois o réxime racista conducido por Ian Smith pra eliminar un foco de tensión especialmente perigoso pró réxime sudafricano do premier John Vorster, principal aliado USA na rexión. Era, pois, a continuación da política de apartheid por outros medios, o neocolonialismo. A manobra incluía polo demáis un intento de saída negociada en Namibia, sen participación das Nacións Unidas e onde a Organización Popular da Africa Suroccidental (SWAPO) que preside Sam Nujoma, reconocida internacionalmente como único e auténtico representante do pobo namibio, sigue disposta a desenmascara-las maniobras do réxime racista de Sudáfrica, encamiñadas a continuar a ocupación ilegal dese territorio da fronteira sur de Angola.

Tamén Sudáfrica resultaría «tocada» polo plan, por medio dun controlado ascenso das «maiorías nativas» e o apuntalamiento dunha burguesía negra estimulada polas inversións USA.


Esa política propónse en definitiva, impedi-las posibilidades dunha opción de desenrolo económico, á vista do exemplo de Angola, contraria ós intereses «occidentales y cristianos».

As bazas, por suposto, non están xogadas. Siguen as loitas, os medos e os enfrontamentos neses territorios e sigue tamén nun calellón sen saída a traxicomedía da conferencia de Xenebra.

UN PACTO PRO ATLANTICO SUR

Todo eso pode explicar millor a creación e posta en práctica pouco a pouco dun pacto militar no Atlántico Sur. USA trata de mante-lo seu liderazgo a toda costa e a «OTAS» aparece sen dúbida coma un dos mecanismos militares a empregar por Washington pra garantiza-la materialización dos seus plans nesa rexión, un dos obxetivos centrais do Pentágono e unha das principais vías oceánicas agora mesmo.

RESTO DO MUNDO



MATERIAS PRIMAS
Necesidade, control e intervención

Na outra beira do Atlántico, Brasil e Arxentina espresaron xa repetidamente a súa total coincidencia coa valoración e os propósitos sobre a zona espresados polo Pentágono, en defensa da «civilización occidental y cristiana», etc., etc. Non é necesario recordar agora, polo demáis, a situación actual da América do Sur e o entreguismo máis ou menos acentuado ás apetencias de Washington. Brasil, Paraguai, Bolivia, Chile, Arxentina e Uruguai serían seis botóns de mostra no medio, practicamente, doutros vinte.

Coa garantizada participación de Sudáfrica, as concesións tácticas dos Estados Unidos na Africa Austral quedarían aseguradas pola constitución dunha nova alianza militar, irmá da OTAN. O feito de que non se fale da «OTAS» dunha maneira clara obedece a que aínda non se conta cun estado de opinión favorábel e a que aínda sigue xogándose coa distensión. Sin embargo, o proxecto sigue o seu camiño pra tratar de contrarresta-la influencia que a Unión Soviética poida exercer no Atlántico Sur dende a súa cabeza de ponte de Angola.

E moito o que está en xogo pra non tratar de imponerse e impoñer.

Galicia, país vello e forte, case non conserva xa nin nos libros de historia os seus costumes antergos, máxicos e lexendarios. Neste traballo descríbese o rito do casamento, cerimonia que, coma tal rito, pode darse por desaparecida nos primeiros anos deste século.

O rito milenario do casamento

Cravándose a navalla nun dedo, o mozo facíase sangue que, misturada co viño, lle daba a beber á rapaza dos seus quereres. Se ela bebía do viño, o matrimonio podíase dar por apalabrado.

Cando a muller non cedía, o mozo e máis un amigo ían coller unha víbora que, cunha agulla enfiada, atravesaban de ollo a ollo. Se o rapaz conseguía facer, con aquela agulla e aquel fío, un cosido na roupa da ingrata, a muller tiña que ceder.

As mozas, aínda que máis pacíficas, tampouco perdían o tempo. Pedíanlle ó San Antón noivo deixándolle ben claro que, se o home non viña por elas, afogarian unha imaxe do santo no río. Tamén ían a San Andrés de Teixido pra colle-la **herba de namorar**, que sempre levaban na faltriqueira pra botar man dela cando viran un bo mozo. Outra costume que tiña moito predicamento entre as mulleres era o de espetar un alfinete no corazón dun boneco que representara ó home anceiado.

UN BO OFICIO: CHUFON

Cando a un home lle gustaba unha muller moito matinaba pra preparar encontros «casuáis», fora polos camiños, no agro ou á saída da misa. Se á moza non lle disgustaba ese home, ben sabía cantar ela pra darlle sinal de onde se atopaba.

Era costume dalgúns sitios non deixar cortexar rapaza da parroquia se o pretendente non era da mesma comunidade. Sóio o deixaban en paz cando **pagaba o piso**, ou **pagaba entrada**: invitación a unha comida pa tódolos mozos da parroquia. Isto pasaba moito pola parte de Melide onde, aínda ás veces, o obrigaban a pagar varios convites. De tódolos xeitos, tamén é certo que, pola escasez que de mozos había, en moitas parroquias o forasteiro era moi ben mirado, sempre que non tecese de levar unha das mozas xa pedidas.

Ningunha boda podía ir adiante sen o **chufón** (o que chufa, o que recomenda). Este home, de total confianza do pretendente, era quen tiña a misión de explorar no sentir dos pais da rapaza e, se o asunto levaba boas trazas, de remata-lo trato e as condicións da

boda. Este home cando facía ben o seu traballo, recibía, como premio ritual unhas botas. Homes houbo que fixeron desto a súa profesión. Estas rondas de amor non sempre saían como querían os namorados. Casar unha filla era unha inversión e había que sacarlle boa rentabilidade. Así, poucos amores de probes con ricos remataron ben e, pola contra, non foron escasos os matrimonios apalabrados case sen conecerse os noivos.

ESCOLLE-LA DATA

Pedida xa a rapaza polos pais ou uns parentes achegados, lense as **monicións**, ás que non poden

asisti-los futuros esposos. O día da primeira amonestación, era o día do **albaroque** festa de despedida de solteiro que se celebra cunha cea, na que os amigos non paraban de facer bulra e comentarios de moita sorna e retranca. Se non había cea, os mozos ían en cencerrada, facendo gran algarada, hastra a casa da moza onde queimaban raspaduras de cornos e cantaban responsos de difuntos.

Antes de saír prá igrexa, os noivos recibían «as bendicións» por parte dos pais. Ir casar sen o consentemento familiar era cousa moi mal vista pola comunidade.

Prá boda, escollíase moi ben a data. Se prometía choiva, millor, que

a auga era sinal de que os esposos serían riquísimos; se era día de neve, habería moita felicidade nesa casa. De moi mal agoiro era que o acompañamento da boda se atopase cun enterro. Tampouco casaban no mesmo día dúas irmás, xa que pra unha viría fortuna e prá outra, desgracia. O que xa ninguén quería era casar pola Pascua ou pola Coresma e moito menos en martes que fora día trece.

O día do casorio é día de moita sona e corido. Os mozos iban da cabalo busca-la noiva á súa casa, que lle daba a ún deles un xerro de viño. Os outros homes teimaban en facer caí-lo cabalo pra que o xerro vertera. Senón conseguían que caíra unha gota de viño era sinal claro de que o matrimonio tiña felicidade asegurada.

Diante da comitiva ía un gaitero e os homes disparaban tiros. Este é un rito de fecundidade, empregado polos países do Mediterráneo, pra facer fuxi-los malos espíritos. Nalgúns sitios, os escopetazos trocáronse polos foguetes, pesá no refrán que xa advertía dos perigos deste costume: «Casamento con foguetes acaba en moquetes».

O remata-la cerimonia que se fixo —restos do matrimonio laico— na sacristía ou no adro, os casados daban unha volta pola parroquia, mentres os padriños tiraban á rapañota améndoas e doces. Ritual era que a muller levase un ramo de buxo ou oliveira, cheo de larpeiradas prós seus achegados. Este ramo tiña de ser verde pra asegurar a descendencia.

Logo da cerimonia viñan horas de grandes farturas. A primeira comida, o xantar, facíase na casa dela, seudo a cea na do home. Este é costume tan vello que aló, no 1493, os Reis Católicos pedían ós alcaldes que non deixasen facer festas tais. Os Reis castigaban ós que fixeran convites e ós que a eles asistían cunha multa de dez mil maravedís e co desterro do reino de Galicia durante dous anos. Misión do alcalde era, no día do casamento, visita-la cocíña e olla-las potas da casa, co que o home debía quedar ben convencido de que todo aquilo, de ningún xeito, se podía botar a perder.

Respecto dos costumes sesuáis, pola banda de Mondoñedo, practicábase como rito o coito prematrimonial. Pro este costume non estaba espallado por máis sitios, senón todo o contrario: por toda Galicia facíase **tabornada**, abstinencia sexual na noite e seguinte día da boda. E aínda pola parte de Becerreá era habitual facer **Noites de Tobías**: a continencia tiña que durar oito días.

Bibliografía consultada:

Galicia insólita, de Antonio Fraguas. Librigal.

Etnografía galega, de Xesús Taboada. Galaxia.



NA ARMENTEIRA, SEGUNDO UN RITO LAICO MOITAS BODAS FACIANSE NO ADRO DA IGREXA.

Aínda hai labregos, na parte alta de Lugo, que fan os seus cestos. Nos largos e chuviosos días do inverno cortan as canas dos castiñeiros, lábranas e logo entrénzanas pacienzudamente. Será no que recollan as patacas, as castañas, as landras prós animais, as cereixas... Fan cestos neste intre, pro xa non coma antes pró enxoval da filla, porque a filla, polo xeral, casa en Barcelona ou Frankfurt...

En Vigo, no máis antigo e fermoso da cidade, nunha rúa que dá á praza da Princesa, onde está o vello Axuntamento, ahí aínda unha ducia de cesteiros non todos eles artesáns xa, pro na súa maioría fillos, netos e bisnetos dos pioneros deste gremio. Xa só dous ou tres fan cestos, os demais cómparanos. Outros pecharon a tenda e reformárona pra supermercado.

Os cesteiros de Vigo son coma unha república dentro da cidade. Alí naceron entre bimbios, e entre bimbios movéronse toda a súa vida. Hai anos vían pasar ós turistas máis floridos de Inglaterra, Alemaña, toda América... pro agora veñen poucos barcos e, por contra, os chinos e xaponeses encheron o mercado de todo o mundo de palla traballada a precios cos que nin os cesteiros de Vigo, cobrando unicamente a materia prima, podían competir.


«O meu abó —dinos Serafín Suárez— xa traballaba nos cestos; era a industria da casa e fomos bastante ben. Nós xa non pensábase noutra cousa, aprendíamos as catro regras e, despóis, ó oficio, que era o noso porvir. Agora os tempos son outros».

Miramos no seu taller un cesto de bimbio que ten amoreado con outros, costa 200 pesetas e lévalle dúas horas facelo. Unha dona que entra pola porta di que lle vale pra paneira, pro ponlle chatas. É moi caro. Antes, hai dous anos, ela mer-

Unha pequena república na Cidade Vella

Os cesteiros de Vigo

M.^a do CARME PARADA



LLANOS

cóu un por 50 pesetas e era igualiño.

Os cesteiros teñen que ir á porta buscar ós seus clientes e aínda así non os atopan. Tampouco venden somentes a súa mercancía porque hai que intercala-las cousas «made in China»; senón arruínaos o «comercio», que os vende máis baratos. Tamén reciben moita mercancía de Valencia que xa reborda uns precios que nunca se víron nos cesteiros, onde as transaccións eran de cen en cen pesetas. Unha cabeceira dunha cama pódese vender en 4.000 pesetas e un sillón filipino (de Maiorca) en 6.000 pesetas.

MASIFICARSE

Os cesteiros de Vigo son un clan independente. Traballan e venden no baixo da casa e viven no sobrado, nunhas casas de pedra con edras e buhardillas. Un dos conxun-

tos mais armónicos do urbanismo vigués.

—«O meu pai» —di un cesteiro que non quere da-lo nome porque está canso de saír na Prensa e televisión— *tiña catro obreiros e eu estóu eiquí soio, tecendo bimbios nesta esquina. Viñeron unhos homes do «Corte Inglés» a buscarme pra TRABALLAR A VISTA DO PÚBLICO; PRO NON QUIXEN IR. Sempre me díxo meu pai: «Sé o dono de ti mesmo» e penso que máis vale ser cabeza de rato que cola de león. O millor acababa remendando sillas nos grandes almacéns e non me vai.*

Nas tendas-talleres hai de todo, bulas chinas, espellos prás paredes, lámparas en forma de peixes, patelas, berces, gaidas, mesas, sillóns, cochos pra cans, repisas, xoguets, cestiños pra plantas, cabeceiras de camas...

O máis fermoso cicáis sexan os cestos tradicionais de madeira de castiñeiro, as patelas do peixe (hoxe suplantadas polas de plástico que as imitan mal). Unha peixeira explica que as patelas de madeira son millores, pro que son moi pesadas.

AMOBLAR UNHA CASA

Unha casa pódese poñer, case toda ela, con cousas dos cesteiros. E de feito moitos apartamentos de vran están eisí. As dos cesteiros son cousas duradeiras, lixeiras, fermosas, que parecen non ter rachado coa natureza. Algúns cestos, coa madeira fresca, aínda arrecendendo a fraga, son un verdadeiro milagre.

Cicáis non haxa en toda Galicia, dentro das cidades, un curruncho



artesán tan puro e con xentes máis xenerosas e entregadas ó seu antigo oficio. E unha pena que a artesanía galega vaia esmorecendo, pouco a pouco, sen que ningún Axuntamento nin Diputación tomen cartas no asunto.

Dentro de dez, quince ou menos anos, a rúa dos cesteiros, da súa historia artesá, sóo conservará o nome.

—*Parece mentira* —di ún— *o que lles gusta ós da fóra esto que facemos. Lévannos desde as patelas que nos mandan de Valencia. Nunha ocasión tiven que desengañar a un señor de Alicante que me quería leva-la cabeceira dunha cama «¿Non ve que ven de Valencia?» díxenlle. O pior é a competencia que nos fan chinos e xaponeses que, se lles deixan, enchen o mundo de cestos a dous réas.*

—¿E se lles deran subvencións ou os axudaran podía perdurar esto así como está?

—¿*Quén vai axudar a uns cesteiros? Se acaso ven algún periodista coma vostede por eiquí, pro ninguén axuda. Mire, ademáis, por exemplo, o meu fillo é mestre. ¿Vai-se volver cesteiro agora?*



LLANOS



LLANOS



LLANOS

Novecentos sesenta e sete mil douscentos millóns de pesetas constituíen, en cifras exactas, os presupostos xerais do Estado pra o ano que acaba de escomenzar. A actuación estatal en Galicia representou, segundo o noso colaborador Xaquín A. Corbacho, un coste grave pra maioría da nosa poboación nos últimos anos. Agora tra-la aprobación polas Cortes dos presupostos 1977, a tónica parez se-la mesma: continuismo e marxinação de Galicia.

Presupostos Xerais do Estado-1977

Galicia, outra vez, fora

A aprobación polas Cortes dos Presupostos Xerais que van rexir teóricamente a meirande parte da intervención do Estado na economía española en 1977, ofrécese como unha boa oportunidade pra facer algunhas reflexións encol destes temas de indudábel importancia obxectiva. Ante todo compre suliñar que a relevancia económica do Estado nos países capitalistas desenvolvidos ou en vías de desenvolvemento, é fundamental e crecente ó longo do tempo. E isto resulta así e non doutro xeito, polas esixencias que se derivan da propia natureza e do papel do Estado dentro deste tipo de formacións sociais. Dende logo, non imos entrar aquí na fonda problemática que representa conceptualizala natureza do Estado nunha sociedade articulada en clases sociais, pro sí coidamos que é necesario facer algunhas precisións ó

respecto pra tentarmos de enmarcar mínimamente a análise.

En primeiro lugar, preclásase salientar que o Estado ten sempre como razón de ser da súa propia existencia a perpetuación e ampliación do orde social vixente ó traveso de dous mecanismos básicos: o aparello represivo e a organización da persuasión. Neste senso, calquera alteración nas relacións sociais de dominación existentes, terá sempre unha proieción inmediata na estrutura do aparello estatal. En segundo lugar, salientar tamén que a dimensión económica do Es-

tado, neste contexto de xeral conservadurismo, ten unha incidencia directa e indirecta no propio proceso de acumulación do capital, aínda que exista, evidentemente, unha marxe de autonomía relativa e de posibilidades de manobra prós grupos dominados. A modo de exemplo, é perfectamente claro que un Axuntamento democrático e con certa autonomía financeira e de xestión, terá sempre moitas máis posibilidades de cubri-la demanda de infraestrutura e demáis necesidades elementais dos barrios periféricos, que a que nos ofreceron coa súa práctica cotiá os Axuntamentos que tivemos deica hoxe.

Delimitado pois dun xeito breve e en liñas xerais o marco de actuación do Estado neste tipo de países (conservación do orde social vixente e incidencia decisiva no proceso de acumulación do capital), imos centrarnos seguidamente no propio contido dos Presupostos que acababan de ser aprobados.

GASTOS IMPRODUCTIVOS, SERVICIOS SOCIAIS

Unha exposición mínimamente razoada dos 967.250 millóns de pts. de que constan os Presupostos Xerais pra 1977, supón claramente encararse coa análise das dúas dimensións básicas dos mesmos: a estrutura e dinámica dos gastos públicos e a natureza dos medios empregados pra súa financiación.

Polo que respecta ós ingresos públicos non imos entrar en materia por unha razón moi sinxela. Xa son tan ben coñecidas e sufridas pola maioría da xente as características de insuficiencia (coa súa contrapartida inflacionaria) e de falla dunha mínima equidade (fraude, regresividade, etc.) do noso aparello tributario, que resultaría moi pouco

original e reiterativo dabondo insistir aquí no tema. O que sí pode ser interesante neste senso, é destacalo feito de que un sistema fiscal representa sempre un índice moi significativo pra interpreta-las relacións de dominación existentes nun país e nun intre dado. O que faría pensar en algo semellante a: dime canto se recauda e qué impostos hai establecidos, e diréche cal é o equilibrio de forzas que artellan a estrutura social e mais cal é a fase histórica que está a atravesalo desenvolvemento capitalista. Hoxe, a realidade española está a esixir por cada ún destes motivos (inestabilidade social e fase de crecemento económico), unha urxente e fonda reforma fiscal.

Pro onde nós queremos detornar un pouco máis de coidado é nos aspectos relativos ó gasto. Coidamos que unha clasificación socio-económica interesante pra comprende-la intencionalidade dos mesmos tenta agrupalos nas seguintes categorías:

a) *Gastos improductivos*. Cobren as funcións típicamente represivas e da burocracia xeral (Defensa, Xusticia e Policía, Administración, etc.). Sóio afectan á dinámica do proceso productivo en tanto en canto garantizan a continuidade do orde social vixente. A cifra de 346,5 mil millóns de pts. pra este ano, supón unha continuación na estabilidade destes gastos en canto á porcentaxe do conxunto global presupostado, aínda que a dinámica relativa das súas partidas é moi diferente nestes últimos anos. O crecemento maior atópase nos gastos de «Xusticia e Policía» e «Defensa», tal como unha boa lóxica podería supoñer pra axustarse ós tempos que anda a vivi-lo país.

b) *Servicios Sociais*. Son gastos públicos que teñen efectos no abaratamento dos costes de reprodución da forza de traballo, e polo tanto, repercuten dun xeito indirecto no crecemento da plusvalía que se están a apropiar as crases domi-



YÁÑEZ



ACCESOS SIN REMATAR
¿Onde van os cartos de Galicia?

nantes (Ensin, Vivenda, Saúde, Axudas familiares diversas, etc.). Estes gastos, de orixe complexa, son crecentes nos países occidentales e constitúen a base da chamada política social que caracteriza ó Estado do Benestar. Nembargantes, o caso español é neste senso curioso dabondo. Tendo un ritmo de crecemento constante e unha participación superior no total do presuposto (42% en 1977), o seu contido é radicalmente diferente ó do resto dos países europeos. Dous tipos de gastos —ensino e pensións pra funcionarios (cívís e militares)— absorben máis do 80% dos mesmos, e tendo a sanidade, vivenda, etc., uns porcentaxes realmente cativos. Sen dúbida algunha, son as persoas vencelladas profesionalmente ó aparello do Estado as grandes beneficiarias destes gastos públicos, o que nos fai pensar en algo eisí como unha «política social á española».

c) *Infraestructura e outras axudas económicas.* Son gastos que inciden dun xeito máis directo no propio proceso de acumulación do capital, e que van dende as ineludibéis necesidades de infraestructura que orixina a polarización industrial e urbá na actualidade, hastra formas xurídicas máis sofisticadas de subvencións e desgravacións fiscaís que reciben as empresas privadas. Todas estas axudas estatáís ó sector privado da economía intensifícanse dabondo cando hai decrecementos agudos na taxa de beneficios, como está a pasar hoxe. Exemplo evidente de que isto é eisí témolo no espectacular aumento das transferencias de capital, pra este ano (un 52% con respecto ó ano pasado). Por outra banda o conxunto destes gastos, en canto porcentaxe do presuposto, ven diminuíndo últimamente pola restricción que están a ofrece-los gastos orientados na Agricultura.

	1971	%	1973	%	1975	%	1977	%
Gastos improductivos	125,5	33,9	167,5	35,3	242,1	36,9	346,5	35,7
Servicios sociáis	147,1	39,8	177,8	37,5	251,3	38,3	406,7	42,1
Infraestructura e outras axudas	97,5	26,3	128,9	27,2	162,8	24,8	213,9	22,2
Total gasto público	370,1	100,0	474,3	100,0	656,0	100,0	967,2	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio da Facenda. (En miles de millóns de pts.)

AS CONSECUENCIAS NA ECONOMIA GALEGA

Pro cecáís sexa agora tamén unha boa ocasión de prantexármolos algunhas preguntas que poden estar a cavilar moita xente do noso país. Por exemplo: cáis son as consecuencias máis importantes deste programa de ingresos e gastos públicos sobor da ecomomía galega?; ¿de qué xeito están a afecta-lo noso subdesenrolo?; ¿qué crases sociáis galegas pagan a maioría dos impostos recaudados e quén son os beneficiarios principáís dos gastos do Estado?; etc.

Responder a todas estas cuestións non é dende logo unha tarefa moi doada por múltiples e variadas razóns; dende as exclusivamente estadísticas (valeiros na información oficial), hastra todas aquelas dificultades que supón sempre a posibilidade de traslación de determinados impostos, hai todo un vieiro analítico complexo por recorrer. Nembargantes, nós xa temos traballado algo neste senso e coidamos que aínda siguen sendo perfectamente válidas as principáís conclusións obtidas pra períodos anteriores. Podémolas resumir nos seguintes puntos:

1.—En termos cuantitativos, o Estado gasta máis diñeiro do que retira de Galicia se soio se teñen en conta aquelas partidas contidas nos Presupostos Xeráís. O contrario pasa cando se contabiliza a súa actuación ó traveso das institucións financeiras públicas (Banca Oficial). O saldo neto do conxunto do sector público ven sendo relativamente positivo pra nosa terra nestes últimos anos.

2.—Se temos en conta agora aspectos cualitativos do problema, as cousas comencan a valorarse dun xeito moi diferente. Eisí, tanto pola incidencia dos impostos directos coma indirectos, hai pouca dúbida de que son as clases traballadoras galegas as que están a financia-la meirande parte da actuación estatal. Con datos do ano 1974, o IRTP supuña ó 40% do total de impostos directos recaudados en Galicia, sendo as cuantías dos impostos sobor das rendas do capital e das persoas físicas o 8,1%

e 2,4% respectivamente. En canto ós impostos indirectos (que non teñen en conta as diferentes condicións familiares de renda e riqueza), dúas figuras impositivas, o ITE e máis o de Luxo, superaban ó 70% do total dos mesmos.

3.—Máis do 50% dos gastos presupostados teñen o carácter de conxuntivos; ou sexa, están orientados a cubri-las necesidades financeiras do aparello burocrático-militar instalado no noso país. Como este é o froito evidente dun Estado centralista e autoritario, non resulta aventurado engadir que a súa racionalidade funcional e repercusión no benestar social da poboación galega resulte distorsionante a meirande parte das veces. Ademáis, a maioría dos beneficiarios directos destes gastos públicos atópanse nunha situación de privilexio relativo na distribución actual dos ingresos persoáis en Galicia.

4.—Os gastos públicos de capital (inversións directas e transferencias), canalízanse fundamentalmente na promoción e desenrolo do modelo de industrialización que se está a materializar hoxe na nosa terra, e que está definido, como xa se ten dito moitas veces, polo seu carácter de acusada dependencia. Cretos, subvencións, desgravacións fiscaís, etc., constitúen toda unha gran variedade de formas utilizadas pra dirixir recursos públicos cara a certas empresas localizadas no país. O gran capital instalado na GAEIG podería se-lo exemplo máis ilustrativo pra comprender axiña que é o maior beneficiario directo deste tipo de gastos.

En resume, pódese dicir sen medo a grandes erros que a actuación do Estado en Galicia, vía Presupostos Xeráís, representóu un coste grave pra maioría da nosa poboación nestes últimos anos. A regresividade do sistema tributario e a estrutura peculiar do gasto público eisí o parecen avalar. Agora, as Cortes acaban de aproba-los Presupostos do ano que comenza dentro da máis estricta e tradicional ortodosia. ¿Será este programa de ingresos e gastos públicos o que peche por fin unha etapa histórica tan pouco afortunada prós intereses máis xenuíños de Galicia?

YANEZ

Penzol:

Graciñas, tío Marcos.

O pai de Fermín Penzol era de Ponferrada e a súa nai de Castropol, ou sexa, das terras que os lingüistas chaman «do galego exterior».

O Fermín crióu en Mondoñedo e, coma de neno era moi argalleiro, nunha ocasión introduciu unha faba no nariz e tivo que lla sacar o poeta Leiras Pulpeiro, que era o médico da familia.

Por aqueles tempos tivo ocasión de coñece-lo primeiro automóvil que houbo naquela cidade, que era do bispo Solís e que, cando saía, tocaban as campás da catedral pra que a xente arredase do camiño.

Estudiou o bacharelato en Pontevedra e alí en febreiro de 1913, presenciou o asombroso enterro do «Ravachol» —o famo-

sísimo loro de Perfecto Feixó, fundador dos Coros Galegos— : fora, o enterro, unha das grandes manifestacións do humor colectivo pontevedrés.

Os estudos universitarios fíxoos en Madrid e foi alí, lendo «O Tío Marcos da Portela» —que se vendía nun kiosco da rúa de Alcalá, propiedade do xornal «El Debate» fundado primitivamente polo cura agrarista galego Basilio Alvarez—, onde se decatou da existencia das «Irmandades da fala». Pouco tempo pasaría pra que Fermín Penzol entrara no galeguismo.

Xa dende os seus primeiros tempos de estudante, o Fermín púxose a xuntar libros galegos hastra artellar unha inmensa biblioteca que logo donou: a que se pode atopar hoxe en Vigo e leva-

da adiante pola Fundación Penzol.



fiadeiro

Uxía:

Vinte anos esenciais

calquera pode vestir «ben» ou «mal» pra tentar de se diferenciar duns ou pra ser igual ó seu grupo de referencia.

¡Bon disparate!

A nosa rapaza, non. A outros con esa lería do traxeado.

Uxía, que así se chama —nacéu no Berbés de Vigo, pra máis señas—, por nada do mundo se vai poñer en contra de ninguén, sempre a favor e pertiño dos amigos-as, «a quen quero máis ca todo o ouro do mundo», dixo.

Pro eso prefere, sempre que calquera reservista da «moral do Occidente» non llo impida —e eso non vai pasar namentres esteamos nós con ela—, saír de cando en vez das barreiras e suspirar asubiando piano por eses dentes. Suspirar mirando ó teito da súa casa que é, coma quen di, o seu ceo particular, tendo en conta que o colchón —o seu, precisamente— ven ser, sinxelamente, certa terra de promisión.

O que pasa é que Uxía é esencial: un biquiño xeitoso naquel pezón, vaia, abonda pra soñar, pecha-os ollos e saírs corpo adiante coma un tam-tam da selva virxen.

Dende sempre, o xeito de vestir da xente, tivo un significado claro indo dunha banda a outra aparentemente en contra. A xente, determinado grupo social, un individuo



Troco banqueiro



E un chisco de boa fe esto dalgún Banco de ter en conta o noso idioma. Xunto do «Cambio» en castelán xorde agora a nosa voz: *Troco, Cámbeco*. ¿Prá cándoutras cousas e casas coma «Axuntamento», por decir unha calquera? O caso é que, denantes, habería que

trocar, pra lles pór fin, á milleira de barbaridades Galicia adiante con aquilo dos topónimos. E, xa que nos poñemos, o de sempre: ¿Pra cándoutras cousas e casas coma «Axuntamento», por decir unha calquera? O caso é que, denantes, habería que

E un chisco de boa fe esto dalgún Banco. A cousa sucede en Lugo.

CAITANO Por XAQUIN MARIN



XOGAR


Palabras cruzadas

Velahí teñen a solución ó crucigrama publicado no número oito de TEIMA. Nós seguimos co asunto do concurso e que non decaiga: o viño agarda e, pra mostra, pra que non vaian pensar que andamos de troleiros, na próxima ímos manchar con tinto do país unha esquiniña do fiadeiro, pra dar sináis de vida.

SOLUCION O NUMERO ANTERIOR:



CRUCIGRAMA NUMERO 6:



HORIZONTAIS:

1.— Convertín en fariña. Períodos de tempo. 2.— Burro. O que queda por riba do leite. 3.— Homiño cobarde, pousón. 4.— Instrumentos musicáis. O revés, que se queixa moito, choromicón. 5.— Empregarías, utilizarías. 6.— O revés, animal de tiro, macho capado da vaca. Brando. Posesivo. 7.— Acuñara moeda. 8.— Murcha, fai perde-lo verdor. Conta, relata. 9.— Limpar. 10.— Gobernador árabe. Cheira, ventea. 11.— Encaminarase pra eiquí. Posesivo.

VERTICAIS:

1.— Mes. O revés, achéguese eiquí. 2.— Artículo determinativo. Nota musical. 3.— Preposición inseparábel. Dá oubeos. Marchar. 4.— Froitos da nogueira. Berrara o gato. 5.— Conxuntos de ósos, esqueletes. 6.— Animal doméstico. O revés, deus escandinavo do trono. Terceira persoa do singular (femenino). 7.— Sustancia colorante. 8.— O revés, en galego antigo, avergonza. Pouco mestos, moi espaciados. 9.— Contracción. Encerrar un can. Preposición antiga. 10.— Desinencia de aumentativo. Repetido, nai. 11.— O revés, cordas delgadas. A non ser, con escepción.

XANTAR

Lalín:

Feira do cocido

Cachucha, lacón, grelos, patacas, xamón, filloas, requeixo, queixo, mel... queimada logo do viño: aínda o máis parrulo pode apostar, sen medo, por ver quen coce máis o domingo —trece de febreiro— na feira do cocido en Lalín. Fóra navallas (que xa nunca existiron e, se as houbo, eran de mel) e veñean os dentes, iluminados do Deza.

Por pouco máis de cincuenta pesos —o que valéu o ano pasado— vai ferver unha vila enteira pra saír a laconazos das nugallas dominicáis, pra se botar de sí coas mans abertas a puñetazos de imaxinación antre pantasma sorrintes. Pra facer, vintecatro horas, un xogo de

gargalladas coas teimas de cada quen.

Sesenta pesos, ó millor, por aquilo da inflación. Unha tonelada de dinamita e luz namentres a Laxeiro —fillo predilecto da Vila— lle colgan o pergamino das conmemoracións: anos de plástica e lume con homes dos olles quentes, e mozas, e rapaces, e paxaros afiadados, con porcos voadores...

Xogar a dentelladas coas mesmas forzas do antroido.

Con razón, ou seu ela, o caso é ter saúde en Lalín... E ós pes quentes.

¡Monos pór coma o Quico!

BEBER

A Polinesia en Vigo

Amantes das bebidas exóticas e das decoracións monumentalistas teñen un lugar baixo o sol no vigués «Waikiki». Nome tan estraño agacha nada máis —nin nada menos— ca unha especie de bar hawaiano-polinésico onde se poden atopar, e consumir por un precio máis ca razonábel, bebidas que lindan xustamente cos eidos do afrodisíaco.

A decoración á que faciamos referencia antes non axuda precisamente a aumenta-lo encanto erótico que poidera subxacer nas libacións: grandes cortinaxes, peque-

nos «palleiros-sombrilla» interiores e acumulación xeral de obxectos.

As bebidas sérvense en xenerosas racións e pódense tomar colectivamente ó través dunhas lingüsimas pallas que facilita a casa. Por cincuenta ou setenta e cinco pesetas é posíbel quentala gorxa cun arrepiante «Volcán» ou un arrequecente «Terremoto».

Os donos do negocio, contra o que poidera parecer, proceden de Ponferrada, e este é o segundo local que instalan en Galicia. Se lles interesa o invento deanse unha voltiña pola rúa do Ecuador. De nada.

OUVIR

«Da terra e dos tempos»

A cuestión é ben cativa: ¿pra cándoo máis tempo? Porque pouco tempo é media hora quincenal pra tanta Terra coma a nosa, Galicia. Media hora é, ven sendo, o que dura «Da Terra e dos Tempos» cando sae ó vento en Radio Nacional de A Coruña —dúas da tarde, dous xoves ó mes.


Cando TEIMA estea na rúa neste número 9, dez de febreiro, catro horas faltarán pra emisión desta semana: entrevistas e música celta da man de actualidade urxente e actividades culturais, minuto a minuto,

trinta chamadas de comunicación leal e homes sinxelos coma Manuel Caamaño e Xavier Alcalá.

Agora quincenal. Pronto, seica, semanal. ¿Pra cando día a día?

A punto xa trece anos dende que nacera «Da Terra e dos Tempos», temos antre nós dúas memorias: unha cada seis anos. Trátase, en certo sentido, dunhas memorias que son parte desa memoria colectiva, presente forza a forza, dun pobo diferenciado. O NOSO.

A cuestión é ben cativa: ¡Querémolo diario!




VILASO

Nestes últimos días tivemos en Galicia a presenza dun pintor que foi peza clave no concerto da plástica mundial na pasada década: JULIO LE PARC. As dúas cidades que acolleron a súa obra foron A Coruña e Santiago.

Crónica das artes

Julio Le Parc, unha experiencia liberadora

XAVIER SEOANE



VILASO

A iniciativa foi un exemplo do que pode dar de sí o labor de grupo. Traer como se trouxo unha obra antolóxica tan estensa e notábel dun home dunha produción tan solicitada, non deixa de ser un traballo meritório, por esforzo do cal felicitamos a Xosé Ramón López Calvo, creador da idea, que nos trouxo xa, noutras ocasións, a figuras da envergadura de Miró, Tápies, Deira, Tomasello...

En A Coruña, debido á cuantiosidade da obra seleccionada, tívose que amañar en tres salas diferentes, que a espuxeron a un tempo: a da *Escola Universitaria de Arquitectos*, a *Aula de Cultura Lume* e málla galería de arte *Mestre Mateo*. E, despois de toda esta laboriosa montaxe, aínda tería que escarner a un amplísimo sector do público de A Coruña que, como sempre, reaccionou coa súa frialdade sempiterna, coa súa asepsia tradicional, co seu inamovíbel letargo diante de todo o que teña rebasado, dun xeito ou doutro, o impresionismo. Despois desta estancia en A Coruña, unha selección da obra pasou á galería de arte Torques, en Santiago.

Entrando xa na cuestión artística, diremos que Julio Le Parc é un pintor arxentino que, como tantos outros artistas, tivo que emigrar a Francia, onde realizaría o núcleo máis importante da súa obra. Estivo sempre interesado na problemática dos movementos de vanguardia, cos que contactou na súa mocidade na Arxentina. Unha vez en Francia, participa nas pescudas visuais, traballando con frecuencia e progresións, cun grande sentido do azar, ó estudo sistemático do cal se lanza. En 1960, cando xa o seu nome comenzaba a sonar entre os artistas ópticos, cofunda o «Groupe de Recherches de l'Art Visuel», co que traballa hastra a súa disolución, no ano 1968. Pro, denantes desto, xa tiña conseguido o Gran Premio da Bienal de Venecia, no ano 1966, que internacionalizou o seu nome.

A INTERVENCIÓN DO ESPECTADOR

A súa evolución como home e como artista estivo ligada á necesidade de supera-las contradicións da vella arte: pra el, moitas das últimas vangardas, a pesares do seu avance con respecto á arte tradicional, seguían evolucionando apegadas a unha concepción individualista da arte, non participativa. El quixo, aínda que posteriormente volta-se á creación dunha pintura no plano, que a intervención do espectador, do suxeito anónimo, fose auténtica.

Moita xente pensa da arte óptica, que é unha arte «fría», cecáis

debido a que en grande parte é unha arte xeométrica, ou de deseño. Pro eu creo que ante figuras como Le Parc, do que as investigacións en tódolos ordes da plástica son tan importantes, non podemos aplicalo devandito calificativo, pois sóo a grande paixón que guía ó seu creador, a nivel creativo ou a nivel de penetración óptica da realidade, amosan un talento sensibilizado coa arte e co home, emotivo.

Así, os achádegos de Le Parc no mundo da cor, das formas, do espacio, do movemento, ou do mesmo sentido lúdico, son estéticamente válidos. As súas series da gama de catorce cores, ou a dos difuminados do claro ó escuro, amosan ricaz creatividade, profundo estudo da cor, tratamento notábel dos volumes, coherencia global, e, o que cecáis é máis importante, a confección dunha nova linguaxe que, fundamentada nos xogos de cor, nas formas xeométrico-abstractas, amosa a creación dun mundo plástico que soubo abstrae-lo dato directo, sensíbel, real, pra erguer unha linguaxe plenamente creativa, e actual, non esenta de certo simbolismo, a súa concepción global.

AS OBRAS EN MOVIMENTO

No que respecta ás obras en movemento, ou cinéticas, atopamos que as obras de Le Parc constitúen un hábitat peculiar, un mundo pechado, suxestivo e simbólico. A primeira sensación que temos é pois a de achar un mundo especial, un mundo «outro» constituído por unha escuridade suxerente na que se axitan moveis actuautes, feixes de cor espallados que suxiren siluetas, ou fios de fume, ou xogos de luz e sombra, caixas de cadriños luminosos dos que o xogo nos meiguiza... o misterio da luz, en múltiples formas.

E a participación... o espectador pode chegar a pulsar botóns que trocan a natureza da obra e asúme-

no no xogo (eu lémbrome de, ó visítaren a mostra en A Coruña, ollar repetidas veces a nenos de 10 ou 12 anos xogando a pulsa-los botóns, ¿quérese máis sentido lúdico?).

Pra rematar, quero decir que é unha iniciativa interesante traer a Le Parc: enriquece o noso mundo artístico cunha obra importante. A nosa plástica, noutro tempo entregada a un costumismo folklorista e barato, non se pode marxinar de experiencias tan interesantes. Outra cousa é que teña que asimilalas ó seu xeito de ser, á súa personalidade, e non aceptala, en bruto, como iniciativa cultural engaioladora, de alineación alleante.

Galicia, da que a constitución étnico-cultural estivo sempre apegada ó agro e ó mar, ten de percurrir que o rexo embate que hoxendía está a padecer dunha cultura avanzada, xunguida mais ben a unha problemática urbana, sexa peñirado ó traveso dunha lente selectiva que acepte sóo o aproveitábel; pois o outro pode facernos moito mal. E vaia por diante que Le Parc, ben entendido, non aliena, libera.

◆◆◆ Gaiteiros

Manuel Oliveira era gaiteiro de profesión. Tamén era albañil, pro o que lle fa era o da gaita. Hai uns días que se cumpliu o primeiro cabodano da súa morte. Os seus amigos (gaiteiros, albañíes) fixeron unha misa. Con el morréu un dos grupos de gaitas máis coñecidos de Galicia: «OS MORENOS» de Lavadores (Vigo), dúas gaitas, un bombo e o tamborileiro. ¿Quén son estos homes? ¿Quén son os gaiteiros? Naturalmente esto non é unha necrolóxica.

«Levaban corenta e cinco anos co grupo, tocando a gaita, e mesmo chegaron a ir a Madrid, Lisboa, Porto e París pola súa arte —dinos Carlos Oliveira, fillo de Manuel—. E grabaron catro discos: tres pequenos en RCA e un álbum grande de doce cancións en «Zafiro». Todos eran traballadores, pro xuntábanse cando tiñan lecer pra toca-la gaita; tiñan esa idea e facían ben».

E así todos. Manuel adeprendeu a toca-lo instrumento da man do señor Constante, que á súa vez adeprendera do seu pai. O señor Constante ensinaba a toca-la gaita ós nenos que querían e andaban



con él. Logo veu a guerra. A volta, Manuel xuntouse co seu irmán, que adeprendera tamén, e escmenzou o grupo a traballar de veras: as romerías, as festas nas casas, as procesións do santo, o Corpus... Coma tódolos grupos. Xa digo que esto non é unha necrolóxica. Dende o vello gaiteiro de Soutelo de Montes eiquí hai unha vea fonda, popular, entre a llana do albañil e o punteiro da gaita.

X. M.

Xavier Alcalá,

«Pedrón de ouro»

«Sí, eu teño conciencia de pertencer a unha xeneración, eses rapaces que nacemos sabendo que existía a bomba atómica, por exemplo, e que o home abundaba por sí mesmo pra desface-lo mundo; que logo soubemos da existencia da píflula anobulatoria, que se podía face-lo amor sen aquel medo do fillo non desexado... Esto supón unha revolución na idea de *eros* e *tanatos*, dos conceptos de *amor* e *morte*. De eiquí escomenzou a existir un tipo de home diferente».

uns rendementiños (non se pode decir que eran rendementos) que, por outra banda, o seu fillo se adica a estragar en alqueiradas. O longo da historia aparecen unha chea de personaxes que viven e pasan coa fundición hastra que morre o negocio. Un destes personaxes desaparece un día dentro da fundición, cae dentro da coada de ferro e quéreno aproveitar tamén coma ferro pra non perderen a coada. Este é o fio argumental, o pretexto».

Alcalá, cun logo labor nos xornais, ten publicado somentes «*Volter (Seis persoaxes e un fado)*», no ano 72, na colección «*Illa nova*» de Galaxia. Escribe nestes intreos unha novela e traballa nunha chea de cousas máis.

«Verbo da nosa narrativa —di Alcalá— vexo moi boas ideas. E certo que o ensaio interesa máis hoxendía á xente, mais compre tamén unha forma diferente de ensaio, máis asequíbel. Eu sería partidario, por exemplo, da novela de tese, que foi moda hai un século, pro que serviría agora pra moito. En canto ó idioma, comprender en conta que este é un compromiso fundamental no escritor, e moito máis no escritor galego. O escritor ten que traballa-lo idioma, e non o facemos suficientemente, traballámolo pouco, ou poñemos moito esforzo pra pouco rendimento. Todo o mundo se esforza por libre. Eu vexo, por exemplo, valeiros moi graves. Concretamente: o esquecemento ou descoñecemento da literatura portuguesa. No noso caso isto é dobremente grave. ¿Non nos decatamos que temos ahí ó lado, na cultura irmá, unhas posibilidades de enriquecemento do idioma e da creación de mundos máxicos diferentes completamente desaproveitados e ignorados? A literatura portuguesa (coa grande riqueza do Brasil) e máilas letras inglesas son pra min as dúas fontes de coñecemento literario. Vivimos de costas viradas ós portugueses. E isto é moi grave, repíto».



Xavier Alcalá (1947), inxeniero de telecomunicacións, foi premio «*Pedrón de ouro*» pola súa narración «*A fundición*». Dazasete folios e setenta e cinco mil pesetas. «Se botas contas cáseque saes a mil pesos por folio. A cousa está pro que moi ben pagada».

«*A fundición* —explica Xavier a TEIMA/CULTURA— é a historia do que poido ter acontecido nunha vila galega onde de súpeto aparece un señorón, que ven de Cuba cheo de cartos, e ten idea de montar un negocio: unha fundición. Na fundición o noso home explota ó máximo ó traballar e tira

RAMIRO CARTELLE, musicólogo e pianista, e ANTON DE SANTIAGO, tenor, están a facer un importante labor de recolleita e catalogación de «cántigas líricas galegas», que son o equivalente galego do lied alemán. Teñen actuado en varias cidades do noso país. Esta conversa está feita cando a súa estadia en Compostela, o último 18 de xaneiro. Antón, coruñés, investigador tamén do feito musical, posee unha sólida formación técnica e os seus traballos de esculca inclúen os eidos da Historia da Música e da Estética

Conversa con Antón de Santiago

«O problema do compositor galego é que ten de emigrar pra estudar»

XOAN M. CARREIRA



ANTÓN DE SANTIAGO

Teima ¿Qué problemas fundamentais se lle presentan ó estudante de canto?

Antón. Principalmente dous, o formativo e, logo, a falla de oportunidades pra actuar, pra desenrolalo seu traballo. A meirande parte dos grandes cantantes xa non galegos senon españois, formáronse, fixéronse e recibiron a súa oportunidade no estranxeiro. Se escaso poñamos com excepción a dalgúns

cataláns que non tiveron que emigrar pra triunfar. O grave abandono que ven sufrindo a música por parte das autoridades, incide gravemente sobor dos intérpretes novos. Os empresarios rexéitanos pola súa falla de experiencia e, como te decatárás, pouca e ma experiencia se pode ter sen actuar. E un círculo vicioso do que non saes. Polo que se refire á formación, eu teño a sorte de ter como profesora a unha pedagoga extraordinaria que é María Luisa Nache.

EMIGRAR PRA ESTUDIAR

Teima. ¿Podemos falar realmente dunha certa escola galega de cántigas líricas? Ti tes traballado moito esta cuestión.

Antón. Non, se se fala dela coma se pode falar, por exemplo, dunha escola alemana de lied. O problema do compositor galego é que ten de emigrar se quere estudar. Esta aprendizaxe pode subxetivalo ó trocalo na creación dun nacionalismo musical, é decir, falar das cousas dun país coa linguaxe musical do seu país. E unha alternativa. Este nacionalismo non supón merma (Pasa á páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

ningunha da creatividade, como o demostra o caso de Moussaorsky ou Bartok. A Galicia fallóulle este compositor. Hoxendía poida que Groba estea preparado pra dar ese paso; a súa música de cámara parece ir por ese camiño. Pro tampouco podemos esquecer-la importancia grande do factor *receptividade*. A receptividade está condicionada pola formación do público. Que esta receptividade exista ou non pode depender moito da liña que escolla o compositor.

Teima. Poderías explicar esto un pouco máis. ¿Cómo entendes esta formación?

Antón. Penso que leva-la Música (e a Arte en xeral) á xente non pode estar endexamáis en función dunha perda estética. Compre, pola contra, un labor informativo que faga posíbel o achegamento normal a Arte. Coido que a Cultura é un dereito humano tan fundamental coma o alimento, e privar dela a unhas persoas é un crime, un crime de características especiais, pro un crime de lesa humanidade. Este é o problema da Música en Galicia.- Marcial de Adalid, Andrés Gaos foron casos de emigración cultural. A cultura ten dous grandes enemigos: os que a monopolizan e os que, de resultas desto, rexéitanla mirando sempre o accesorio e nunca o fundamental.

MÚSICA POPULAR E CREATIVIDADE

Teima. ¿Cál é a túa postura diante do feito musical?

Antón. Non quero termos medios, a non ser no funcional. A Música, pra mín, samente pode ollarse dendo dous puntos de vista: o auténticamente popular, é decir, a etnografía musical; e, logo, a elaboración artística, manifestación do sentir humano.

Teima. ¿Qué queres decir ó falar de funcionalidade?

Antón. A música entendida pró consumo que, consecuentemente, produce sentimentos anestésicos e que, por disgracia, é o que máis abonda. Falar desto fainos voltar ó problema da receptividade do que falabamos denantes. Coido que este é un claro exemplo de capadura estética. Se o home mira sempre cara á Beleza parece lóxico que nono priven dela. A música, de seu, ten

valor como forma de beleza e non debe aturalo feito de ser servidora ou esclava de connotacións peiorativas e aldraxantes. Calquera que xuzgue a música dende un punto de vista accidental está a facer moí pouco favor e servizo á Música e a sí mesmo, pois ó rexeita-la beleza non a goza (a non ser que estea a exercer a persoal liberdade de non gozala). Todo esto non significa,



RAMIRO CARTELLE ALVAREZ

pola miña parte, un dedapido a unha concepción antropolóxica da música, non: mais ben coido que esta concepción ven enriquece-lo antedito.

O COMPROMISO

Teima. ¿Cómo enténdelo compromiso do músico?

Antón. Coido que ten de nacer dun compromiso persoal que non mate o compromiso artístico. As cántigas líricas de fins do século XIX plantexan o tema da emigración dende a perspectiva da queixa e o laio máis ou menos sublimado ou disimulado. Logo chegou a adoitarse unha postura crítica diante do problema; chegouse ó enfrentamento, á denuncia. Todo esto asegún os tempos. Coido importante que poetas coma Curros, Cabanillas ou Celso Emilio Ferreiro atopan un músico que saiba darlles unha roupaxe musical de acor do coa súa altura poética. O poder comunicativo e suxerente da música é evidente (proba deso é que, o mesmo que con outras artes, téntase utilizar). Esta é outra forma de funcionalismo. Unha música que non estea creada por un artista carecerá de transcendencia.

O grupo ROMPENTE está composto, fundamentalmente, por xente nova á procura de novos xeitos e vieiros prá poesía. Mostra do seu traballo é unha escolma tirada a ciclostil «Crebade as liras» e máilo libro de A. Pexegueiro «Seraogña». Neste pequeno artigo plantexan, dende a súa perspectiva, o papel e máilos problemas da crítica literaria nas nosas letras. ¿Onde están os críticos?

A crítica

Un traballo difícil e sen facer en Galicia

ROMPENTE

¿Qué balance se podería facer da crítica no ano que pasou?

Se a apareción dunha cultura nacional nova, ou o rexurdimento dunha cultura nacional e popular esquencida, ou a continuación dunha cultura esnaquizada e propia dun pobo afogado por patróns culturais alleos e sistemas políticos coloniais, se todo este proceso foi e vai paseniño e nos distintos tipos de manifestacións culturais: poesía, novela, cine, teatro, música, etc. observamos (aunque con diferencias tanto cualitativas coma cuantitativas) un comenzo, unha ruptura, un atopar novos vieiros (dentro dunhas novas perspectivas estéticas) dunha cultura nacional e popular se nestes campos si hai manifestacións claras de que xa existe algo máis ca *decorativismo*, poderemos decir sen medo que a CRITICA raras veces cumpríu a súa función de crítica, quedándose nun cotilleo intelectual irracional e tópico nas súas formas de expresión e análise.

¿Están faltos os críticos do noso país, ou os que fan a función de críticos, de capacidade crítica e capacidade de análise? ¿Compre a función científica e sinceira de divulgación, de comunicación entre a obra de arte e máila poboación? ¿Favorecen co seu labor a creación, non de simples homes fabrís ou de meras pezas de ensamble senón á formación de homes cunha conciencia crítica?

Cando os únicos métodos dialécticos empregados son «*gusta / non me gusta*», como se a obra de arte fora un pastel de mazá, ou fanse as críticas tendo en conta máis a categoría social do creador, ou fanse ne base á súa idade, ou cáese no tópico do bombo e platillo do xa orquestrado... e prá nova produción tense a matriz ou o consolo pater-

nalista que se lle dá ós tontos: «*principiantes*». Cando se toman actitudes de perdoavidas dende unha postura meramente personalista; cando se cae no esquematismo do academicismo e se é incapaz de pasar esa barreira pra penetrar máis no pensamento (contido social e forma da obra), facendo unha análise máis científica e non quedando no simple paseo de fin de semá polo novo produto; cando a preguiza mental se destaca nun crítico xunto coa falla de curiosidade indo parar ó que xa dixo Ezra Pound: «*o erudito, ás veces por egoísmo, non se interesa pola literatura contemporánea. Xoga sobre seguro limitándose á obra que canta xa co beneplácito xeral. Entón o periodista pasa a ser xurado*».

Se todo tipo de produción tanto poética, narrativa, pictórica, musical, non se pode concebir no valdío, e non quere decir esto que estea sometida a unha idea senón que os seus motivos e inspiracións estean no marco dun contido histórico actual e realista, ¿pódese concebir no valdío a tarefa dun crítico?

O se-la manifestación cultural a resultante dunha relación de forzas moí concretas, coma poden se-lo home e máilo contacto co seu medio, e neste medio atópanse os factores político, social e económico, que non alude, senón asume, ó menos como home, ¿poderá o crítico xamáis analizar unha obra sen ter en conta estas determinantes ou «*seres sociais*»? ¿Cándo teremos en Galicia unha crítica sería que nos axude a ir pra diante, revalorizando o pasado e facendo un estudio serio e crítico das novas producións culturais de acordo sempre coa realidade nacional en que son motivadas?



LIBROS

«ACTAS DE LAS PRIMERAS JORNADAS DE METODOLOGIA APLICADA DE LAS CIENCIAS HISTORICAS». III Tomo. **Historia Moderna. Secretariado de Publicaciones. Universidad de Santiago, 1976.**

No mes de abril de 1973 celebráronse na Universidade de Santiago as «I Jornadas...» co gallo do cincuentenario da creación da especialidade de Historia (hoxe xa Facultade). Estiveran presentes un gran número de especialistas e investigadores, algúns de recoñecido prestixio nos eidos da historiografía occidental (E. Leroy Ladurie, E. Labrousse, P. Goubert, H. van der Wee, R. Mousnier, etc.)

As súas ponencias e comunicacións (todas elas referidas á Historia Moderna) están recolleitas no presente volume. Anteriormente saíron dous máis adicados respectivamente a Prehistoria-Historia Antigua e Historia Medieval, e está a piques de saí-lo tomo IV adicado á Historia Contemporánea. A preocupación xeral que caracteriza a todos estes traballos é o interés polas fontes, métodos e problemas cara unha nova perspectiva da historia.

Dos cincuenta traballos deste tomo terceiro máis de quince están referidos a Galicia. O longo de todos eles predomina, cicáis, a preocupación por atopar semellanzas (e non caracteres diferenciadores) da realidade galega con outras áreas xeográficas e culturais da vella Europa. Asegún as nosas noticias, estes traballos están a ser recolleitos nun volume aparte que levará o título de «**Quince trabajos de His-**

toria cuantitativo-serial sobre Galicia», prologados e inspirados todos eles polo catedrático Eiras Roel.

L.O.

★ ★ ★

Isaac Díaz Pardo. «CONTRIBUCION DE URGENCIA AL ENTENDIMIENTO DE LOS PROBLEMAS ARTE/INDUSTRIA».

Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos. nº 18. Ediciones del Castro. La Coruña, 1976.

Díaz Pardo é un dos principais animadores (xunto con Luis Seoane e Xosé Díaz) do Seminario de Estu-

Escolma/TEIMA

dios Cerámicos de Sargadelos, experiencia que entronca coa tradición dunha das esperiencias artísticas e industriais máis interesantes da Galicia do século XIX. Logo dun longo silencio, en 1963 empeza a organizarse o Laboratorio de Formas de Galicia; en 1965 fírmase un convenio con cerámicas do Castro «pra desenrola-la operación Sargadelos»; en 1972 créase o Seminario de Estudios Cerámicos... Da experiencia-Sargadelos compre falar con máis vagar.

Nestes «Cuadernos...» estánse a recoller leccións e ensinanzas resultantes do longo labor que se fai

en Sargadelos; e no n.º 18, Isaac Díaz Pardo plantexa un dos temas que máis se refiren ó complexo artístico-industrial: as relacións, precisamente, entre o arte e a industria. Trátase naturalmente dunha contribución de urxencia, de nocións fundamentais, de primeira esculpta teórica. Definicións de **diseño, diseño industrial, arte popular, arte puro e aplicado, estilo, forma, investigación das formas...** Ideas e nocións que piden, polo seu interés, un tratamento máis polo miúdo, máis de vagar, que desenrole tódalas suxerencias e intuicións das presentes notas.



OS LIBROS DO ANO

«**Sempre en Galicia**», de Alfonso R. Castelao, é sen dúbida ningunha o libro máis vendido no pasado ano 1976, segundo unha enquisa de urxencia que TEIMA/CULTURA realizou entre unha ampla mostra de libeiros galegos. En xeral todos eles coinciden no grande interés polo noso libro por parte dos lectores, sobor de todo polas novas xeracións. Os libros que máis interesaron ós galegos ó longo do ano 1976 foron, amáis do de Castelao, a escolma de poesía que se fixo de Ramón Cabanillas e que publicou Galaxia, «**Unha ducia de galegos**» de Víctor F. Freixanes, «**Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia**» de Francisco Rodríguez, «**Memorias dun neno labrego**» de Neira Vilas, «**Xoguetes pra un tempo prohibido**» de Carlos Casares, «**Xente ó lonxe**» de Eduardo Blanco Amor, «**Antón e os inocentes**» de X.L. Méndez Ferrín. Logo veñen os clásicos.

DISCOS

ESPAÑA, 1936-1939, 25 HIMNOS Y CANCIONES DE LA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA. Nevada. Dial discos S.A. 1976. **Album doble.**

Lévanse as cancións da lembranza, da vista atrás (sen ira nin xenreira, que diría o outro). Cancións como «La sardana de les monges», «El trágala», «Euzko Gudaraik», «Els segadors», «La plaza de Tetuán», «Himno de Riego», etc, son un viaxe pola historia recente. Os arranxos son bos e moi sinxelos, moi axeitados. O disco xoga tamén cunha certa dose de oportunismo.

O derradeiro tema é «Os pinos» (O Breogán). Un longo canto de dez estrofas, que non é o «Himno galego» nin ten nada que ver coa música de Veiga porque repite insistentemente a música da primeira estrofa pra todo o poema. Como agora está de moda esto do «Himno galego (completo)», postos a completar eiquí acabaremos cantando todos o «Queixume dos pinos» enteiro. Trátase de repetir, repetir e chegar ó final. «Os pinos» dura cáseque dez minutos. Que xa é.

DEFENDENDO «TEIMA»

«En resposta á carta de Carlos Ortega Penamaría, publicada no número 5/13-20 de xaneiro.

Querido paisano e veciño Carlos; non estóu da cordo en considerar a TEIMA coma unha revista ó servizo dunha determinada ideoloxía; é máis, falar dun chauvinismo testán é non recoñecer a realidade política, social e económica do noso país. Si a vostede non lle doi ren que a nosa terra siga asoballada, a mín si; si a vostede dalle igoal que a nosa riqueza agrícola e gandeira siga sin esplotar, a mín non; si a vostede non lle importa que sigamos sangrando coa emigración, a mín si; si a vostede trae sin coidado que lle poñan unha celulosa ou nuclear a carón da súa casa, a mín, non. Dígolle todo isto porque si vostede fose realmente democrático non diría que «cada un se raña onde lle roe», e a mín, e supoño que ós que traballan en TEIMA tamén, todo eso non soio nos roe senón que nos doi e corroe.

Por outra banda, eu non considero antidemocráticos os artigos encol do «Referéndum: votóu o medo» —¿acaso non foi medo que moita xente votase pensando que de non facelo íbanlle quitar o subsidio?—, «A rúa era roxa e pedía abstención» —¿a abstención quénela pediron entón, os azules?—...

Xosé Paio Cangado
Madrid

☆ ★ ☆

«Levo leído xa varios número desta revista, e penso que chegou o intre de facer comentarios. A tódolos detractores de TEIMA, que son bastantes, gustaríame decirlles que cavilen sobor do que é editar hoxe un informativo en galego; non lles digo que TEIMA non teña defeutos (aunque eu non llos vexa), pero si que agora, non é fácil sacar un informativo nun idioma coma o noso que aínda ten moito que medrar, sobor de todo nos medios de información. Máis que polas custións máis ou menos «técnicas», polo público a quen vai dirixido; hai que pensar que hoxe o galego falan seutores moi distintos da nosa sociedade, polo tanto chegar a todos eles non é tarefa fácil. E eu coído que TEIMA vai dirixido a un público amplo, porque fala de cousas que lle interesan á maioría da poboación, ¿ou non teñen interese as centrais nucleares, a Seguridade Social, as escolas pra nenos, as comunicacións, por exemplo?. Por outra banda, non é allea á cultura (velahí

está a entrevista con Neira Vilas, os informes de cine, música); e a parte chemómoslle «folklórica», (sen ningún senso peiorativo) na sección «Vieiros». A mín, dende logo, gósta-me moito TEIMA, porque fala das cousas que eu espero que fale. E gustaríame que seguira nesta línea, pra que a xente, ó leela, mire reflexados os seus problemas, e non divagacións mais ou menos abstractas sobor do nacionalismo, separatismo, etc.

Xoan Manoel Estévez Freixeiro
José Antonio, 18
Viana do Bolo-Ourense

☆ ★ ☆

«Son un estudante que sempre que poida leréi TEIMA. Os cinco primeiros números xa publicados parécenme bós, anque algúns por ahí digan o contrario. Pro, xa queríamos ver nos ises que tanto critican na palestra de sacar unha revista diste tipo, niste país de catro provincias.

Nada máis. Deséxovos moita sorte.

Xosé Carreira Vázquez
Robra-Lugo

REFERENDUM: CARACAS DIXO «NON»

«Aínda que nesta veira do océano somos moitos galeguiños de Deus, coído que sería de intrés pra esa outra veira coñocer algunhas cousiñas que están a acontecer nesta colonia. O saber ca sociedade galega de peso eiqúí leva máis de seis anos en máns feixistas, ca axuda da embaixada española, que existe colaboración policial por galeguiños prás policías políticas, tanto española como venezolana, que na farsa eleitoral, o NO outuvo eiqúí máis do sesenta por cento, e moitas coutras cousas de longo falar.»

Xosé A. Corral Iglesias
C/. José Angel Lamas, 14, Quinta Risueña
Caracas-Venezuela

PARTIDISTA «TEIMA»

«Diante de tudo vos quero facer chegar a miña mais cordial nora-ba pola mañífica revista que estades facendo materialmente, aínda que non vos podo dicir o mesmo do contido que é moi pecho e partidista, e fai que moita xente o refugue, o que pode ao longo afundir a revista.

Tendes que facer unha revista pra tudolos galegos, que é o que a maioría do pobo galego aneicia e o

que Galiza está agardando, xa fai moitismo tempo, dende o fondo da noite. Unha forte aperta».

Xiao Foirobal do Pazo
Rúa de Irmandiños, 17
Vigo

☆ ★ ☆

«Xa fai moitos anos que eu agardaba que os galegos tivéssemos unha revista, no noso idioma, imprentada tan ben e cun contido interesante, aínda que o vexo moi partidista e compría que fose mais aberto, nembargantes é unha honra pra Galicia e coído que pra todo o pobo galego... Un saúdo moi forte e ¡Terra a Nosa!».

Xoan Touza Viéitez
Catro Pontes-Chapela
Vigo

ACLARACION

«Estimados señores: con relación á carta aparecida no número 3 do seu dino semanario quixera acrarar que nunca foi a miña intención ferir nin poñer en dúbida a capacidade pedagóxica nin outra calqueira dos meus compañeiros, sinón que considero que o alí descrito é un botón de muestra producido fundamentalmente pola estrutura burocratizante e antiparticipativa que impera nunha gran parto dos nosos colexios.

F. Xavier Fernández Nogueira
Colexio Nacional Comarcal
A Cañiza

¿«GALIZA» OU «GALICIA?»

«Vos quero facer chegar a muña mais fonda felicitación por conquistar que o pobo galego teña xa un órgano de expresión e pola ledicia que os vernos de cada semá experimento ao lér TEIMA, cousa que nos parecía un sono imposíbel fia uns anos.

Suxírosvos, con homildanza, que fagades unha campaña pra unificar

Cartas a Dirección

o nome da Nosa Terra e deixar de sementar o desconcerto antre o pobo, que non sabe esautamente como chamarlle, debendo ser o guieiro Castelao, que, no libro, que algún día será de lectura obrigatoria nas escolas galegas, «Sempre en Galiza», deixóu ben craro sinalado o camiño e o nome: GALIZA. Un saúdo».

Clodio Cabaleiro Montes
Rúa do Bispo Lago González, 24
Tui

INDUSTRIAS E CACIQUES

«Boa xente: eu son un probe analfabeto galego que por sorte tampouco sei moito castelán, e facía moito tempo que andaba dándolle voltas ós miolos pra ver onde poidera atopar unha revista, ou coma quen dí un «Catón» da nosa terra, e dese xeito escomenzar abrindo os ollos e as orellas tanto tempo pechados. Coído que a revista xa nascéu; e agora, ¿se que vostedes a fixeron boa! Non vai quedar puñetera industria porca en pé, nin cacique sin os seus paos no lombo. Eu vexo ben que non se permitan as industrias, sempre que, facendo contas, leven máis mal que ben á xente. E nós coas rías, co mar, ca iauga, e coa erba, podfamos manter mariscos, peixes e gando pra fartar do mundo e andar nos, dunha vez, co fol cheo. ¿E que fan os que poden? Ceibar porcalladas pra que morran os bichos se non queren gardar a vixilia. ¿Non podían vostedes falar na revista de milloras na esprotación do agro e do gando de xeito ca xente desperter do seu sono (coma dí o Himno)? E certo que nalgúns lugares xa se vai adiantando un pouco nesto, mais aínda queda moito por facer. O peor é que, despois de tanto asoballamento, un anda coa mosca tras da orella e ten medo a todo».


Xan Carlos Agra Barrós
Tarabelo, 12
Sada.

Se quiere seguir tendo

unha **teima** independente,

¡¡ suscríbase!!

NOME _____		
DOMICILIO _____		
POBOACION _____		
PROVINCIA _____	PAIS _____	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º _____		
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º _____	DATA _____	
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN _____		
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO _____		



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

NOME _____		
DOMICILIO _____		
POBOACION _____		
PROVINCIA _____	PAIS _____	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º _____		
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º _____	DATA _____	
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN _____		
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO _____		



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradecer lles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,



IBAÑEZ PINTADO POR GOYA


SARGADELOS,


UN CENTRO DE INVESTIGACION E INDUSTRIA NETAMENTE GALEGO

A PLANIFICACION INDUSTRIAL COMO TRADICION INAUGURADA FAI 200 ANOS POR ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ NA SIDERURXIA E NA CERAMICA


7 RAZOS SOCIO-ECONOMICAS DO NOVO SARGADELOS

- 1 — TRANSFORMA MATERIAS PRIMAS DA MESMA BISBARRA...
- 2 — ...QUE MANUFACTURADAS ADEQUIREN 200 VECES MAIS VALOR QUE VENDENDOAS SOIO BENEFICIADAS.
- 3 — A MAN DE OBRA E NUN 100% DA MESMA BISBARRA.
- 4 — UBICADA EN MONTE BAIXO NON ELIMINOU CULTIVOS APROVEITABLES, NIN TROUXO COMPLICACIOS ECOLOXICAS.
- 5 — A INVERSION POR POSTO DE TRABALLO FOI DE 300.000 PESETAS.
- 6 — O DESIÑO E A TECNICA QUE UTILIZA PERTENECE A INSTITUCIOS REIVINDICADORAS DA NOSA CULTURA DIFERENCIAL COMA SON

LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA 

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS 

- 7 — AS POSIBILIDADES DA EVOLUCION DE SARGADELOS ATOPANSE APENAS NOS SEUS COMENZOS.



complexo de industria, investigación e formación que agrama en sargadelos

EDICIOS DO CASTRO

SADA - A CORUÑA. Tfno. 62-02-00

- Libros — PROBLEMAS DA CULTURA GALEGA, en galego ou en galego/castelán.
 — PROBLEMAS DE DESIÑO, COMUNICACION, ARTE E INDUSTRIA, en galego e en castelán.
 — PROBLEMAS TECNICOS PARTICULARES DA CERAMICA, en castelán

- Cadernos —do LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
 —do SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS
 —do DEPARTAMENTO DE PREHISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO